

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9**

### **SESION ORDINARIA DO 25 DE XUÑO DE 2012**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e cinco de xuño do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á

convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días señores e señoras concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria, convocado o vinteún de xuño e que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

Como coñecen os voceiros dos grupos, o goberno propondrá a inclusión dun compromiso diante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para solicitar o reintegro das liquidacións negativas pola participación nos tributos do Estado dos anos 2008 e 2009, para o seu reintegro en 120 mensualidades. Será tratado no punto 6, "Asuntos urxentes", da parte resolutiva.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.-(107).- ACTAS ANTERIORES (SESIÓNS 28.05.12 E 04.06.12).**

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións do Pleno da Corporación ordinaria do 28 de maio e extraordinaria do 4 de xuño de 2012.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se formularon.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

3.1.-(108).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO POR DESEQUILIBRIO NA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DE 2011. EXPTE.

14/142 (483/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 5 de xuño de 2012, a concelleira delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz Vázquez, formula o seguinte informe-proposta:

“A liquidación do orzamento do ano 2011, tivo dous condicionantes. O primeiro, afectou ao estado de ingresos: algunhas das subvencións comprometidas (finalistas) por outras administracións para o seu ingreso no Concello de Vigo no ano 2011 non tiveron a súa entrada na tesourería local, aínda que o Concello executou as accións asociadas a ditas subvención e pese a que se xustificaron os gastos en prazo. Tal é o caso do Plan de rexeneración do Barrio de Teis, no que a administración europea non fixo efectivo o ingreso no ano 2011 e quedaron pendentes de ingreso no ano 2011 máis de 3,5 millóns de euros. Nesta mesma situación estivo a execución do convenio de infraestruturas asinado coa Xunta de Galicia, onde quedaron pendentes de ingreso 2,3 millóns de euros, e a liquidación do Fondo Estatal de Emprego e Sostibilidade Local, no que quedaron pendentes 2 millóns de euros.

O segundo, afectou ao estado de gastos. No ano 2012 a execución do orzamento acadou un 91,12 % do orzamento, o máis elevado dos últimos anos. A execución acadou os 250.243.116,28 millóns de euros.

No ano 2011 concorreron circunstancias excepcionais que motivaron o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que en todo caso, tal e como se evidencia no PEF que se presenta, ten un compoñente puramente conxuntural, polo que o Plan pon de manifesto a consolidación ao remate do ano 2012, sen que sexa necesario acometer medidas excepcionais para acadar o equilibrio.

Os ingresos referenciados, xa foron recadados a esta data, sendo a contía dos mesmos a seguinte: 7.159.637,71 euros de transferencias de capital e 1.116.029,88 euros de subvencións correntes.

Ao amparo do previsto nos artigos 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL) e 90.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento parcial da Lei Reguladora das Facendas Locais (RP), a aprobación da liquidación do orzamento da entidade local e dos seus organismos autónomos, previo informe da Intervención Xeral, correspóndelle ao seu Presidente. Por resolución do 20 de febreiro, o Sr. Alcalde Presidente aprobou a liquidación da entidade e dos seus organismos autónomos. En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do RP, deuse conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realizou, incluíndose na orde do día e dándose conta ao Pleno na sesión do 26 marzo do ano 2012.

En cumprimento do recollido no art. 16 do Regulamento do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de

desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 do decembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (BOE número 264 do sábado 3 de novembro de 2007), no informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal de data de 20 de febreiro de 2012, emitiu informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na fase de liquidación dos orzamentos xerais deste Concello correspondente ao exercicio 2011

Para o sector local, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2010-2012 quedou fixado un déficit máximo para a liquidación do orzamento nas seguintes porcentaxes sobre o PIB:

Estado	Período		
	2010	2011	2012
Liquidación	-0,4	-0,3	-0,2

O artigo 19 do RD 1463/2007, establece que procederá a elaboración dun Plan Económico-Financeiro cando o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria efectuado pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou o realizado pola Intervención da Entidade Local, na forma establecida no artigo 16, sexa de incumprimento do obxectivo individual para cada unha das entidades locais ás que se refire o art. 5 o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades.

O obxecto fundamental deste Plan Económico-Financeiro, é o de restablecer o equilibrio ao peche do ano 2012.

O prazo de presentación do Plan en cumprimento do previsto no artigo 21.2 é de 3 meses a partir de ter coñecemento do incumprimento. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, no seu artigo 23, establece que o Plan presentarase no prazo dun mes a partir de ter coñecemento do incumprimento, outro mes para a súa aprobación e outro para a súa implantación, e dicir, dende que se produce o incumprimento ata a implantación, 3 meses. No caso do plan que se presenta, cúmprese co previsto no Real Decreto 1463/2007 e coa Lei Orgánica 2/2012, en canto ao prazo total, pero non cos prazos parciais, aínda que cando se puxo de manifesto o incumprimento, a norma vixente é o Real Decreto 1463/2012, xa que non estaba en vigor a LOEP.

Contido do PEF: O contido do Plan Económico-Financeiro está regulado no art. 20 do RD 1463/2007, debendo ter como mínimo a seguinte información:

- Relación de entidades dependentes, recollida no art. 2 do REPL, con mención expresa á forma xurídica, participación total ou parcial, directa ou indirecta e delimitación sectorial de cada unha delas de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.
- O informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade

emitido polo órgano competente (Interventor Xeral Municipal), recollido no art. 16 do regulamento.

- Información de ingresos e gastos, a nivel de capítulo, do presuposto ou, no seu caso, da liquidación presupostaria aprobada con desequilibrio e as proxeccións presupostarias de ingresos e gastos do exercicio ou exercicios posteriores ata alcanzar o reequilibrio, cun máximo de tres anos.
- As proxeccións orzamentarias incluírán, no seu caso, as previsións de investimento e a súa proposta de financiamento.
- A información anterior consolidarase e conterà por separado e individual que permita verificar a agregación das diferentes entidades dependentes integradas e os correspondentes axustes de consolidación.
- Explicación individual dos axustes practicados ás previsións presupostarias de ingresos e gastos, en cada un dos anos de vixencia do plan ao obxecto de adecuar a información presupostaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando resulte procedente.
- Memoria explicativa das variacións interanuais nas previsións de ingresos e gastos, con indicación das actividades e medidas concretas a adoptar en cada exercicio e os efectos económicos destas no propio exercicio, e nos sucesivos ata a finalización do plan.

A entidade local poderá completar a información anterior con outra relevante que, na súa opinión, poida ter incidencia na consecución do reequilibrio.

Para a elaboración do PEF, achegouse á consultora a documentación seguinte: Un escenario de endebedamento e dos custes e carga financeira a tres anos tendo en conta a nova operación proxectada para o ano 2012. O plan de amortización anual e os custes financeiros para o citado período. As porcentaxes de recadación e recoñecemento de obrigas do último orzamento liquidado e do ano anterior, tanto da entidade como dos estados consolidados, cadros comparativos da execución dos estados de gastos e ingresos dos últimos cinco anos, porcentaxes de variación. O cadro de débeda. A relación de entidades dependentes e a porcentaxe que representa a transferencia da Entidade Local sobre os ingresos totais de cada un dos orzamentos. O aforro neto económico, o aforro neto legal, o resultado orzamentario, o remanente de tesourería e outra información necesaria para o desenvolvemento dos traballos que se obtén da liquidación e da Conta Xeral correspondente ao ano 2009-2011, que se atopa na información económica da páxina web do Concello de Vigo e que forma parte da documentación que conforma este expediente.

O PEF que se presenta o Pleno da Corporación para a súa aprobación, contén todas as previsións legais, pero ademais proxecta a execución do orzamento do ano 2012, tendo en conta os índices de execución e recadación dos últimos anos.

Non se establecen previsións de futuro, xa que o PEF trata de mostrar o equilibrio

técnico que se vai poñer de manifesto ao peche do ano 2012, sen ter que acometer medida extraordinaria ningunha, xa que como se mencionou a desestabilidade é froito dunha conxunción de variables que coincidiron no tempo, aínda que no ano que andamos están a ter un efecto positivo.

Sen entrar no detalle das cifras que xa figuran no PEF, así como aquelas outras que non están por corresponderse coa liquidación do ano 2011, se tomamos en consideración as variables máis salientables como: o endebedamento, o aforro bruto, aforro neto, o remanente de tesourería, o resultado orzamentario, todas presentan un saldo positivo e unhas marxes moi importantes.

A relación da débeda financeira cos recursos correntes ten un valor que está moi por debaixo tanto do máximo legal, como da media de outros Concellos. Este coeficiente de endebedamento ao remate do ano 2011 era do 37,87 por 100, onde a liquidación negativa polas entregas a conta e a liquidación definitiva dos anos 2008-2009, supuxo un incremento de 12,07 puntos, indicando, polo tanto, que a débeda do Concello con entidades financeiras é dun 25,8 por cen. A débeda orzamentaria por habitante está a baixar dende o ano 2006. Ao peche do ano 2012 prevese un endebedamento inferior ao 35 por 100 (se se inclúen as liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009).

De conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, a aprobación do Plan económico-financieiro correspóndelle ao Pleno da Entidade Local, o prazo máximo para a aprobación do plan é de tres meses a contar dende a aprobación da Liquidación.

En cumprimento do previsto no art. 22 del RD 1463/2007, a Entidade Local remitirá o Plan económico-financieiro á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por ser esta a que ostenta a tutela financeira, nun prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde a aprobación do mesmo polo Pleno da Corporación. O órgano da Comunidade Autónoma será o competente para a aprobación do Plan, unha vez cumprido este requisito se fose o caso, o acordo será notificado por escrito á Entidade Local, quedando a partir desa data expedita a posibilidade de concertar a operación de préstamo prevista no presuposto.

En consecuencia co anterior, en cumprimento do regulamentado no art. 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, e artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, proponse o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo..."

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de xuño, o interventor xeral municipal emite o informe que se

transcribe en relación coa citada proposta:

“Con data de 20 de febreiro do 2012, este órgano fiscalizador, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, emitiu informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na fase de liquidación dos orzamentos xerais deste Concello correspondente ao exercicio 2011. No indicado informe e no apartado de resumo, sinalábase o seguinte:

Cadro resume de capacidades e necesidades de financiamento

Organismo	Empregos		Recursos		Capacidade ou necesidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
<b>Entidade Local</b>	237.483.584,34	12.759.531,940	213.968.086,94	25.408.949,58	<b>-23.515.497,40</b>	<b>12.649.417,64</b>
<b>OA. XMU</b>	7.720.577,04	21.000,00	6.353.436,38	21.726,47	<b>-1.367.140,66</b>	<b>726,47</b>
<b>OA. IMD</b>	7.660.436,80	21.035,42	6.961.325,55	19.307,53	<b>-699.111,25</b>	<b>-1.727,89</b>
<b>OA. EMAO</b>	1.240.096,63	6.000,00	1.394.249,92	7.250,00	<b>154.153,29</b>	<b>1.250,00</b>
<b>OA VIGOZOO</b>	1.588.853,00	13.820,24	1.644.625,76	17.049,75	<b>55.772,76</b>	<b>3.229,51</b>
<b>E. Consolidad.</b>	241.498.976,04	12.821.387,60	216.010.494,07	25.474.283,33	<b>-25.488.481,97</b>	<b>12.652.895,73</b>

Á vista dos datos que conforman a liquidación dos orzamentos da entidade matriz, os estados consolidados, os organismos autónomos administrativos e, en resumo, a unidade institucional, non se dá cumprimento aos requirimentos do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Presupostaria e do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, sendo o sumatorio dos capítulos I a VII do estado de ingresos inferior que a suma dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo tanto a liquidación da entidade matriz, como os estados consolidados non cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En consecuencia co anterior, en aplicación do previsto no apartado 2 do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, no prazo máximo de tres meses contados a partir da data de aprobación da liquidación, deberase aprobar un plan económico financeiro encamiñado a restaurar o equilibrio.

O devandito plan deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación.

O presente informe debe ser posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, por ter previsto o artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das

entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o coñecemento polo Pleno da Corporación do presente informe.

Cun carácter temporal, para o período que se define na táboa seguinte, na fase de liquidación permitírase a presentación dun déficit non superior a unha porcentaxe determinada, a fixar pola Subcomisión de Réxime Económico Financeiro e Fiscal da CNAL, sobre os ingresos non financeiros, equivalente á previsión de déficit en termos do PIB nacional, prevista para cada anualidade do período de referencia. É dicir, o obxectivo de estabilidade queda fixado tal e como se reflicte no cadro seguinte:

Estado	Período		
	2010	2011	2012
Liquidación	-0,4	-0,3	-0,2

En tanto non se avalíen pola CNAL as liquidacións do ano 2011 do eido local, non se poderá ter coñecemento da porcentaxe que representa o 0,3 do PIB sobre os ingresos non financeiros das entidades locais, o cal leva ser cautos en canto á preparación e aprobación dos plans económicos financeiros en cada caso.

Con data 22 de maio de 2011, a Subcomisión de Réxime Económico Financeiro e Fiscal da CNAL, adoptou o acordo en relación coa aplicación da estabilidade orzamentaria das EELL á liquidación dos orzamentos do ano 2011, establecendo que non será necesario a tramitación dun plan de equilibrio económico financeiro, cando as necesidades de financiamento non superen o 4,39 por 100 do ingresos non financeiros consolidados.

Tendo en conta a devandita porcentaxe, e os dereitos liquidados por operacións non financeiras en termos SEC 95 (228.297.242,63 euros), a contía das necesidades de financiamento máximas, para non ter que aprobar un PEF, serían de 10.022.248,95 euros para o Concello de Vigo en termos de cifras consolidadas.

En calquera caso, a porcentaxe non evita a necesidade de tramitación dun plan de equilibrio, xa que o desequilibrio que se obtén dos estados consolidados, é por unha contía 25.488.481,97 euros, que representa un 11,16 por 100 dos dereitos liquidados por operacións non financeiras nos estados consolidados, maior que a conversión do 0,3 por 100 do PIB dos ingresos non financeiros da entidade (4,39% dos INF).

En canto á tramitación dos estados de liquidación, a aprobación da liquidación do orzamento da entidade local e dos seus organismo autónomos, previo informe da Intervención Xeral, correspóndelle ao seu Presidente (artigos 191.3 do TRLRHL e 90.1 do RP). Por resolución do 20 de febreiro de 2002, o Sr. Alcalde Presidente, aprobou a liquidación da entidade e dos seus organismos autónomos. En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do RP, deuse conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realizou, incluíndose na



orde do día e dándose conta ao Pleno na sesión do 26 marzo do ano 2012. Na mesma sesión, pola Intervención Xeral, púxose en coñecemento do Pleno da Corporación o informe sobre o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente a liquidación do orzamento do ano 2011, onde se conta á Concellería de Facenda da Xunta de Galicia e remitíndose unha copia do mesmo.

A partir desa data, tramítase e contrátase, por resolución da Sra. Concelleira de Economía e Facenda de data 17 de abril, con consultora Auditores do Sector Público (ATD), unha asistencia técnica para elaboración dun plan económico financeiro para presentar ao Pleno da Corporación o máis rápido posible o mesmo para a súa aprobación e dar cumprimento ao requirimento contido no artigo 21 do Real Decreto 1463/2007 e no 23 da LOEP. Non en tanto o anterior, o PEF debía esperar a que se fixese oficial pola Subcomisión de Réxime Económico Financeiro e Fiscal da CNAL, a porcentaxe sobre os ingresos liquidados por operacións non financeiras que poderían evitar a tramitación do PEF.

Remítese agora a esta Intervención Xeral, o documento que conforma o plan económico-financeiro, acompañado de proposta para a súa elevación ao Pleno da Corporación, subscrita pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda.

O PEF preséntase dentro dos tres meses que regula o artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, xa que a liquidación do orzamento deuse a coñecer ao Pleno da Corporación en sesión do órgano realizada o día 26 de marzo.

A esta data, unha nova norma legal regula o cumprimento da estabilidade orzamentaria, a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, no seu artigo 23, establece unha redacción cos seguintes prazos: un mes para ser presentado o plan, un mes adicional para ser aprobado e outro mes para para poñelo en marcha, sen que en ningún caso, poida demorarse máis de tres meses dende a constatación do incumprimento ata a súa implantación no prazo de tres meses. Neste caso, o prazo en termos absolutos estase a cumprir tanto no regulado polo Real Decreto 14163/2007, como pola Lei Orgánica 2/2012, aínda que os prazos parciais non son coincidentes co previsto no artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012. Non obstante, esta norma non estaba vixente cando se aprobou a liquidación do orzamento, polo tanto a norma aplicable en canto aos prazos de presentación, estarase o regulamentado no Real Decreto 1463/2007.

No caso do PEF que se somete a aprobación, máis que de poñelo en marcha, xa que non supón adoptar medidas ordinaria nin extraordinaria ningunha, trátase de constatar que o orzamento do ano 2012, vaise liquidar en equilibrio, considerándose os niveis de execución e peche do ano 2011, como excepcionais, tanto no que afectou á execución do estado de gastos como a recadación, que agora, sobre todo aqueles ingresos que proviñan doutras administracións como finalistas, están a ser aplicados neste ano, xerando un efecto positivo na estabilidade do ano 2012 tal e como se fai constar no plan e na verificación da información contable que se tivo en conta para súa elaboración.

Do exame da documentación que conforma o expediente de plan económico-

financeiro, conséntase, en termos xerais, a observancia da documentación formal e información mínima, que se relaciona no artigo 20 do Real Decreto 1463/2007 do 2 de novembro, Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, que é a seguinte:

- Relación de entidades dependentes.
- Informe de avaliación do incumprimento da estabilidade orzamentaria. Este informe xa foi emitido, posto en coñecemento do Pleno e remitido a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Economía e Facenda dá Xunta de Galicia. Agora unha copia do mesmo incorporase ao expediente.
- Información de ingresos e gastos, a nivel de capítulos. Como o desequilibrio prodúcese na liquidación, o resumo correspóndese coa liquidación e as proxeccións presupostarias no seu período de vixencia.
- Plan consolidado e axustes consolidación.
- As previsións de investimento e o seu financiamento.
- Explicación individual dos axustes practicados ás previsións orzamentarias, tendo en conta o SEC-95, en cada un dos anos
- Memoria explicativa das variacións interanuais nas previsións de ingresos e gastos.

O Plan que se somete á consideración do Pleno da Corporación, cumpre coa estrutura formal. Recolle unha serie de información para mostrar a situación económico-financeira actual desta administración municipal e información acerca das razóns que determinaron o desequilibrio producido e a necesidade da elaboración do mesmo.

Na fase de diagnóstico da situación económico-financeira, parte da liquidación dos gastos e ingresos do ano 2009, do estado da débeda financeira e do estado do remanente de Tesourería, efectúase o diagnóstico en base a unha análise orzamentaria derivada do estudo da estrutura dos ingresos e gastos e a súa evolución, así como as principais magnitudes orzamentarias: Resultado orzamentario, aforro bruto, aforro neto orzamentario e a carga financeira; se avalía o grao de realización de ingresos e gastos, en orde a examinar a eficacia recadatoria e pagadora desta administración municipal a través da porcentaxe de ingresos e pagos sobre dereitos e obrigas recoñecidas, avalíase igualmente o nivel de endebedamento municipal e o estado do remanente de Tesourería.

Toda a análise ten como obxectivo obter as series a aplicar, que abarcan aos exercicios 2009-2011, ambos inclusive, e proxéctanse sobre o orzamento aprobado para o ano 2012.

Os resultados e conclusións derivados da análise e que se recollen no documento, son coñecidos, na medida en que son os xa reflectidos nos informes e estados contables e económico-financeiros elaborados por esta Intervención Xeral con ocasión da liquidación do orzamento dos exercicios que son obxecto de análise e da conta xeral. A maior parte da información que é obxecto da análise, está externalizada, xa que a mesma está a disposición de todos os axentes interesados

na páxina web oficial deste Concello.

O PEF está construído sobre unha base certa histórica, tendo en conta os estados de liquidación dos últimos anos, así como as porcentaxes de recadación tanto do exercicio corrente como dos pechados, e os índices de execución dos estados de gastos, proxectando unha media sobre o orzamento do ano 2012 ata a súa liquidación, obténdose un novo estado onde se avalía a estabilidade orzamentaria novamente así como a magnitude máis relevante dos estados de liquidación como é o remanente de Tesourería provisional ao peche do ano 2012.

O horizonte temporal do plan é dun ano, aínda que o artigo 20 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, prevé a posibilidade de alcanzar o equilibrio en tres anos, considerouse axeitado buscar o mesmo no prazo máis curto posible, por iso, preparouse este Plan para un ano, dando así mesmo cumprimento ao horizonte temporal que fixa a LOEP.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, no seu artigo 21, plan económico-financiero, establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a administración incumpridora formulará un PEF que permita que nun ano o obxectivo de déficit cero. En consecuencia, o horizonte temporal previsto no plan, é coherente co previsto na Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria.

O plan que se está a tramitar non ten que acudir a estimacións de ingresos máis alá do ano natural, nin xustificar as variacións da economía en termos do programa de estabilidade aprobado polo Goberno da nación para o período 2012-2015, xa que o único ingreso, que é moi importante, a cesión nos ingresos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, fíxose a previsión tendo en conta o previsto pola Administración do Estado e estase a cumprir exactamente de acordo as previsións efectuadas.

O PEF que se presenta ao Pleno da Corporación, dá cumprimento ao contido no artigo 12 da LOEP, da regra de gasto, xa que, tendo en conta que a posibilidade de variación do gasto non financeiro para o ano 2012, podería ser dun 3,23% en relación co do ano 2011, calculado de acordo ao previsto no artigo 8 bis do derogada Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro. A variación inicial foi dun (3,31), é dicir, negativo. As cifras orzamentarias por operacións non financeiras sen deducir ningún tipo de gasto, é dicir, os xuros de endebedamento, así como aqueles outros gastos que teñan financiamento doutras administracións como poden ser: a subvención ao transporte, o plan concertado, programa de drogodependencia, transferencia ao CZFV, etc, son os seguintes:

P. Consolidado 2011	Exec. Consolid. 2011	P. Consolidado 2012	P. Máximo exe.2012	P. exec. PEF
212.520.112,73	240.927.251,30	207.349.801,67	248.709.201,60	222.549.544,20

Ademais, de acordo aos datos que está a manexar a entidade, tendo en conta os axustes que hai que facer sobre o orzamento para dar cumprimento a regra de gasto prevista na Lei 2/2012, de 27 de abril, LOEP, a marxe que ten o orzamento

consolidado para estar dentro do teito de gasto, é importante, xa que, salvo imponderables difíciles de prever, hai escasas posibilidades de que se poida superar.

En resumo, pódese considerar que as estimacións de execución aplicables aos estados de gastos e ingresos se poden cumprir, xa que as relativas aos estados de ingresos estanse a corroborar e as dos exercicios pechados están a ser mellor que as previstas.

Do mesmo xeito, os gastos, están a ser executados de acordo ás previsións, sendo o importe da execución dos remanentes incorporados moi inferior ca recadación dos ingresos non financeiros de exercicios pechados.

Dado o carácter anual do PEF, quedará sen efecto ao peche do exercicio do ano 2012.

De ser o caso, aos efectos de dar cumprimento ao regulamentado no artigo 24.4 da Lei Orgánica 2/2012, o seguimento do plan farase con carácter semestral, dando conta ao Pleno e á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda dá Xunta de Galicia aínda que, tendo en conta a data na que estase a tramitar o plan, non parece haber marxe para que se produza ese informe semestral, xa que se vai liquidar o orzamento con anterioridade e o plan está previsto para o ano 2012.

En cumprimento do previsto no artigo 23.4 da LOEP, ao PEF, daráselle a mesma publicidade ca prevista para a tramitación e aprobación dos orzamentos.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 18 de xuño de 2012, ditaminou favorablemente a proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda citada anteriormente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O pasado 26 de marzo trouxemos a este Pleno a liquidación do ano 2011, nela dabamos conta de que os gastos executados por este Concello para a cidade ascenderon a 250 millóns de euros, dos que 54 millóns destináronse a investimentos.

Demostrabamos así o noso compromiso coa cidade porque a estábamos mellorando coa reforma de rúas como a de Brasil, Panamá, Aragón, Casco Vello, Ramón Nieto, Martínez Garrido..., outras actuacións como as da Pinacoteca, construción de novas garderías como as de Casiano Martínez ou Tomás Alonso, o investimento en catorce comedores de colexios públicos, nos patios; tamén demostrabamos que fixéramos unha clara aposta social con maior volume de

recursos destinados a axudas de libros e de comedor, asistencia domiciliaria ou mesmo as bolsas de inglés onde 500 rapaces puideron gozar dunha estancia en Inglaterra de tres semanas, convivindo alí con outros rapaces ingleses e polo tanto mellorando o seu reforzo na lingua inglesa.

Tamén demostrabamos que, ademais de executar un orzamento por 250 millóns de euros, en remanentes conservábamos 82 millóns de euros demostrando o bo estado financeiro das nosas arcas. Tamén que se reducía a carga financeira, de 75 euros por habitante pasaba a 43 euros por habitante e reducíamos tamén o período medio de pagamentos de 50 a 32 días. Demostrabamos así o cumprimento do compromiso de pagamento aos noso provedores.

Pero se este Concello mantivo os seus compromisos e foi dilixente á hora de efectuar os seus pagamentos, non todas as administracións o foron á hora de facer efectivos os seus compromisos de pagamentos con administracións coma o Concello de Vigo e así houbo administracións que atrasaron o pagamento, non o fixeron efectivo ao 31 de decembro de 2011 e entraron os pagamentos logo desa data.

Isto tivo unha repercusión no que se coñece como a estabilidade orzamentaria que contempla como remate do período o 31 de decembro e o criterio de caixa, é dicir, que nesas datas os cartos tiñan que estar ingresados, pero dito ingreso de cartos fíxose logo do 31 de decembro.

O pasado abril o Sr. Rajoy aprobou un novo decreto no que se di que cando unha administración incumpre a estabilidade orzamentaria é necesario presentar un plan económico-financieiro que devolva a estabilidade no período dun ano e iso é o que traemos a este Pleno: un Plan económico-financieiro que demostra que sinxelamente co orzamento que acabamos de aprobar hai uns días, tal e como se di no informe da Intervención, cúmprese o obxectivo da estabilidade orzamentaria. O Plan económico-financieiro demostra tamén a boa situación da Tesourería, do estado de remanentes e que non é necesario realizar ningún axuste complementario, sinxelamente coa aprobación de orzamento, que xa o está, cúmprese o obxectivo de estabilidade.

Vou ler as conclusións ás que se chega no informe económico-financieiro que son claras e contundentes: “Tal e como se puxo de manifesto na análise anterior, a situación de inestabilidade orzamentaria ao peche de 2011 débese a unha

situación conxuntural e non estrutural. Por este motivo o orzamento do exercicio 2012 aprobado garante o cumprimento da estabilidade orzamentaria no prazo dun ano e, como se describiu, as hipóteses e cálculos aplicados seguindo un criterio de prudencia confirman a validez do plan e dos orzamentos que permiten recuperar a estabilidade orzamentaria. Por iso e tendo en conta a saneada situación da Tesourería, non se estima necesario acometer medidas de corrección estrutural no exercicio 2012”.

É dicir, coa aprobación do orzamento para o ano 2012 queda asegurada a estabilidade e polo tanto queda cumprido o requisito que esixe nestes momentos o decreto de Rajoy de presentar un plan económico-financeiro que devolva a dita estabilidade nun ano.

Debeuse a unha situación conxuntural motivada polo feito de que outras administracións non efectuaron os seus pagamentos antes do 31 de decembro, senón que o fixeron logo desa data e polo tanto isto é sinxelamente un acto administrativo porque, tal e como demostra o plan, a estabilidade xa está corrixida, os pagamentos, aínda que logo do 31 de decembro, xa se fixeron efectivos e polo tanto o Concello de Vigo recuperou a estabilidade. Unha situación conxuntural motivada porque outras administración non efectuaron os pagamentos ao Concello de Vigo antes do 31 de decembro, senón que o fixeron con posterioridade a esa data.

SRA. VELOSO RÍOS: En cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria hoxe temos que aprobar un plan económico-financeiro por desequilibrio na liquidación orzamentaria de 2011.

Durante moitos anos nas administracións públicas chegaron mesmo aprobarse orzamentos con déficit, como facía nos anos 90 a Xunta de Galicia gobernada polo Sr. Fraga. Pero agora non só é preciso cumprir a lei e non aprobar orzamentos con déficit, senón que tamén temos que garantir un equilibrio orzamentario destinado a acadar o famoso déficit cero que se converteu no credo dalgúns gobernos, e que todo o superávit das administracións se dedique, non a gastos ou a investimentos, non a atender as necesidades da cidadanía, senón a amortizar débeda.

Iso é o que se pretendeu con esta lei que se aprobou polo goberno do Estado: pagar débeda a costa do que sexa. Aínda que en realidade a costa do que sexa

non.

Cando falamos de pagar débeda a costa do que sexa, estamos falando a costa da sanidade, da educación, do emprego, pero non por suposto a costa do rescate das entidades financeiras. Por certo, as mesmas entidades financeiras ás que lles temos que amortizar a débeda *“a toda máquina”* porque a costa do que sexa, da sanidade, da educación ou do emprego, o que temos é que as rescatar e ademais pagarlles a débeda.

Ademais isto regúlase cunha lei mal elaborada, con ambigüidades importantes que están dificultando o seu cumprimento e provocan situacións moi contraditorias por non estar adaptada ao financiamento local e non contemplar a plurianualidade e os remanentes de tesourería.

O PP ben o sabe e de feito agora están vivindo nas súas propias carnes ao verse obrigado por parte da Xunta de Galicia na Deputación de Pontevedra a presentar un plan económico-financeiro por desequilibrio na liquidación orzamentaria para garantir a estabilidade, en contra do criterio do interventor da Deputación, porque o remanente de Tesourería co que conta para facer fronte ao déficit non o poderá dedicar a gasto ou investimento, senón que o terá que dedicar a amortizar débeda. O Plan da Deputación propón dedicar o 50% a amortizar esta débeda. A ver se iso lle abonda á Xunta de Galicia ou aínda pide máis, porque agora mesmo os gobernos do Partido Popular, tanto na Xunta como no Estado, en realidade o que parecen son os recadadores oficiais dos bancos e xa son quen de converter, aforrar e gastar ou investir o aforrado nun problema para as administracións locais. Esta é a situación actual.

Neste contexto ademais nos atopamos cunha situación completamente conxuntural, como explicaba a concelleira de Economía e Facenda, debido a ingresos previstos que non se recadaron no ano que correspondía, senón que se ingresaron tarde e que tiñan que vir da Xunta e do Estado, as mesmas administracións que están poñendo ás entidades locais nestas situacións tan absurdas e tamén debido á elevada execución do orzamento.

Cando os gobernos se dedican a xestionar o que pasa é que os orzamentos se executan. Cando se trata de manter o déficit cero, como fan os gobernos do Partido Popular, o mellor é non gastar, non executar os orzamentos como fai a Xunta de Galicia con niveis de execución ridículos.

O remanente de tesourería, tan importante para as entidades locais, é aceptable tamén neste caso gracias á redución das obrigas pendentes de pagamento nun 20% entre 2009 e 2011.

Con todos estes elementos o plan prevé a estabilidade nun ano. Segundo a lei poderíamos facer un plan de estabilidade en máis tempo, pero cun ano abonda porque é unha situación completamente conxuntural.

Neste caso no BNG entendemos que, dadas todas estas circunstancias, cómpre aprobar este Plan económico-financeiro para garantir a estabilidade do Concello e así non nos estraña que toda a crítica que se poida facer sexa o prezo por folio do plan.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Dende o ano 2001, ano no que se aproba a Lei de estabilidade orzamentaria, é a primeira vez que se incumpre o obxectivo de estabilidade na liquidación do orzamento.

Vostedes presumen moito pero a súa xestión económica é nefasta. Presumen moito pero non teñen controladas as contas.

Xa sabe todo o mundo que a Xerencia de Urbanismo está crebada cun buraco de oito millóns de euros, buraco que se vai facer máis e máis grande porque para este ano vostedes, os que saben tanto de economía, prevén que gaste dez millóns e medio pero que só ingrese un millón e medio.

Pero tranquilidade, non hai problema que para iso sabemos tanto de economía, subímoslles os impostos aos vigueses, con iso tapamos o oco e non hai máis que falar. É moi grave, Sra. Díaz, ata o interventor avísalles no seu informe da Xerencia Municipal de Urbanismo que están incumprindo a Lei de facendas locais e que teñen que reducir o orzamento, non o aumentar.

Acontece o mesmo co Instituto Municipal dos Deportes que, segundo di o interventor no seu informe que non nós, tamén atravesamos unha situación realmente preocupante e necesita un plan de saneamento para equilibrar as súas contas. Fíxese no que di o informe do interventor: "O IMD só ten capacidade de pagamento para menos dun terzo do que debe". E iso malia que durante os últimos cinco anos, ano tras ano subíronlles os prezos aos vigueses por utilizar as instalacións deportivas. É este o exemplo de boa xestión económica, inmellorable, que sempre venden o alcalde e a responsable de Economía?



Nós pensamos que tan eminentes discípulos de Keynes deberían estar avergoñados porque hoxe as contas do Concello teñen un desequilibrio de vinte e cinco millóns e medio de euros como consecuencia de gastar máis e de ingresar menos. Por iso a Lei de estabilidade obriga a facer un plan económico-financeiro para recuperar ese equilibrio, un plan que se presentou tarde, fóra de prazo; debería terse aprobado antes do 20 de maio, un plan que o poderían ter redactado os técnicos desta casa que teñen categoría, formación e experiencia dabondo, pero a asistencia técnica se lle encarga a unha empresa de Madrid: Auditores do Sector Público. Tampouco hai empresas en Vigo de consultoría e de auditoría como para a encargar a Madrid; eu poderíalles pasar un listado.

Esa é a demostración de seu, Sr. Alcalde, de como axudan ás empresas da cidade porque este é un documento que lle custa a Vigo 7.000 euros, un prezo que non está nada mal sobre todo se se ten en conta que o informe consta de vinte e seis páxinas, á parte dos anexos que se pasaron polos técnicos desta casa, ás que lles hai que descontar cinco da lexislación aplicable e nove do marco e o escenario macro-económico, é dicir, o que tradicionalmente se chama "corta e pega".

En resumo, vostedes compráronlle un informe a unha empresa de Madrid a 580 euros por páxina para que lles diga o que vostede acaba de ler: que hai un problema de vinte e cinco millóns de euros pero que é conxuntural e desaparecerá de xeito espontáneo; vai desaparecer espontaneamente.

Non sei a quen queren enganar con esta chapuza pero non o van conseguir co Partido Popular.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Asómbreme a capacidade que ten o Partido Popular para mentir, enganar, manipular e dicir o que quere, cando e como quere.

Cando hai cinco anos o alcalde gañou as eleccións e situouse coma alcalde da cidade, recibimos un concello crebado, endebedado e sen remanentes. Ao cabo de catro anos esta nefasta xestión levounos a cinco orzamentos para a cidade, douscentos millóns de euros en investimentos, duascenas rúas humanizadas e co menor nivel de endebedamento. Neste momento Vigo é a cidade menos endebedada de España, somos un exemplo para o resto das cidades e é absolutamente mentira que este goberno subira os impostos municipais. Os únicos que subiron os impostos foron o goberno central do Sr. Rajoy e a Xunta de Galicia

do Sr. Núñez Feijóo. Podo citar canto subiron as taxas de gardería, que hai uns días saíu en prensa, podo citar o canon da auga, o imposto de transmisións patrimoniais, o IRPF e así podería citar centos de actuacións de subidas de impostos por parte dos gobernos do Partido Popular.

A súa única crítica é que o Plan económico-financeiro elaborouse por un terceiro. Pero, quen realizou o Plan económico-financeiro que xustificaba a viabilidade da fusión das caixas de aforros? Foi a Xunta de Galicia? Non, realizouno tamén un terceiro e fíxese que custou un millón e medio de euros. Foi contratado pola Xunta, que casualidade, a unha empresa que non é de Galicia. Claro, cando o fai a Xunta de Galicia se pode e cando o fai o goberno municipal non. Quen contratou o Plan económico-financeiro que amosa a viabilidade da Área Metropolitana? Tamén se lle contratou a un terceiro. Quen está a facer os plans económicos-financeiros do resto dos concellos que como nós non cumpriron a estabilidade porque a Xunta de Galicia non quixo pagar?

A cuestión está en que chegamos ao 31 de decembro e a Xunta de Galicia non pagou nin ao Concello de Vigo, nin ao de Nigrán, nin ao de Redondela; deixou a todos os concellos de Galicia sen pagar e xerou inestabilidade en absolutamente todos os concellos. Pero algúns do PP calan, non lles interesa porque é ir contra Feijóo e resulta que aquí están defendendo esa actuación.

Aquí o goberno municipal executou o seu orzamento, investiu na cidade. Que fixo o orzamento da Xunta? Cortouse, en setembro díxose que non se gastaría nin un euro, decidiuse non pagar a provedores, a administracións nin a ninguén. As consecuencias foron que nin os provedores, nin as administracións cobraron e así, como en termos de estabilidade orzamentaria o que conta é o 31 de decembro, a Xunta foi moi fina e dixo que cumpría a estabilidade. Foi porque non pagou, pero arrastrou. O problema foi que a estabilidade, que a Xunta cumpría, arrastroulla ao resto dos concellos. Para non ter que facer un plan de estabilidade, a Xunta si obrigou ao resto dos concellos a elaboralo.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo

municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- En cumprimento do regulamentado no art. 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria e artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, aprobar o Plan Económico-Financeiro, prevéndose de acordo a hipótese de traballo formulada a consecución do equilibrio no ano 2012.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 22 del RD 1463/2007 e artigo 23.4 da LO 2/2012, remitir o Plan Económico-Financeiro á Consellería de Facenda, Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, por ser esta a que ostenta a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días a partir da súa aprobación.

Terceiro.- A verificación do cumprimento do Plan Económico-Financeiro aprobado efectuarase pola entidade local,. A tal efecto o Sr. Interventor Xeral Municipal, en cumprimento do previsto no artigo 24.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Local, emitirá informe semestral relativo ao cumprimento do mesmo nas diferentes fases de aprobación, execución ou liquidación do orzamento, que se porá en coñecemento do Pleno da Corporación. O devandito informe, unha vez que sexa coñecido polo Pleno, trasladarase ao órgano competente da Comunidade Autónoma. No caso que nos ocupa, tendo en conta a data na que se está a aprobar así como a resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, parece evidente que o informe de seguimento vai coincidir co de liquidación do orzamento do ano 2012.

Cuarto.- O Pleno da Corporación deixará sen efecto o plan económico-financeiro que alcanzase o equilibrio en fase de liquidación, aínda que non se tivera rematado o horizonte temporal inicialmente previsto.

3.2.-(109).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 26/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, PARA PAGAMENTOS EN EXECUCIÓN DE DISTINTAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE.15/142 (490/1101).

ANTECEDENTES.- Por resolución de data 6 xuño o Alcalde-Presidente resolveu a incoación dun crédito extraordinario e suplemento de crédito para pagamentos en execución de distintas resolucións xudiciais.

Con data 7 do mesmo mes a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“En relación ás execucións de procedementos xudiciais, están as sentenzas polas que hai que lle facer fronte aos pagamentos á Comunidade de Montes en Man Común de Beade por unha contía de 499.474,88 euros, acumulando xa os xuros de demora calculados polos servizos centrais da Xerencia de Urbanismo ata a data de retaxación do 20/10/2010 e a sentenza do imposto sobre o valor engadido das obras executadas sobre a Praza do Berbés pola concesionaria do aparcadoiro soterrado no ámbito da mesma, onde a sentenza condena ao Concello a devolver o custe do IVE por unha contía de 322.556,21 euros ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As sentenzas de referencia, cuxas copias se achegan, son as seguintes: Procedemento ordinario, RCA nº 8386/2002, Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 16/02/2012, procedemento de execución definitiva 7021/2011 en relación coa execución da sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do 15 de novembro de 2006, confirmada polo Tribunal Supremo en sentenza do 20 de outubro de 2010. Recurso de casación 651/2007.

Sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, recurso 711/2009, no que se condena ao Concello polo imposto soportado como gasto polas obras de humanización da Praza do Berbés.

Así mesmo, en cumprimento do regulamentado no Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais (BOE nº 48 do 25 de febreiro), elevouse ao Pleno da Corporación en sesión de data 26 de marzo, un informe sobre determinadas débedas sen cobertura orzamentaria onde, parte das mesmas, xa estaban previstas nos orzamentos que se someteron a aprobación inicial do Pleno na súa sesión do 30 de marzo, e outras quedaban pendentes, poñéndose xa de manifesto no informe da Intervención Xeral de data 15 de marzo.

En cumprimento do previsto no artigo 4 do citado Real Decreto Lei, emitíronse

certificacións individuais con posterioridade, meses de marzo e abril, que foron comunicadas nos prazos legais previstos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que agora é necesario darlle cobertura orzamentaria para facer fronte aos pagamentos dentro do ano, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Lei.

#### Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 6 de xuño de 2012, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (26/2012 ), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: documentación relacionada co asunto (sentenza, escritos, etc) e resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer para poñer fin ao devengo de xuros de demora e polo tanto un prexuízo para os intereses públicos. A devandita resolución declara de urxencia a tramitación do expediente, xustificando o procedemento nos prexuízos polo devengo de xuros de demora. A resolución, tamén ten a súa xustificación, na relación das certificacións expedidas polo Interventor Xeral en relación co cumprimento do Real Decreto Lei 4/2012.

Incorpórase a documentación relativa á certificación de débedas coñecida polo Pleno da Corporación na sesión do 26 de marzo, que afectan a este expediente, así como unha copia das certificacións individuais expedidas, que agora xustifican a tramitación deste expediente.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 7 de xuño, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

“Remítese a esta Intervención Xeral o expediente que regula unha modificación do orzamento para facer fronte a necesidades inaprazables segundo consta na documentación que conforma o expediente.

En relación ás causas inaprazables que motivan a incoación do expediente que teñen a súa orixe na resolución da Alcaldía de data 5 de xuño de 2012, están as sentenzas polas que hai que lle facer fronte aos pagamentos á Comunidade de Montes en Man Común de Beade por unha contía de 499.474,88 euros, acumulando xa os xuros de demora calculados polos servizos centrais da Xerencia de Urbanismo ata a data de retaxación do 20/10/2010, e a sentenza do imposto

sobre o valor engadido das obras executadas sobre a Praza do Berbés pola concesionaria do aparcadoiro soterrado no ámbito da mesma, onde a sentenza condena ao Concello a devolver o custe do IVE por unha contía de 322.556,21 euros ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As sentenzas de referencia, cuxas copias se achegan, son as seguintes: Procedemento ordinario, RCA nº 8386/2002, Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 16/02/2012, procedemento de execución definitiva 7021/2011 en relación coa execución da sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do 15 de novembro de 2006, confirmada polo Tribunal Supremo en sentenza do 20 de outubro de 2010. Recurso de casación 651/2007.

Sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, Recurso 711/2009, no que se condena ao Concello ao pagamento do imposto soportado como gasto polas obras de humanización da Praza do Berbés.

Así mesmo, en cumprimento do regulamentado no Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais (BOE nº 48 do 25 de febreiro), elevouse ao Pleno da Corporación en sesión de data 26 de marzo, un informe sobre determinadas débedas sen cobertura orzamentaria, onde parte das mesmas xa estaban previstas con dotacións específicas nos orzamentos que se someteron a aprobación inicial do Pleno na súa sesión do 30 de marzo e aprobación definitiva o 4 de xuño de 2012, e outras quedaban pendentes, poñéndose xa de manifesto esta circunstancia no informe desta Intervención Xeral de data 15 de marzo, xa que determinadas débedas non entraban por razón de suxeito no ámbito do Real Decreto Lei.

En cumprimento do previsto no artigo 4 do citado Real Decreto Lei, emitíronse certificacións individuais con posterioridade, meses de marzo e abril, que foron comunicadas nos prazos legais previstos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que agora é necesario darlle cobertura orzamentaria para facer fronte aos pagamentos dentro do ano, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Lei, todo isto sen prexuízo de que algúns acredores se manifestaran voluntariamente por acollerse directamente aos pagamentos polo Instituto de Crédito Oficial, e agora o pagamento haxa que facelo ao Ministerio ou ao ICO. En todo caso, calquera que sexa o procedemento, o Concello de Vigo, vai facer fronte á extinción dos devanditos créditos

Así mesmo, forma parte do expediente a necesidade de suplementar a aplicación adicada ao gasto telefónico, xa que o contrato que se está a tramitar, require dunha dotación maior, xa que no orzamento do ano 2012, minorouse esta dotación en 100.000 euros. Así mesmo, por parte dalgunha empresa, en relación cos pagamentos de anos anteriores, estanse a requirir xuros de mora, polo que é necesario suplementar esta dotación.

Incorpórase a documentación relativa á certificación de débedas coñecida polo Pleno da Corporación na sesión do 26 de marzo, que afectan a este expediente, así como unha copia das certificacións individuais positivas expedidas, que agora

xustifican a tramitación deste expediente.

#### Fundamentos de Dereito.

O artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación dun expediente de concesión de crédito extraordinario no primeiro caso, ou de suplemento de crédito no segundo. No caso que nos ocupa, o expediente contén un crédito extraordinario e un suplemento de crédito.

O citado precepto do TRLRHL, non prevé a posibilidade de tramitación dun crédito extraordinario ou suplemento para facer fronte a obrigas de exercicios anteriores, pero o artigo 55.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, regula precisamente esta situación, polo que, como é o caso, faise unha aplicación supletoria desta norma para aquelas obrigas nadas fóra do orzamento e que correspondan a exercicios anteriores.

Da redacción dada ao artigo 55 pola Lei 47/2003, D. José Pascual García na súa obra Réxime xurídico do gasto público, presupostación, execución e control, interpreta unha concepción máis axeitada do crédito extraordinario e do suplemento de crédito, do que cabe deducir que o decisivo na caracterización do crédito extraordinario ou suplemento de crédito, é o da súa cualificación como tal cando non sexa posible a dotación do crédito a través das demais figuras de modificación, é dicir, para este autor, esta figura ten o carácter de residual.

En calquera caso, no expediente que se está a tramitar, prevese a maioría das aplicacións para gastos para os que non existe crédito ningún no orzamento, aínda que tamén contén dotacións para complementar insuficiencias noutras aplicacións orzamentarias.

Aplic./concepto		Crédito Extr.	Supl.Crédito	Oríxe
3210.6000000	Rec.Ext.Crd. Sentenza XMV en man común de Beade	499.474,88		
1550.6190002	Rec.Ext.Crd. Sentenza IVE CZFV Praza Berbés	322.556,21		
1550.6190099	REC.EXT.CRE. Cocheiras Olívicas, SA aparcamentos	66.631,88		
2310.2279905	Rec.Ext.Crd .Colexio oficial de Farmacéuticos Pontevedra.	11.971,20		
9310.2200101	Rec.Ext.Crd. Subscrición editorial Aranzadi, SA	24.004,73		
9120.2260201	Rec.Extr.Cred. publicidade T. Alcaldia		24.358,23	
9120.2260101	Rec.ext. Alcaldía gastos protocolo		9161,22	
9220.2210401	Rec.Ext.Crd. Vestiario PEYCAR PONTEVEDRA, SL	41.720,63		
9220.2220000	Gasto teléfono dependencias municipais		75.000,00	
9220.2270001	Rec.Ext.Crd. Limpeza Casa Concello, Linorsa, SAU		220.063,93	

9310.3520000	Rec.Extr. Crd, Xuros mora HIDROSCIVIL		50.000,00	
17106190009	Rec.Ext.Crd.Soter. illas e Liquid. P. Barreiro, Movexvial	466.187,52		
1620.2270001	Rec.Ext.Crd. Traslado residuos a Somoza, FCC	322.468,89		
1620.2270002	Rec.Ext.Crd. Contedores, Vigo Recicla	142.124,67		
4310.2279914	Rec.Ext.Crd .Mercado Progreso, Aqualia,	53795,99		
3330.2279912	Rec.Ext.Crd .servizos V-2 Complementos Auxiliares, SA	2.956,48		
3133.2270101	Rec.Ext.Crd. Seguridade, Securitas España, SA		4.934,17	
2210.1620500	Rec.Ext.Crd. Seguro vida 2011, Generali España,SA Segur.		162.276,50	
3410.6310000	Rec.Ext.Crd. Alumeado Campo fútbol Candeán ELINSA	29.910,00		
3130.2130001	Rec.Ext.Crd.Material laboratorio, Gunnebo España, SA	173,77		
3360.2279901	Rec.Ext.Cr Bus turístico, VITRASA		11.992,81	
3330.2260101	Rec.Extr.Cred. Casa das Palabras, SL		460,00	
9222.2210300	Combustible P. Móbil		20.000,00	
420.13	Liquidación definitiva ano 2010			2.562.223,71
Subtotal		1.983.976,85	578.246,86	
Total			2.562.223,71	2.562.223,71

Os recursos que financian a modificación orzamentaria (crédito extraordinario e suplemento de crédito) por un importe de 2.562.223,71 euros, teñen a súa orixe nas contías xa ingresadas na tesourería municipal, polo tanto, ao abeiro do previsto no artigo 177.4 do TRLRFL, conforman un recurso financeiro axeitado para facer fronte á cobertura destas necesidades.

#### Cumprimento da regra de gasto, artigo 12 da Lei 2/2012, LOEP

A evolución do gasto non financeiro atópase dentro dos límites previstos no Real Decreto-lei 8/2011, do 1 xullo, que no seu artigo 3 introduce modificacións ao Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, incorporando un artigo 8 bis (regra de gasto) ao precitado corpo legal, no que se establecen os límites cuantitativos ao crecemento do gasto que unha vez calculado, resulta unha taxa de variación que non pode superar o 3,23 por 100 para os empregos non financeiros en relación co orzamento do ano anterior. En relación co precepto do RD-l 2/2007, a norma foi derogada pola Lei 2/2012, polo que agora estarase á regulación que establece esta Lei Orgánica.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, publicada no BOE nº 103 do 30 de abril, regula no seu artigo 12 a regra de gasto, de tal xeito que as corporacións locais, non poderán superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. O gasto sometido ao control desta variable é o gasto non financeiro definido en termos do SEC, excluídos os xuros da débeda e o gasto financiado con fondos finalistas procedentes de UE ou do resto das administracións públicas. Os ingresos que se obteñan por encima do previsto, dedicaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.



No caso que nos ocupa, o anticipo do 50 por 100 a conta da liquidación pola cesión de Tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, é un dos supostos previstos no acordo plenario de aprobación do orzamento municipal para o ano 2012. Así mesmo, o apartado 5 do artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, obriga ao pagamento das débedas sen cobertura orzamentaria no vixente exercicio 2012.

Non cabe a posibilidade de creación dun fondo de continxencia tal e como regulamenta o artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, xa que o orzamento está aprobado sen ter en conta o mesmo. Polo tanto, as obrigas a atender, correspóndense con gastos feitos, coas sentenzas, as que hai que executar en aplicación do regulamentado no artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e artigo e 173 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Ademais de todo o anterior, a variación do gasto non financeiro segue a estar por debaixo da variación do PIB previsto, estando esta cuantificada para o período 2006-2014, no 3,23 por 100, e a variación dos gastos non financeiros do orzamento, tendo en conta a modificación que se está a tramitar, está en porcentaxes negativos. Considerase polo tanto, que os maiores ingresos poden ser aplicables a finalidade prevista nesta modificación orzamentaria.

Datos obtidos do programa de estabilidade orzamentaria 2011-2014

Anos	PIB real %	PIB previsto %	Media %
2006	4		
2007	3,6		
2008	0,9		
2009	-3,7		
2010	-0,1		
2011		1,3	
2012		2,3	
2013		2,4	
2014		2,6	
	4,7	8,6	
Media de variación deflactada			1,48
Taxa anual de inflación			1,75
Variación dos empregos non financeiros			3,23

Variación presupostaria e teito de gasto sen axustes.

P.N.F. Consolidado 2011	Exec.PNFconsolidado 2011	PNF Consolidado 2012	PNF Máximo exe.2012
212.520.112,73	240.927.251,30 <sup>1</sup>	207.349.801,67	248.709.201,60 <sup>2</sup>

P.N.F. Máximo 2012 s/axuste	Actual + modificacións 31/05	Axustes por f.finalista AA.PP	Orzamento axustado
219.384.512,40 <sup>3</sup>	228.418.185,80 <sup>4</sup>	-18.605.922,48 <sup>5</sup>	209.812.263,32

En consecuencia, o límite de gasto ou teito de gasto para tramitar modificacións orzamentarias con financiamento distinta do que proceda das administracións públicas ou da UE cunha aplicación finalista, queda establecido en 9.572.249,08 euros a partir desta data. Tendo en conta que a contía total equivalente ao 50 por 100 da liquidación pola cesión de tributos do Estado e Fondo Complementario correspondente ao ano 2010, unha vez aplicado ao orzamento a devandita contía, a posibilidade de financiamento de gasto distinto que o finalista doutras administracións será de 5.218.607,87 euros, a partir desa contía os maiores ingresos serán adicados a amortizar débeda financeira.

Os documentos cobratorios que van ser executados na tramitación do expediente están fóra dos prazos legais de pagamento que o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público incorporou pola modificación introducida á Lei 15/2010 sobre a Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais, establecendo en 40 días o prazo de pagamento para o ano 2012. Non obstante o anterior, coa excepción das sentenzas, na maioría dos créditos incluídos na relación xa foron notificados ao Ministerio de Facenda en aplicación da certificación colectiva ou individuais expedidas, en relación co Real Decreto Lei 4/2012, polo que as mesmas serán executadas polos importes notificados sen devengo de xuros

#### Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do TRLRL e ao contido do art. 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais e o contido do previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sociabilidade financeira, as entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán dos seus presupostos axustándose ao principio de estabilidade presupostaria. Entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade presupostaria calquera alteración dos presupostos definitivamente aprobados.

1. Aínda tendo en conta que o artigo 16.3 do Real Decreto 1463/2007, establece que o informe sobre a estabilidade presupostaria emítese de forma independente, dada a claridade e transparencia que se dá neste expediente sobre a estabilidade presupostaria, xa que as partidas que son obxecto de incrementos ou dotacións correspóndense con gastos non financeiros e fináncianse con ingresos non financeiros, non procede realizar axuste ningún, relacionándose o concepto de orixe e de aplicación no cadro resumo que forma parte deste informe.

---

1 Sen axustes

2 Sen axustes

3 PNF ano 2011 x 1,0323 (Variación do PIB)

4 PNFano 2012 + modificacións de orzamentos tramitadas ata a data

5 Axúntase un anexo de cálculo dos axustes.

Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou no seu caso modificados, alcancen en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema europeo de contas nacionais e rexionais o obxectivo de equilibrio ou superávit. A modificación de orzamentos que se está a tramitar, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, encontrándose en equilibrio por ser gasto non financeiro das aplicacións igual ao das orixes non financeiras.

Polo que se refire a publicación dos acordos de aprobación dos orzamentos, que é de aplicación ás modificacións orzamentarias cualificadas como créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, estes veñen regulados non artigo 169 do TRLRHL, que establece

- A modificación orzamentaria inicialmente aprobada exporase ao público previo anuncio no Boletín Oficial de Provincia, por un prazo de quince días hábiles.
- Durante o indicado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.
- A modificación orzamentaria considerarase definitivamente aprobada se durante o referido prazo non se presentaran reclamacións, en caso contrario o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.
- A modificación orzamentaria, definitivamente aprobada, inserirase no Boletín Oficial da Provincia, e os créditos nela previstos serán executivos unha vez que se publique.

### Conclusións

En consecuencia co exposto, a xuízo desta Intervención Xeral, o expediente que conforma a modificación orzamentaria nº 26/12, incoada polo Sr. Alcalde Presidente da Corporación por resolución de data 6 de xuño, e proposta pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda en data 6 de xuño, adecúa o seu contido á normativa vixente, sempre tendo en consideración as limitacións sobre a variación do gasto non financeiro en termos do SEC, considerando que os devanditos gastos que conforman as aplicacións, son inaprazables, en uns casos por se tratar de sentenzas firmes e noutros por ter que dar cumprimento ao regulamentado no Real Decreto Lei 4/2012, e á obriga de facer fronte aos pagamentos sen cobertura orzamentaria dentro do ano 2012. En canto aos recursos que a financian, os maiores ingresos constitúen un recurso dos regulamentados no artigo 177.4 do TRLRFL. Ademais, o expediente da cumprimento ao previsto no Real Decreto 1463/2007 e Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sociabilidade financeira, sendo o órgano proposto para a súa aprobación o competente, informándose a mesma de conformidade.”

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 18 de xuño de 2012, ditaminou favorablemente a proposta citada anteriormente formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Se lles parece aos señores concelleiros e concelleiras, faremos o debate conxunto dos puntos 3.2 e 3.3, aínda que a votación terá que ser por separado.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis vimos ao Pleno para facer fronte á lei, para facer fronte ao pagamento de sentenzas por desastres urbanísticos de actuacións anteriores. A cuestión é que os desastres urbanísticos de antes caen agora e hai que os pagar. O ano pasado tivemos que pagar dúas sentenzas de doce millóns de euros por infraccións urbanísticas de gobernos anteriores. Aquí novamente volve pasar o mesmo.

Vimos con dúas sentenzas urbanísticas, unha por non lle pagar o prezo xusto á Comunidade de Montes de Beade, cuxa sentenza se ordenou executar no ano 2006, polo tanto ningún dos que estamos aquí estaba nese ano e sen embargo o goberno que si estaba decidiu non executar a sentenza. Tamén traemos a sentenza por non pagar o IVE das obras executadas na Praza do Berbés, que tamén é do ano 2006. Que casualidade!

Unha vez máis traemos execucións de sentenzas e tamén o pagamento dunha serie de facturas de acordo co decreto que sacou o Sr. Rajoy en febreiro deste ano, un decreto que en certa medida se salta a Lei de facendas locais que di que hai determinadas facturas que pola súa tramitación se consideran nulas de pleno dereito e sen embargo aquí di que o hai que pagar todo, se tramitase como se tramitase, polo tanto é unha especie de amnistía fiscal.

Nós facemos o que nos manda a lei: traemos as facturas e entre elas está, por suposto, a factura dos mobles do Areal e as de todas as reformas que alí se fixeron sen ningún tipo de fiscalización, sen informe da Asesoría Xurídica, sen control previo e sen expediente porque se adxudicaron a dedo por un valor total, entre o que xa se pagou e o que está pendente, de máis de medio millón de euros cando, de acordo coa Lei de contratos do sector público, con esas cantidades tiñan que ter pasado por concurso público e demais.

Polo tanto xa lles anunciamos que no caso concreto destas facturas ímonos abster, traémolas a este Pleno por imperativo legal porque o decreto do Sr. Rajoy obriga a traelas, pero o noso grupo municipal vaise abster e non as vai pagar porque coida que esta non é a forma de facer as cousas.

Cando o Sr. Rajoy sacou este decreto e establecíase este sistema para pagar aos provedores, a maioría dos concellos acolleuse a un plan de pagamentos, tivo que facer un plan de pagamento a provedores para liquidar as facturas atrasadas. No noso Concello non foi necesario acudir a este plan de pagamento a provedores porque aquí, esas finanzas que están tan malas, resulta que nos permiten afrontar estes pagamentos con recursos propios. Están tan mal as nosas finanzas que fomos dos poucos concellos que non precisamos acudir a un plan de pagamentos a provedores e sen embargo, que casualidade, os concellos onde goberna o PP si que tiveron que acudir a el e sinxelamente por lembrar algún cito: Madrid, Valencia e algún máis.

En calquera caso nós non acudimos a ese plan de pagamento a provedores porque, aínda que os señores do Partido Popular non o queiran recoñecer, si temos recursos dabondo, as finanzas do Concello están saneadas, o remanente de tesourería é máis ca bo con oitenta millóns de euros e polo tanto todo isto permítenos sortear este tipo de situacións.

Traemos a este Pleno estas modificacións orzamentarias por imperativo legal, porque son sentenzas e tamén porque son facturas que o decreto de Rajoy nos obriga a pagar por este sistema.

SRA. VELOSO RÍOS: Nos dous puntos vemos dous expedientes que teñan a mesma orixe e a mesma razón, son exactamente iguais no seu fundamento; unha serie de sentenzas e facturas pendentes que, como explicou a concelleira de Facenda, cómpre pagar dentro deste ano tal e como establece o RDL do goberno de Rajoy sobre pagamento a provedores. Os pagamentos que hoxe veñen a este Pleno nas dúas modificacións orzamentarias propostas os hai que facer de todos os xeitos. Independentemente do RDL 4/2012, cando alguén fai un gasto parece lóxico que o haxa que pagar e máis as administracións públicas, aínda que en ocasións se fagan gastos sen a correspondente fiscalización e logo hai que acudir ao recoñecemento extraxudicial de crédito que, aínda que é legal, evidentemente é pouco recomendable, é o caso extremo para evitar un xuízo á administración. En ocasións, como xa dixen, para evitar un xuízo que evidentemente perderíamos, hai que recorrer a este sistema porque é o único xeito de pagarlle á xente polo seu traballo e a xente ten dereito a cobrar polo traballo que fixo para a administración

local.

Neste caso recórrese ademais á modificación de crédito cando hai nada que se aprobaron os orzamentos. Nós temos que lamentar a inoperancia e a chapuza que supón facelo así.

Pedímoslles que se esforcen un pouco máis, que sexan un pouco máis previsores e que teñan en conta este tipo de situacións para non ter que facer modificacións orzamentarias cada pouco tempo porque senón a este paso imos acabar funcionando como na Deputación, que funciona basicamente a base de modificacións orzamentarias. Unha administración na que hai un problema evidente co pagamento das facturas porque non se consegue rebaixar o prazo de pagamento para acadar o prazo legal, onde non se consegue baixar dos setenta e un días entre a data da factura e o momento do pagamento e na que constantemente se modifican orzamentos.

O BNG opina o mesmo ben estea no goberno, ben na oposición. Agora mesmo estamos na mesma bancada que o Partido Popular, estamos na oposición a un goberno en minoría, pero non sempre atopamos punto de encontro no control ao goberno que evidentemente é necesario.

Neste caso falamos de remanentes de tesourería e a situación vese moi diferente nunha entidade local e noutra. Por poñer un exemplo, na liquidación do 2011 da Deputación de Pontevedra o remanente de tesourería consolidado foi de case 119 millóns de euros; este remanente utilizouse para distintas modificacións de crédito e o financiamento dos distintos expedientes de modificación do orzamento supuxo que deses 119 millóns quedasen só 12, é dicir máis de 100 millóns de euros dedicáronse a modificacións orzamentarias.

Dende logo a nós non nos parece a maneira de funcionar dunha administración e por iso realmente nos gustaría que se evitasen os expedientes coma os que se están traendo hoxe, aínda que neste caso podemos ver os expedientes porque no caso da Deputación nin sequera os podemos ver antes de que cheguen ás comisións informativas, porque sempre chegan no momento da realización da comisión que os ten que ditaminar. Tamén lamentamos que, fronte á práctica da chapuza, o que non nos vale tampouco é a práctica do cinismo porque para a cidadanía non é unha solución.

Do mesmo xeito que esta non nos parece a mellor maneira de executar uns

orxamentos, tampouco nos parece a mellor maneira de funcionar para a nosa cidade a liorta entre partidos, que constantemente nos esteamos atopando aquí coa liorta entre o Partido Popular e o Partido Socialista. De feito nós xa vimos unha intención claramente política na presentación destes dous expedientes por separado e agora o anuncio do Partido Socialista de que se vai abster na votación do expediente que o propio goberno trae, parécenos realmente vergoñento.

Por suposto o BNG dixo que ía aprobar as modificacións orxamentarias porque era preciso pagar legalmente as sentenzas e as facturas, unhas e outras, absolutamente todas porque quen fixo o traballo para xerar unhas facturas ten o mesmo dereito a cobrar que os que fixeron o traballo para outras. É realmente vergoñento que esta liorta que xa ten paralizados os grandes investimentos desta cidade chegue ata estes extremos.

Insisto en que o BNG entende que hai que cumprir coa lei, que temos os recursos financeiros para o facer e por iso vai votar a favor das dúas modificacións orxamentarias. Todo o demais parécenos incoherencia, cinismo e unha vergoña política que só prexudica á cidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Hai tres semanas aprobáronse os orxamentos municipais apoiados polo Bloque Nacionalista Galego que supoñían, como xa o dicíamos, máis do mesmo; reflectían que vostedes, que están en minoría porque perderon as eleccións, non teñen proxecto de cidade. En resume, máis subidas de impostos municipais e máis débeda para pagar facturas que estaban nos caixóns e para seguir facendo beirarrúas.

Por certo, Sra. Díaz, o Partido Popular cando entrou no goberno de Vigo, porque sen a Xunta non sei o que serían vostedes, había unha débeda de 108 millóns e deixouna en 43 millóns, os aforros que había eran de 28 millóns e os deixou en 63 millóns. Esa foi a xestión económica do Partido Popular de Vigo cando gobernou na cidade.

A primeira gran mentira que contén o orzamento durou menos dun mes. Dicimos primeira gran mentira porque na Memoria do documento que vostedes aprobaron co seu voto, dicíase que se incluían todas as obrigas esixibles durante o exercicio e o crédito suficiente para as pagar. Por que daquela non incluiron no orzamento estes gastos se xa os coñecían? Porque, permítanme que lles diga, neste Concello

hai un problema de xestión e os seus propios socios do BNG acaban de recoñecer que isto é unha chapuza, que é unha vergoña, un claro exemplo de cinismo político. Estamos totalmente de acordo co Bloque Nacionalista Galego. Vostedes, que van dando leccións gratis de economía e que presumen de ter dado clases aos señores Gayoso, Pego e Castellanos, deberían ruborizarse pola súa nefasta xestión económica que deixa moito que desexar.

A teoría está moi ben, pero Sra. Díaz, dígolle o que lle escoitei na avenida da Florida a unha señora: “A teoría foise nadar e afogouse por falta de práctica”. Admitan que a xestión non se lles dá ben, só hai que ver como deixaron España logo de oito anos de goberno socialista.

Evidentemente que nin os comeneiros de Beade, que levan vinte anos agardando a cobrar o alleamento dos terreos para a ampliación do campus da Universidade que outro alcalde do Partido Socialista deixou a deber, nin o resto de provedores que agardan por cobrar merecen seguir agardando. Pero, por que tanta improvisación, Sra. Díaz? Se se sabía que había que pagar isto, por que non o incluíu no orzamento ordinario? Por que non se engadiron ao orzamento todas as facturas pendentes de pagamento a provedores que si se remitiron ao goberno central?

Vostedes traen aquí dúas modificacións ao orzamento. Claro que ás veces son necesarios estes cambios, pero deben vir obrigados por circunstancias excepcionais e non como neste caso. Nesta ocasión foi ou por esquecemento, que semella raro, ou pola nula xestión económica e política da responsable do departamento.

A súa falla de rigor, Sra. Díaz, é inadmisíble. Non pode ser, non se pode entender como tratándose dun pagamento que se ten que facer por sentenza xudicial non se incluíse no orzamento ordinario. Non se pode permitir que o goberno municipal xogue deste modo co diñeiro da cidade ou, acaso non lembraban que había que pagar estas débedas?

Neste caso, Sra. Díaz, vostede non pode culpar a ningún técnico de que lle deixara de informar ao respecto. É unha mostra pura e dura da nefasta forma de xestionar as contas nesta casa. Unha mostra de como este goberno Socialista improvisa e terxiversa día a día segundo a súa conveniencia. Un exemplo de nula planificación por moito que se queira argumentar mil e unha vez por parte da concelleira.

Déixeme que lle diga co maior respecto, Sra. Díaz, que se poña as pilas porque así



non imos ben. A súa xestión é un auténtico desastre.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Falan vostedes de leccións de economía pero a membros do Partido Popular algunhas máis non lles virían nada mal. Cometeron varios erros de vulto, de seren alumnos meus está claro que suspenderían e de forma reiterada.

Falaron de chapuza e de xestión nefasta cando o dato de que somos o Concello menos endebedado non o inventamos nós, dio o Ministerio de Facenda onde agora están vostedes e polo tanto é un dato obxectivo que coñece toda España.

Falou de chapuza porque estas modificacións se presentan logo de aprobar o orzamento, pero é que para facer as modificacións orzamentarias ten que estar aprobado o orzamento municipal, de non estar aprobado non se poderían facer.

Non se incluíron estas cantidades no orzamento por mor dos trámites. O prazo de presentación de emendas por parte deste goberno para o orzamento municipal rematou o 20.03.2012, e o recoñecemento do listado de facturas que había que enviar a Facenda é do 26.03.2012, polo tanto fóra de prazo. Logo de aprobaren o orzamento provisional este goberno non pode facer modificacións ao orzamento ata que se aprobe definitivamente. Descoñecen polo tanto os mecanismos legais de funcionamento dos trámites administrativos. Agora xa entendo porque deixaron tantas facturas sen pagar, porque non saben como funciona a administración.

Falaron de chapuzas porque vimos logo de quince días da aprobación dos orzamentos cunha modificación orzamentaria, cando no ano 2005 o Partido Popular aprobou o orzamento o 28 de febreiro e poucas semanas despois o propio Partido Popular veu este Pleno cunha modificación orzamentaria por once millóns de euros porque tamén había facturas sen pagar. Se tacha de chapuzas a este goberno, como daquela a súa modificación orzamentaria foi de dez veces máis, se imos aos números o Partido Popular foi dez veces máis chapuzas. Eu non sei se querían que sacara este papel asinado pola Sra. Porro e polo Sr. Figueroa, non sei ata que punto pode haber tal división interna que se empezan a sacar os papeis os uns aos outros porque isto é de dominio público e todos coñecémolo.

O que está claro é que en cinco anos este Concello situouse coma o concello menos endebedado de España, con menos carga financeira de débeda por habitante, menos débeda por habitante e con menos carga fiscal. Aquí o único que está subindo impostos pola prestación dos servizos é o Partido Popular; agora

estamos vendo que nada máis chegaren ao goberno central está facendo unha auténtica desfeita, pero tamén o estamos vendo na Xunta de Galicia onde ano tras ano todo foron recortes en materia de cultura, educación, sanidade..., podería seguir enumerando os centos de recortes que fixo a Xunta de Galicia.

Este goberno mantívose ofrecendo servizos e prestacións aos cidadáns.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintese membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 26/2012 por unha contía de 2.562.223,71 euros, para facer fronte aos pagamentos das sentenzas referenciadas e as débedas sen cobertura orzamentaria e certificadas pola Intervención ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Segundo.- A modificación orzamentaria financiarase cos maiores ingresos que xorden da liquidación pola cesión nos Tributos do Estado e no Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao anticipo do 50 por 100 da liquidación definitiva do ano 2010.

Terceiro.- As orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son as seguintes:

Aplic./concep.		Crédito Extr.	Supl.Crédito	Oríxe
3210.600000	Rec.Ext.Crd.Sentenza XMV en man común de Beade	499.474,88		
1550.6190002	Rec.Ext.Crd.Sentenza IVE CZFV plaza Barbés	322.556,21		
1550.6190099	REC.EXT.CRE.Cocheras Olívicas, SA aparcamentos	66.631,88		
2310.2279905	Rec.Ext.Crd. Colexio oficial de Farmacéuticos Pontevedra.	11.971,20		
9310.2200101	Rec.Ext.Crd. Subscrición editorial Aranzadi, SA	24.004,73		
9120.2260201	REC.EXTR.CRED.Publicidade T. Alcaldía		24.358,23	
9120.2260101	REC.EXT. Alcaldía gastos protocolo		9161,22	
9220.2210401	Rec.Ext.Crd. Vestiario PEYCAR PONTEVEDRA, SL	41.720,63		

9220.222000	Gasto teléfono dependencias municipais		75.000,00	
9220.227001	Rec.Ext.Crd. Limpeza Casa Concello Linorsa, SAU		220.063,93	
9310.352000	Xuros mora HIDROSCIVIL		50.000,00	
17106190009	Rec.Ext.Crd.Soter. illas e liquid. P. Barreiro, Movexvial	466.187,52		
1620.227001	Rec.Ext.Crd. Traslado residuos a Somoza, FCC	322.468,89		
1620.227002	Rec.Ext.Crd. Contedores, Vigo Recicla	142.124,67		
4310.2279914	Rec.Ext.Crd. Mercado Progreso, Aqualia,	53795,99		
3330.2279912	Rec.Ext.Crd. servizos V-2 Complementos Auxiliares, SA	2.956,48		
3133.2270101	Rec.Ext.Crd. Seguridade, Securitas España, SA		4.934,17	
2210.1620500	Rec.Ext.Crd. Seguro vida 2011, Generali España,SA Segur.		162.276,50	
3410.6310000	Rec.Ext.Crd. Alumeado Campo fútbol Candeán ELINSA	29.910,00		
3130.2130001	Rec.Ext.Crd. Material laboratorio, Gunnebo España, SA	173,77		
3360.2279901	Rec.Ext.Cr Bus turístico, VITRASA		11.992,81	
3330.2260101	REC.EXTR.CRED. Casa das Palabras, SL		460,00	
9222,22	Combustible Parque móbil		20.000,00	
420.13	Liquidación definitiva ano 2010			2.562.223,71
Subtotal		1.983.976,85	578.246,86	
Total			2.562.223,71	2.562.223,71

Cuarto.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (Crédito extraordinario e suplemento de crédito) por un importe de 2.562.223,71 euros, teñen a súa orixe nas contías xa ingresadas na Tesourería Municipal, polo tanto, conforman un recurso financeiro axeitado para facer fronte á cobertura destas necesidades.

Quinto.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a

exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Sexto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

Sétimo De se presentar reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Oitavo.- Unha vez que os créditos sexan executivos, procederase a tramitar os expediente e a facer os pagamentos de acordo á relación que conforma a aplicación dos recursos.

3.3.-(110).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 26A/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO, PARA PAGAMENTO DE DÉBEDAS SEN COBERTURA ORZAMENTARIA. EXPTE. 16/142 (491/1101).

ANTECEDENTES.- Por resolución de data 6 xuño o Alcalde-Presidente resolveu a incoación dun crédito extraordinario e suplemento de crédito para pagamentos de débedas sen cobertura presupostaria.

Con data 7 do mesmo mes, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“En cumprimento do regulamentado no Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais (BOE nº 48 do 25 de febreiro), elevouse ao Pleno da Corporación en sesión de data 26 de marzo, un informe sobre determinadas débedas sen cobertura orzamentaria onde, parte das mesmas, xa estaban previstas nos orzamentos que se someteron a aprobación inicial do Pleno na súa sesión do 30 de marzo e outras quedaban pendentes, poñéndose xa de manifesto no informe da Intervención Xeral de data 15 de marzo.

En cumprimento do previsto no artigo 4 do citado Real Decreto Lei, emitíronse

certificacións individuais con posterioridade, meses de marzo e abril, que se comunicaron nos prazos legais previstos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e que agora é necesario darlle cobertura orzamentaria para facer fronte aos pagamentos dentro do ano, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Lei.

#### Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 6 de xuño de 2012, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (26A/2012 ), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: A resolución ten a súa xustificación na relación das certificacións expedidas polo Interventor Xeral en relación co cumprimento do Real Decreto Lei 4/2012. Incorporárase, así mesmo, a documentación relativa á certificación de débedas coñecida polo Pleno da Corporación na sesión do 26 de marzo, que afectan a este expediente, así como unha copia das certificacións individuais expedidas que agora xustifican a tramitación deste expediente.

Á vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Na mesma data do 7 de xuño, o interventor xeral emite o seguinte informe:

“Remítese a esta Intervención Xeral o expediente que regula unha modificación do orzamento para facer fronte a necesidades inaprazables segundo consta na documentación que conforma o expediente.

Tramítase este expediente, xuntamente co expediente nº 26/2012, sendo a súa finalidade a mesma: dar cobertura a débedas sen dotación orzamentaria.

En relación ás causas inaprazables que motivan a incoación do expediente que teñen a súa orixe na resolución da Alcaldía de data 6 de xuño de 2012, está o cumprimentado regulamentado no Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais (BOE nº 48 do 25 de febreiro), elevouse ao Pleno da Corporación en sesión de data 26 de marzo, un informe sobre determinadas débedas sen cobertura orzamentaria, onde parte das mesmas xa estaban previstas con dotacións específicas nos orzamentos que se someteron a aprobación inicial do

Pleno na súa sesión do 30 de marzo e aprobación definitiva o 4 de xuño de 2012, e outras quedaban pendentes, poñéndose xa de manifesto esta circunstancia no informe desta Intervención Xeral de data 15 de marzo, xa que determinadas débedas non entraban por razón de suxeito no ámbito do Real Decreto Lei.

En cumprimento do previsto no artigo 4 do citado Real Decreto Lei, emitíronse certificacións individuais con posterioridade, meses de marzo e abril, que se comunicaron nos prazos legais previstos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e que agora é necesario darlle cobertura orzamentaria para facer fronte aos pagamentos dentro do ano, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Lei, todo isto sen prexuízo de que algúns acredores se manifestaran voluntariamente por acollerse directamente aos pagamentos polo Instituto de Crédito Oficial, e agora o pagamento haxa que facelo ao Ministerio ou ao ICO. En todo caso, calquera que sexa o procedemento, o Concello de Vigo, vai facer fronte á extinción dos devanditos créditos.

Incorpórase a documentación relativa á certificación de débedas coñecida polo Pleno da Corporación na sesión do 26 de marzo, que afectan a este expediente, así como unha copia das certificacións individuais positivas expedidas que agora xustifican a tramitación deste expediente.

#### Fundamentos de Dereito.

O artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento da corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo. No caso que nos ocupa, o expediente contén un crédito extraordinario.

O citado precepto do TRLRHL, non prevé a posibilidade de tramitación dun crédito extraordinario ou suplemento para facer fronte a obrigas de exercicios anteriores, pero o artigo 55.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, regula precisamente esta situación, polo que, como é o caso, faise unha aplicación supletoria desta norma para aquelas obrigas nadas fóra do orzamento e que correspondan a exercicios anteriores.

Da redacción dada ao artigo 55 pola Lei 47/2003, D. José Pascual García, na súa obra "Réxime xurídico do gasto público, presupostación, execución e control", interpreta unha concepción máis axeitada do crédito extraordinario e do suplemento de crédito, do que cabe deducir que o decisivo na caracterización do crédito extraordinario ou suplemento de crédito é o da súa cualificación como tal cando non sexa posible a dotación do crédito a través das demais figuras de modificación, é dicir, para este autor esta figura ten o carácter de residual.

En calquera caso, o expediente que se está a tramitar prevé as aplicacións para gastos para os que non existe crédito ningún no orzamento.

Aplic./concepto		Crédito Extr.	Orixe
9120.6250000	Rec.Ext.Crd. Mobiliario e equipos E. Areal Ekipo, SCG	45.890,07	
9120.6320000	Rec.Ext.Crd. Melloras no edificio do Areal, Ekipo, SCG	186.010,03	
9120.2120000	Rec. Extr.Cred. de.Areal, electricidade EYP, SL	21.254,83	
420.13	Liquidación definitiva ano 2010		253.154,93
TOTAL		253.154,93	

Os recursos que financian a modificación orzamentaria (crédito extraordinario) por un importe de 253.154,93 euros, teñen a súa orixe nas contías xa ingresadas na tesourería municipal, polo tanto, ao amparo do previsto no artigo 177.4 do TRLRFL, conforman un recurso financeiro axeitado para facer fronte á cobertura destas necesidades.

#### Cumprimento da regra de gasto, artigo 12 da Lei 2/2012, LOEP

A evolución do gasto non financeiro encóntranse dentro dos límites previstos no Real Decreto-lei 8/2011, do 1 xullo, que no seu artigo 3 introduce modificacións ao Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, incorporando un artigo 8 bis (regra de gasto) ao precitado corpo legal, no que se establecen os límites cuantitativos ao crecemento do gasto que unha vez calculado, resulta unha taxa de variación que non pode superar o 3,23 por 100 para os empregos non financeiros en relación co orzamento do ano anterior. En relación co precepto do RD-l 2/2007, a norma foi derogada pola Lei 2/2012, polo que agora se estará á regulación que establece esta Lei Orgánica.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, publicada no BOE nº 103 do 30 de abril, regula no seu artigo 12 a regra de gasto, de tal xeito que as Corporacións locais non poderán superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. O gasto sometido ao control desta variable é o gasto non financeiro definido en termos do SEC, excluídos os xuros da débeda e o gasto financiado con fondos finalistas procedentes de UE ou do resto das administracións públicas. Os ingresos que se obteñan por encima do previsto, dedicaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.

No caso que nos ocupa, o anticipo do 50 por 100 a conta da liquidación pola cesión de Tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, é un dos supostos previstos no acordo plenario de aprobación do orzamento municipal para o ano 2012. Así mesmo, o apartado 5 do artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, obriga ao pagamento das débedas sen cobertura orzamentaria no vixente exercicio 2012.

Non cabe a posibilidade de creación dun fondo de continxencia tal e como regula no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, xa que o orzamento está aprobado sen ter en conta o mesmo. Polo tanto as obrigas a atender correspóndense con gastos feitos, coas sentenzas, ás que hai que executar

en aplicación do regulamentado no artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e artigo e 173 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Ademais de todo o anterior, a variación do gasto non financeiro, segue a estar por debaixo da variación do PIB previsto, estando esta cuantificada para o período 2006-2014 no 3,23 por 100, e a variación dos gastos non financeiros do orzamento, tendo en conta a modificación que se está a tramitar, está en porcentaxes negativos. Considerase polo tanto, que os maiores ingresos poden ser aplicables á finalidade prevista nesta modificación orzamentaria.

#### Datos obtidos do programa de estabilidade orzamentaria 2011-2014

Anos	PIB real %	PIB previsto %	Media %
2006	4		
2007	3,6		
2008	0,9		
2009	-3,7		
2010	-0,1		
2011		1,3	
2012		2,3	
2013		2,4	
2014		2,6	
	4,7	8,6	
Media de variación deflactada			1,48
Taxa anual de inflación			1,75
Variación dos empregos non financeiros			3,23

#### Variación orzamentaria e teito de gasto sen axustes.

P.N.F. Consolidado 2011	Exec. PNF consolidado 2011	PNF Consolidado 2012	PNF Máximo exec..2012
212.520.112,73	240.927.251,30 <sup>6</sup>	207.349.801,67	248.709.201,60 <sup>7</sup>

PNF Máximo 2012 s/axuste	Actual + modificacións 31/05	Axustes por f. finalista AAPP	Orzamento axustado
219.384.512,40 <sup>8</sup>	228.418.185,80 <sup>9</sup>	-18.605.922,48 <sup>10</sup>	209.812.263,32

En consecuencia, o límite de gasto ou teito de gasto para tramitar modificacións

6 Sen axustes

7 Sen axustes

8 PNF ano 2011 x 1,0323 (Variación do PIB)

9 PNF ano 2012 + modificacións de orzamentos tramitadas ata a data

10 Axúntase un anexo de cálculo dos axustes.



orxamentarias con financiamento distinto do que proceda das administracións públicas ou da UE cunha aplicación finalista, queda establecido en 9.572.249,08 euros a partir desta data. Tendo en conta a contía total equivalente ao 50 por 100 da liquidación pola cesión de tributos do Estado e fondo complementario correspondente ao ano 2010, unha vez aplicada ao orzamento a devandita contía, a posibilidade de financiamento de gasto distinto que o finalista doutras administracións será de 5.218.607,87 euros, a partir desa contía os maiores ingresos serán adicados a amortizar débeda financeira.

Os documentos cobratorios que van ser executados na tramitación do expediente, están fóra dos prazos legais de pagamento que o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público incorporou pola modificación introducida pola Lei 15/2010 á a Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais, establecendo en 40 días o prazo de pagamento para o ano 2012. Non obstante o anterior, coa excepción das sentenzas, na maioría dos créditos incluídos na relación xa foron notificados ao Ministerio de Facenda en aplicación da certificación colectiva ou individuais expedidas, en relación co Real Decreto Lei 4/2012, polo que as mesmas serán executadas polos importes notificados sen devengo de xuros

#### Cumprimento do obxectivo de estabilidade orxamentaria.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do TRLRL e ao contido do art. 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orxamentaria, na súa aplicación ás entidades locais e o contido do previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orxamentaria e Sostibilidade financeira, as entidades locais aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orxamentaria. Entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade orxamentaria calquera alteración dos orzamentos definitivamente aprobados.

Aínda tendo en conta que o artigo 16.3 do Real Decreto 1463/2007, establece que o informe sobre a estabilidade orxamentaria se emite de forma independente, dada a claridade e transparencia que se dá neste expediente sobre a estabilidade orxamentaria, xa que as partidas que son obxecto de incrementos ou dotacións, correspóndense con gastos non financeiros e fináncianse con ingresos non financeiros, non procede realizar axuste ningún, relacionándose o concepto de orixe e de aplicación no cadro resumo que forma parte deste informe.

Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, alcancen en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais o obxectivo de equilibrio ou superávit. A modificación de orzamentos que se está a tramitar, cumpre co obxectivo de estabilidade orxamentaria, encontrándose en equilibrio por ser gasto non financeiro das aplicacións igual ao das orixes non financeiras.

Polo que se refire á publicación dos acordos de aprobación dos orzamentos, que é de aplicación ás modificacións orxamentarias cualificadas como créditos

extraordinarios ou suplementos de crédito, estes veñen regulados non artigo 169 do TRLRHL, que establece

- A modificación orzamentaria inicialmente aprobada exporase ao público previo anuncio no Boletín Oficial de Provincia, por un prazo de quince días hábiles.
- Durante o indicado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.
- A modificación orzamentaria considerárase definitivamente aprobada se durante o referido prazo non se presentaran reclamacións, no caso contrario o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.
- A modificación orzamentaria, definitivamente aprobada, inserirase no Boletín Oficial da Provincia e os créditos nela previstos, serán executivos unha vez que se publique.

### Conclusións

En consecuencia co exposto, a xuízo desta Intervención Xeral, o expediente que conforma a modificación orzamentaria nº 26A/12, incoada polo Sr. Alcalde Presidente da Corporación por resolución de data 6 de xuño e proposta pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda en data 7 de xuño, adecúa o seu contido á normativa vixente, sempre tendo en consideración as limitacións sobre a variación do gasto non financeiro en termos do SEC, considerando que os devanditos gastos que conforman as aplicacións son inaprazables por se tratar de dar cumprimento ao regulamentado no Real Decreto Lei 4/2012, e á abriga de facer fronte aos pagamentos sen cobertura orzamentaria dentro do ano 2012. En canto aos recursos que a financian, os maiores ingresos constitúen un recurso dos regulamentados no artigo 177.4 do TRLRFL. Ademais o expediente da cumprimento ao previsto no Real Decreto 1463/2007 e Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira, sendo o órgano proposto para a súa aprobación o competente, informándose a proposta de conformidade, sendo a súa aplicación a de dar cobertura orzamentaria a débedas certificadas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.”

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 18 de xuño, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda citada anteriormente.

*O presente punto debateuse xuntamente co anterior, 3.2, aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 26/2012, expediente 15/142, figurando transcrito na presente acta no citado punto.*

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz,

Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 26A/2012 por unha contía de 253.154,93 euros, para facer fronte aos pagamentos das débedas sen cobertura orzamentaria e certificadas pola Intervención ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Segundo.- A modificación orzamentaria financiarase cos maiores ingresos que xorden da liquidación pola cesión nos Tributos do Estado e no Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao anticipo do 50 por 100 da liquidación definitiva do ano 2010.

Terceiro.- As orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son As seguintes:

Aplic./concep.		Crédito Extr.	Oríxe
9120.6250000	Rec.Ext.Crd. Mobiliario e equipos E. Areal Ekipo, SCG	45.890,07	
9120.6320000	Rec.Ext.Crd. Melloras no edif. do Areal, Ekipo, SCG	186.010,03	
9120.2120000	Rec. Extr.Cred. de Areal, electricidade EYP, SL	21.254,83	
420.13	Liquidación definitiva ano 2010		253.154,93
TOTAL		253154,93	

Cuarto.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (crédito extraordinario) por un importe de 253.154,93 euros, teñen a súa orixe nas contías xa ingresadas na tesourería Municipal, polo tanto conforman un recurso financeiro axeitado para facer fronte á cobertura destas necesidades.

Quinto.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Sexto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva,

procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

Sétimo.- De se presentar reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Oitavo.- Unha vez que os créditos sexan executivos, procederase a tramitar os expediente e a facer os pagamentos de acordo á relación que conforma a aplicación dos recursos.

3.4.-(111).- APROBACIÓN INICIAL DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, COA DESAFECTACIÓN DO RAMAL 3 DA RÚA PAZO EN CASTRELOS, A SOLICITUDE DE COPERMA, S.A. EXPTE. 19276/240 (479/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de maio de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, informa do que segue:

#### “NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 do abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

#### ANTECEDENTES

1º.- A sociedade COPERMA SA, presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 11.10.2011, solicitando a desafectación do camiño que se

corresponde co ramal 3 de Pazo, na parroquia de Castrelos, ao considerar que se trata dun camiño privado de acordo coa documentación que achega ao expediente.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio de data 20.10.2011 no que sinala que non consta de servizos públicos, nin resulta afectado polas aliñacións do Plan Xeral vixente, tendo o seu remate nunha fábrica de madeiras á que dá acceso.
- Informe do Servizo de Fomento, de data 29.11.2011, consonte non dispón de instalacións de alumeadado público.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 23.01.2012., conforme consultada a cartografía do voo *Lecar* do ano 1969 e do voo do ano 1985, non aparece grafiado o camiño, e consultados os planos do catastro forma parte da parcela correspondente á nave Coperma SA.
- Informe do Servizo de Limpeza, de data 23.02.2012, conforme non se presta nin o servizo de recollida de lixo nin o de limpeza viaria.
- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 10.02.2012, no que sinala que dito ramal ten un pavimento de aglomerado asfáltico en perfecto estado de conservación, non constando a súa realización polo ese servizo nin que se fagan labores de mantemento, dispoñendo só de saneamento.

3º.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á AAVV de Castrelos e propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulándose as seguintes alegacións:

- Da. Carmela Rubianes Santos en data 12.03.2012 manifestando que se trata dunha servidume de paso constituída a prol do seu predio, mediante escritura pública do ano 1987, debendo ser respectada nos seus dereitos.
- D. Daniel Vázquez Hermida, en data 07.03.2012, alegando que é un camiño polo que ten acceso a súa finca.
- D. José Vidal Oitaven, en data 09.03.2012, no que manifesta que sobre dito camiño ten constituída unha servidume de paso e conducións, por escritura pública do ano 1987.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como rúa Pazo ramal 3, na parroquia de Castrelos, con inicio na rúa Pazo e remate na finca

particular nº 19, dunha lonxitude de 118 ml, sección de 6 metros, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

2º.- Natureza xurídica de ben de dominio público da rúa Pazo, Ramal 3. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles aos que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3º.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas, atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4º.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I

do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procedese rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil.

Neste senso, trala instrución do expediente e a teor do informado polos servizos municipais, pódese considerar que no presente caso trátase dun camiño que non serve de comunicación con outras vías públicas, rematando nunha finca particular e carente de servizos urbanísticos, no que o Concello non fai labores de mantemento nin presta os servizos de limpeza ou da recollida de lixo. O PXOM vixente non fixa aliñacións nese ramal e na cartográfica municipal antiga non aparece reflectido, constando pola contra como terreo integrado nunha parcela catastral nos planos do Catastro.

Conseguentemente co exposto, e circunscibíndose ao que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, pódese deducir a súa incorrecta inclusión no epígrafe I Inmobles-Viais do IMBD, ó non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, resultando conseguintemente pertinente a rectificación inventarial dándoo de baixa, sen que en modo ningún supoña atribución ou recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol de terceiros.

5º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa presentada. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, na súa sesión do día 18 de xuño, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, o ramal 3 da rúa Pazo, na parroquia de Castrelos do termo municipal de Vigo.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo se, transcorrido o prazo anterior, non se presentara ningunha

reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.5.-(112).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DO CONSORCIO DO CASCO VELLO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2012. EXPTE. 482/1101).

ANTECEDENTES.- O Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, na súa sesión que tivo lugar o día 31 de maio de 2012, acordou aprobar o texto do convenio mediante o cal se prorroga a vixencia do Consorcio ata o 31 de decembro de 2012.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 18 de xuño, ditaminou favorablemente o devandito acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar o convenio para a prórroga da vixencia da colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo co seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE O QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

En Santiago de Compostela a de de 2012

REUNIDOS,

Dunha parte, o D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en calidade de Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, en virtude da atribución que lle confire o art. 4 do Decreto 317/2009, de xuño, polo que establece a estrutura orgánica do IGVS. en concordancia co Decreto 81/2009, do 19 de abril, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia

Doutra parte, o Concello de Vigo, e na súa representación o Alcalde-Presidente, don Abel Ramón Caballero Álvarez, con competencias para asinar este convenio segundo o disposto no art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto



refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento, e para o efecto,

EXPOÑEN,

Primeiro.- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

Segundo.- Con data 03.02.2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Consorcio Casco Vello de Vigo".

Con data 01.10.2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Con este convenio se modifica a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo polo que o IGVS pasa a ocupar o lugar que deixa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As achegas das entidades consorciadas quedaron do seguinte xeito:

IGVS	27.000.000,00
Concello de Vigo	3.000.000,00
Total	30.000.000,00

Deste modo o Consorcio está participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

Na sesión do 28.11.2006 do Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo acordouse por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo feito que se acordou pola Comisión liquidadora, nomeada para isto, na súa sesión do 17.07.2007.

Terceiro.- No art. 6 dos Estatutos sinalase que o Consorcio se constitúe por un período de 6 anos que comezan a contar dende o día seguinte á publicación dos estatutos no DOG (feito que aconteceu o 16.03.2005) polo que a súa disolución se debería producir o 16.03.2011. Sen embargo, co convenio asinado o 01.10.2007 no que se modifican as participacións e se adaptan as anualidades ata o 2011, non

inclúe unha data de vixencia polo que o Consello de Administración na súa sesión do 24.02.2011 acordou por unanimidade que o convenio asinado o 01.10.2007 supuxo a prolongación do Consorcio ata o 31.12.2011.

O 16 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio do Casco Vello ata o 30 de xuño de 2012.

O Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, na sesión realizada o día 21.03.2012 acordou modificar os seus estatutos, incluíndo entre ditas modificacións a duración do citado ente ata o 30 de decembro de 2017. Dito expediente encóntrase na actualidade en tramitación.

A vista deste último acordo e do feito de que a prórroga acordada no seu momento está próxima a expirar, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

### **ESTIPULACIÓNS**

**Única.-** O presente convenio ten por obxecto prolongar a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2012.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que puidesen xurdir en aplicación do presente convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data citados supra.”

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formularon.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

5.1.-(113).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA A

INTEGRACIÓN DE CEDRO NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E, ENTANTO  
NON SE PRODUZA, ASUMIR O CUSTO TOTAL. EXPTE. 469/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 16 de maio de 2012, número 469/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“Dende hai mais de 30 anos, ven desenvolvéndose progresivamente unha rede asistencial de drogodependencias que, ata agora, permanece segregada do sistema normalizado de saúde.

Dende o ano 1998 véñense asinando convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e diversos concellos da nosa Comunidade Autónoma para a realización de programas e actividades no eido das drogodependencias. Nos dous últimos anos a Xunta de Galicia asinou convenios coa FEGAMP como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos, programas de protección e promoción da saúde de titularidade municipal. Os concellos teñen que adherirse aos convenios entre Xunta de Galicia e a FEGAMP se queren dispoñer dos recursos económicos estipulados.

O artigo 13 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, que regula os dispositivos de saúde mental, establece que para o desenvolvemento de programas específicos se poderán crear unidades de alcoholismo, de dependencias non alcohólicas, dispoñendo ao mesmo tempo que o establecemento de ditas unidades específicas non implicará, en ningún caso, a creación de redes paralelas con centros independentes ou recursos especiais que desenvolvan a súa actividade á marxe dos programas xerais de saúde mental e asistencia psiquiátrica.

A Lei 2/1996, do 8 de maio de Galicia sobre drogas, establece no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, os criterios que permiten unha axeitada coordinación das entidades e institucións que actúan no campo das drogodependencias e regula o conxunto de accións dirixidas á prevención do consumo de drogas e das drogodependencias, ao tratamento e á integración social dos afectados por elas e á formación e investigación no dito campo.

A carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde regulada no Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, establece o tratamento das condutas adictivas dentro da atención á saúde mental. Existe un amplo consenso en torno á pertinencia de integrar e normalizar as redes asistenciais para o tratamento das drogodependencias nos sistemas públicos de saúde.

O 12 de marzo de 2007 publícase a Orde pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde. Esta Orde ten un artigo único que di: “Os centros de

alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área, en consonancia co disposto na Orde do 20 de abril de 1999, sobre atribución de funcións definidas e o artigo 3.2 do decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, e de conformidade co decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde

A resolución do 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas 2009-2016, establece que as características da atención sanitaria ao drogodependente deben contemplar, como principios básicos, entre outros, a atención normalizada dende os diferentes recursos sanitarios da rede asistencial pública.

O “Relatorio sobre sistemas de tratamento e atención en drogodependencias. Claves para o futuro”, do 31 de maio de 2011, das Cortes Xerais, nas súas conclusións, considera a adicción como unha enfermidade crónica e, polo tanto, ao adicto como un enfermo crónico e que se debe producir a integración do tratamento das adiccións dentro do sistema público de saúde. Así mesmo considera que a integración, tanto funcional como administrativa da rede específica de adiccións no sistema sanitario xeral, no só é un proceso desexable senón, ademais, viable. Nas súas recomendacións, no punto 4, a Comisión cre necesaria a integración orgánica e funcional das adiccións, como enfermidade crónica e recidivante, dentro do Sistema Nacional de Saúde e, polo tanto, nos sistemas sanitarios públicos de todas as Comunidades Autónomas. O Sistema Nacional de Saúde debe asumir a asistencia ás persoas que padezan adiccións en termos de igualdade e equidade co resto dos pacientes.

Non é unha competencia propia dos concellos a prestación de asistencia sanitaria, aínda que o Concello de Vigo, no ámbito das drogodependencias, a veña desenvolvendo subsidiariamente, por razóns históricas, dende o ano 1985, co cofinanciamento da Xunta de Galicia.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia ven reducindo a súa achega económica de xeito unilateral, o que provoca que o Concello de Vigo teña que incrementar o seu esforzo orzamentario para manter adecuadamente este servizo asistencial.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do PSOE somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia á integración orgánica de CEDRO no Servizo Galego de Saúde. Entanto non se produza dita integración orgánica, asumir o custo total deste servizo asistencial.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do día 21 de maio de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

*A concelleira Sra. Abelairas Rodríguez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Dende o BNG entendemos que esta é unha demanda de xustiza porque é competencia autonómica garantir a atención sanitaria a todas as persoas. O que quizais nos parece máis triste é ter que lembrar a estas alturas que as persoas que sofren adicións, sofren unha enfermidade que ten que ser atendido polo sistema sanitario en igualdade de condicións con calquera outra persoa.

Son estes tempos tristes nos que a atención sanitaria pública e universal está sendo cuestionada polas accións dos gobernos do Partido Popular, nos que temos que reclamar todos os días a atención sanitaria pública, gratuíta e de calidade para todas as persoas, tal e como teñen dereito.

Realmente este xa non é só un problema de accións políticas, esta é unha auténtica involución na civilización da nosa sociedade.

Explicouno moi ben a concelleira na exposición de motivos. Está recoñecido por lei que haxa que prestar atención sanitaria ás persoas que agora mesmo son usuarias de CEDRO e ademais é competencia da Xunta.

É certo que nos últimos anos a atención ás drogodependencias, tanto a atención ás persoas que xa sofren drogodependencias, como as accións de prevención das drogodependencias fundamentais ademais entre a xente moza, sofren cada vez recortes máis graves por parte da administración autonómica. Non hai máis ca lembrar o que aconteceu coas achegas da Xunta de Galicia ao Plan local de drogas. Nestes momentos só nos queda insistir na obriga que ten a comunidade autónoma de prestar asistencia sanitaria, insistir en lembrar que as persoas que sofren adicións sofren unha enfermidade que ten que ser atendida e insistir en que a administración autonómica cumpra coas súas obrigas, ben sexa a través da integración orgánica de CEDRO no Sergas, que é o desexable, ben, mentres isto non se produza, coa asunción do custo deste servizo. Porque non son as administracións locais as que se teñen que facer cargo destes custos como de moitos outros. Agora mesmo fundamentalmente en educación e en sanidade, porque son dereitos básicos da cidadanía, moitos concellos están facendo sobre

esforzos cando teñen recursos dabondo para garantir estes servizos, pero isto non é sostible. As necesidades aumentan, os recursos cada vez son máis cativos e ningún servizo público se pode manter nestas circunstancias.

A comunidade autónoma ten que lle dar prioridade á sanidade, á educación e ao emprego fronte á débeda coas entidades financeiras, fronte aos rescates da banca. Esas son as prioridades que teñen que ter os gobernos da comunidade autónoma e o estatal e por iso insistimos en pedirilles que cumpran coa súa obriga de atender ás necesidades da cidadanía.

SRA. CENDÓN ALONSO: Fai vostede referencia, Sra. Abelairas, a varios artigos e normativas estatais e autonómicas relativas á atención ás adicións. Eu poderíalle mencionar algunha normativa máis que vostede deixou na carteira como é a Lei 7, de ordenación sanitaria que tamén fala bastante dos programas terapéuticos. Pero o que máis me preocupa é a interpretación que pretende facer de todas estas normativas porque o único que pretende é axustalas a un único fin que é desprenderse dun servizo aos cidadáns, ou o que é máis preocupante, desprenderse dun servizo ben feito e dos seus traballadores.

O Decreto 1030 que vostede mencionou si que fai referencia ás condutas aditivas, fai esa referencia dentro do ámbito da saúde mental sinxelamente para non deixar a estes usuarios sen a posibilidade doutras prestacións terapéuticas que nestes momentos están recibindo.

Tamén a Lei 2 de drogas menciona a pluralidade dos recursos concertados, fala dunha integración funcional e dunha dependencia do ente administrativo que xestione o Plan de drogas, pero isto significa contar con todos os recursos: municipais e doutras entidades. Non fala de crear redes paralelas como di vostede, fala de recursos específicos ben integrados e isto acadouse a través da integración funcional.

A evolución dos valores culturais relegou consumos máis destrutivos na esfera física, máis sanitarizados, cara outro tipo de consumos que incapacitan á persoa psíquica e socialmente. Estamos na era das adicións sen substancia e das combinacións de substancias psicoactivas. Por todo isto a Estratexia nacional de drogas 2009-2012 incide moito no tratamento dual destes trastornos e dálle unha preponderancia aos entes locais, aos concellos. Parece que vostedes queren

camiñar noutro sentido; non o podo entender.

Os datos epidemiolóxicos indican que o enfoque de cohesión entre as distintas administracións, ONGs e entidades privadas, foi efectivo no Plan de drogas de 1985, o primeiro que se realizou neste país e que se exportou cara outros países. Vinte anos despois os avances a nivel preventivo, asistencial, de reinserción e de loita contra o narcotráfico déronnos a razón e por iso no Plan 2009-2016 preténdese afondar nesta política. Ademais dise que se afonde no control da oferta e no tratamento no ámbito familiar, algo que está máis relacionado cos entes locais ca co Servizo Galego de Saúde.

A pasada fin de semana estiven en Guadalaxara e tiveron a oportunidade de debater con Francisco de Asís Babín, delegado do goberno para o Plan de drogas; con Nerea Antía, voceira do PNV e con Jesús M<sup>a</sup> Ruíz a quen vostede debe coñecer moi ben, voceiro do PSOE en Andalucía. Todos eles salientaban o papel adquirido polas corporacións locais, polas ONGs e polas entidades de ámbito privado e a necesidade de optimizar todos estes esforzos mediante a cooperación e a coordinación. Hai que contar con todos os axentes, crear sinerxias mediante actuacións transversais que impliquen ás distintas administracións, aos servizos de atención primaria, de atención especializada, de saúde mental, aos centros de atención de drogodependencias, aos dispositivos de apoio e mesmo ás farmacias.

Non imos aprobar a súa moción porque nós apostamos por un conxunto de medidas coordinadas e integradas, coa integración funcional de CEDRO que xa realizou, potenciando o acceso á tarxeta sanitaria electrónica o que xa se fixo en quince destes centros.

Se me fala de orzamento, a min lémbreme ao “prato dos ovos e do beicon” porque hai dous entes implicados: as galiñas e o porco, pero non os dous se implican na mesma medida. Exactamente o mesmo ocorre no tratamento das adicións porque hai tres administracións implicadas: a local, a autonómica e a estatal, pero quen está achegando o orzamento é a administración autonómica.

Non se esqueza vostede de Alborada nin doutros tres centros que temos na área sanitaria de Vigo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A Sra. Cendón acábame de deixar sorprendida porque estivo reunida con non sei quen en Guadalaxara e resulta que non se

decatou aínda de que o seu goberno acaba de dicir que os concellos non asuman o sistema sanitario. Ou sexa que foi Guadalaxara non sei a que, porque a calor debeuna deixar aplanada; foi perder o tempo. Ademais foi no Boletín das Cortes Xerais onde se fixeron as recomendacións.

Non sei como contestarlle porque dende o ano 98 o Concello de Vigo está asumindo as competencias en materia sanitaria. Estamos falando de saúde mental, pero vostedes por moito que se agochen falan doutra cousa que non vou nomear porque eu si que teño un certo respecto por esas persoas que están en situacións especiais, que son enfermos. Cando se convenzan de que son enfermos ao mellor poderemos comezar falar en serio, porque como tales teñen que ser tratados.

Non é competencia de ningún concello tratar as enfermidades e neste caso as mentais. É recomendable que sexa a Xunta de Galicia quen se faga cargo da integración real destas persoas.

Non lle achaquen vostedes ao Concello de Vigo estas competencias cando o custo real de CEDRO é de 1.600.000 euros; a Xunta de Galicia achega 583.000 euros e o Concello 1.000.000 de euros. Pero de xeito unilateral e sen se encomendar a ninguén a Xunta de Galicia propón un convenio, rebáixao un 6% e di que se toma ou se deixa, que non hai outra solución. Vostedes gobernan así.

Aquí teño un contrato que asinou Feijóo cos cidadáns galegos na terraza do Hostal dos Reis Católicos. Eu creo que é o momento de empezar a pedirlle a Feijóo que cumpra o contrato que firmou porque o seu nivel de cumprimento foi cero. No punto 5 dese contrato dise: "Sanidade con garantías", por iso deben ter en conta que os usuarios de CEDRO son enfermos e teñen dereito a ter as prestacións que, aínda que non son competencia do Concello de Vigo, este non deixa as súas responsabilidades e, coa redución da Xunta de Galicia, seguirá prestando o servizo tal e como ata agora, pero esixíndolle á Xunta de Galicia que asuma as súas responsabilidades. A asistencia sanitaria para estes enfermos aditivos, enfermos cunha adición con problemas mentais, depende da Xunta de Galicia que debe asumir as súas competencias.

Non se preocupe, Sra. Cendón, porque nós si sabemos o que temos que facer e non os imos deixar tirados, pero hoxe, mañá e pasado seguiremos esixíndolle á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias e ao Sr. Feijóo que cumpra co que asina, que cumpra o seu contrato cos cidadáns de Galicia, neste caso cos de Vigo.



*Neste intre prodúcese unha interrupción por parte dunha persoa presente no salón do Pleno dando voces, tendo que pedir silencio repetidamente a Presidencia.*

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Abelairas Rodríguez, instando á Xunta de Galicia a integración orgánica de CEDRO no Servizo Galego da Saúde, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.-(114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A RECUPERAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MARCO E UN NOVO CONVENIO PARA ACTIVIDADES MUSEÍSTICAS. EXPTE. 488/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2012, número 488/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A Deputación de Pontevedra ven de aprobar os seus presupostos e, unha vez máis, marxina á cidade de Vigo, en concreto no que se refire á cultura cun presuposto nesta área da suma de 10.640.132 euros. Atende ao Museo de Pontevedra con máis de 4 millóns de euros e pola contra ao Museo de Arte Contemporánea Marco retíralle 150.000 euros que viña aportando nos últimos

anos.

Ademais do Marco, a rede museística de Vigo, componse da Pinacoteca, Museo de Castrelos, Verbum, Casa Galega da Cultura, Legado de Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes con exposición permanente de Laxeiro e Torras, con visitas de cidadáns de Vigo e colectivos sociais, educativos, culturais, da provincia de Pontevedra, Galicia e outras comunidades autónomas. Entre outros destacamos os 1.884 escolares no que vai de ano.

Polo tanto, é preciso que a Deputación atenda ós cidadáns de Vigo como fai noutras cidades da provincia.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Deputación de Pontevedra a recuperar o convenio co Museo Marco, que é o centro de referencia da arte contemporánea da provincia.

Segundo.- Que a Deputación rubrique un convenio de cooperación co Concello de Vigo para levar a cabo as actividades da rede museística de Vigo.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura de Deportes, na súa sesión do día 18 de xuño de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada por escrito de data 25 de xuño polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

Engadir un terceiro punto á parte dispositiva da moción co seguinte texto:

“Instar ao Ministerio de Cultura do Goberno do Estado e á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que cumpran os seus compromisos co MARCO, facendo a achega comprometida correspondente ao ano 2011”.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Ás veces lense novas que preocupan moito e por iso querería facer a pequena reflexión de que cando acernamos a cultura, estamos a acernar un dos piares básico da sociedade que é a liberdade.

Esta fin de semana liamos que un concello da provincia de Pontevedra pechaba a súa biblioteca. Creo que esas novas que quedan agochadas nas últimas páxinas dos xornais ás veces deberían ser titulares. Isto ven a conto polo deixamento que están a ter distintas administracións con respecto ao MARCO.

Coido que foi no ano 98 cando se creou a Fundación MARCO pola Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e como socio maioritario o Concello de Vigo; tamén entrou Caixanova. Ao longo destes anos mantivéronse todos os compromisos da Xunta de Galicia, do goberno do Estado, do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra. Polas razóns, das que xa falaremos no seu momento, a Deputación de Pontevedra vaise, entendo que por capricho. Pero coa cultura non debe haber caprichos.

Ademais do MARCO, ao que poño como emblema, a Rede de museos de Vigo componse da Pinacoteca, do Museo de Castrelos, Verbum, Casa Galega da Cultura, Legado “Francisco Fernández del Riego” e Casa das Artes con exposicións permanentes de Laxeiro e Torras. Teñen visitas de cidadáns de Vigo e de colectivos sociais, educativos e culturais non só de Vigo, senón da provincia. Coma exemplo tráíolles aquí unha relación de todos os colexios onde se pode ver que arredor de dous mil alumnos pasaron xa polo Verbum e que veñen da Estrada, Redondela, Arbo, Moaña, Outes, Gondomar, Portonovo, Sanxenxo, Barbadás, A Cañiza, Arcade; tamén de Ourense, de Verín, Cangas, Vilanova de Arousa, Tui, Poio, etc., o que ven demostrar que a Rede de museos de Vigo debería ter atención por parte da Deputación de Pontevedra.

Entendo perfectamente que vostedes invistan catro millóns de euros no Museo de Pontevedra, pero ao mellor, facendo unha racionalización, deberían ter en conta tamén que en Vigo hai 300.000 habitantes, que cando menos ten que ter a mesma atención ca o Museo de Pontevedra e que os escolares da provincia utilizan a Rede de museos de Vigo.

Por iso instámoslle á Deputación de Pontevedra a recuperar o convenio co Museo MARCO que é o centro de referencia da arte contemporánea da provincia e que asine tamén un convenio de colaboración co Concello de Vigo para levar a cabo as actividades da Rede de museos de Vigo.

Por certo, ademais do MARCO, da Casa Galega da Cultura, do Verbum, do legado “Francisco Fernández del Riego”, da Casa das Artes, etc., non esquezamos tampouco o Museo Liste e o Centro de Artesanía Tradicional.

SR. ALONSO PÉREZ: Votaremos a favor da moción para instar á Deputación de Pontevedra a que siga colaborando co MARCO, pero ademais presentamos unha

emenda de adición para que outras administracións cumpran os compromisos co Museo xa que economicamente o MARCO está nun momento moi delicado.

Unha auditoría externa definiu a situación coma unha incerteza significativa sobre a capacidade da Fundación para continuar coas súas operacións.

Se facemos un repaso da situación de cada administración, tanto pública como privada, poderemos ver por que chegamos aquí.

A Fundación Novacaixagalicia, na actualidade Novagalicia Banco, nos anos 2008, 2009 e 2010 achegaba 300.000 euros ao MARCO; no ano 2011 pasou a 100.000 e no ano 2012 a cero euros. Isto é unha das consecuencias da primeira reforma financeira aprobada en xuño de 2009 co apoio do Partido Popular e do Partido Socialista para a bancarización das caixas e a creación do FROB.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deportes no ano 2011 tiña comprometidos co MARCO 127.000 euros, por certo, compromiso firme, con documentación do propio MARCO onde aparece que o Ministerio se compromete a pagar estes 127.000 euros e ademais di como vai pagar. Nunha carta dirixida ao Museo di que este diñeiro o vai librar en doce partes, estimando o inicio do pagamento a partir do 30 de abril. Hai un compromiso firme e escrito pero dese compromiso do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes a achega foi de cero euros. Para o ano 2012 xa o propio Ministerio reduciu o compromiso; agardemos que polo menos o cumpra.

A Xunta de Galicia no ano 2011 tiña comprometidos 160.000 euros e ingresou cero euros. O compromiso tamén era firme e por escrito, o propio representante da Xunta, D. Juan Carlos Fernández Fraseiro, na reunión de 2011 dicía que se estaba tramitando o expediente para facer fronte ao compromiso da achega de 2011 e comprometíase a facer efectivo o pagamento pendente o máis axiña posible. Dos compromisos da Xunta xa vemos o que hai e iso que o presidente da Xunta é presidente de honra do MARCO. Vaia honra de presidente que non cumpre o que ten comprometido por escrito co MARCO.

A Deputación fixo as achegas ata o 2011, pero retirouse da Fundación cara ao 2012 e polo tanto a súa achega é de cero euros, aínda que no acordo plenario da súa retirada maniféstase que “sen prexuízo de que poida colaborar mediante achegas puntuais”. Agardamos que polo menos existan esas achegas e por iso nos parece oportuna esta moción.

O Concello está ao día das achegas ata o ano 2011. Para o ano 2012 ten

comprometidos 805.000 euros dos que está pendente o 75%. O MARCO págalle ao Concello un canon de 8.000 euros que podería ser revisable por mor da súa situación

Como se pode ver neste repaso os auditores acertaban ao falaren de incerteza. Non cumpren o Ministerio, a Xunta, a Deputación nin Novacaixagalicia e con esta situación a incerteza é real.

O 13 de novembro deste ano o MARCO cumprirá dez anos dende a súa apertura e por iso o quere celebrar cunha exposición denominada "A balea negra", un proxecto expositivo que xorde da crise provocada polo Prestige o mesmo ano. Agardamos que esta e moitas máis exposicións se poidan realizar.

O BNG aprobará a moción e tamén imos apoiar as resolucións aprobadas polo Padroado con iniciativas perante os Parlamentos do Estado e da Xunta.

Solicitamos ademais incorporar á moción a seguinte emenda: "Instar ao Ministerio de Cultura do goberno do Estado e á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a que cumpran os seus compromisos co MARCO facendo a achega comprometida correspondente ao ano 2011".

SR. RELOVA QUINTEIRO: Todos lembrarán que hai un mes diante deste Pleno o Grupo municipal do Partido Popular tentou desenvolver un plan de acción cultural que implicaría aos tres grupos da Corporación. Parece ser que daquela non lles interesou nin ao BNG nin ao PSOE e agora saltan os problemas e as incertezas. Encántame que agora aos poucos nos veñan dar a razón a min e ao Grupo municipal do Partido Popular.

A pregunta é que necesidade hai de enfrontar a dous museos de tanto prestixio, con diferentes obxectivos e contidos, con proxeccións culturais diferentes e con necesidades orzamentarias tamén ben diferentes.

Esta moción que presenta o PSOE é unha oportunidade única para falar do Museo de Pontevedra de titularidade da Deputación de Pontevedra para que o coñezan os vigueses. Estando aquí unha deputada provincial como o é a Sra. Abelairas, eu non debería ter que lle lembrar todos os datos dos investimentos en plans culturais en Vigo, pero é que é moi rechamante.

Coido que rectificar non é un signo de debilidade, senón de fortaleza e sabedoría e, como dicía, esta é unha oportunidade única para lembrar que o Museo de

Pontevedra ten bastante máis de douscentos mil visitantes anuais e dende a súa fundación prestixiárono grandes directores e personalidades da cultura. Dende a súa fundación o Museo de Pontevedra reuniu máis de 16.000 pezas entre as que figuran debuxos, pintura, escultura, gravados, obxectos arqueolóxicos, moedas, instrumentos musicais, útiles da vida cotiá, mobles, xoias, etc. Estes obxectos permiten coñecer a través do seu estudo a evolución da sociedade galega dende os seus inicios máis remotos ata a actualidade. Unha colección que contempla dende a prehistoria ata a antigüidade, numismática, a Idade Media, do Renacemento ao Neoclasicismo, o Século XIX, artes decorativas, fondos etnográficos e salas navais.

Sra. Abelairas, estou de acordo coa primeira frase da súa moción: A liberdade pasa polos recortes da cultura. Ademais o outro día, no Padroado do Marco tamén dixo que cortar cultura é matar a sociedade. Apuntei esa frase porque é moi boa, pero tamén é certo que este Grupo municipal do Partido Popular non entende o que pasou coa colección “Carlos Maside” porque se hai esta preocupación tan grande pola planificación das redes dos museos, a nós e á cidadanía gustaríanos saber que feito tan grave aconteceu para que o Concello de Vigo non se personase nun xuízo e tampouco quixese recorrer a sentenza. Prégolles que se tomen moi en serio esta colección porque os ex-membros do Padroado do Museo “Quiñones de León” non saben que se tomou esta decisión.

Isto ten que ver coa moción porque estamos a falar dun plan de rede de museos.

Evidentemente ningunha administración lle ten que dicir nin á Xunta de Galicia nin á Deputación o que teñen que facer. Coido que estas administracións responderon onde o tiveron que facer. Por certo, neste Pleno do Concello de Vigo xa se falou do tema Deputación-MARCO.

Cando gobernaba D. José Luís Rodríguez Zapatero foi o momento no que dende o Ministerio de Cultura decidiuse non pagar ao MARCO, foi nesa época cando se decidiu por parte de Facenda deter a subvención nominativa ao MARCO. Digo isto para que o saiba o BNG.

A situación que vive o MARCO é moi seria, pero nós insistimos en que se tan ben están as contas, se todo vai tan ben, por que non se axuda máis ao MARCO dende o Concello de Vigo?

Sinxelamente decátense de que unha persoa que naza hoxe e cumpra dezaioito

anos no ano 2030, non haberá museos, nin contidos, nin auditorios públicos, pero si que haberá unha gran intervención do goberno chinés na cultura, nas vendas, etc.

Insisto en que o da colección “Carlos Maside” é moi grave e polo menos nos deberían dicir que aconteceu. Eu non acuso de nada pero, hai algo grave que acontecera que non coñecemos?

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Desgraciadamente nesa data que vostede citou, Sr. Relova, de non o remediaren o Sr. Hollande haberá corridas de touros por todas partes. Iso é cultura e será o que haxa.

Parece mentira, vostede sabe ler perfectamente. O documento que teño aquí di: “En relación coa subvención solicitada pola Fundación Museo MARCO de Vigo esta Unidade propuxo, seguindo instrucións da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos (goberno de D. José Luís Rodríguez Zapatero) un calendario de pagamentos que se indica a continuación...” Aparecen datas e importes dos libramentos en doce partes e tamén a data estimada do inicio do pagamento: a partir do 30 de abril do ano 2011. O 3 de xuño do 2012, logo de intercambiar múltiples correos electrónicos entre unhas e outras partes, o Sr. Montoro, actual ministro de Facenda, dixo que non se pagaba.

Vostede estaba nesa reunión da Fundación MARCO, como tamén unha representante do Ministerio, pero eu non entendín e sigo sen entender, que alguén mo explique porque se falou de recortes con efectos retroactivos, recortes agora con respecto aos pagamentos do ano pasado. Se hai unha subvención nominativa do Ministerio de Cultura e Educación téñena que pagar si ou si porque Facenda xa librou os cartos.

Eu de cartos entendo pouco pero si bastante de sentido común e non entendo nada porque hai un compromiso por escrito que consta en acta. “Neste punto intervéñ D. Juan Carlos Fernández Fasero (tal e como dicía o Sr. Alonso do BNG) que informa que a Xunta de Galicia está tramitando un expediente de gasto anticipado con cargo aos orzamentos do ano 2012 para facer fronte ao seu compromiso de achega do ano 2011, comprometéndose a facer efectivo o pagamento da achega pendente o máis axiña posible”. Isto consta na acta de decembro do 2011. Onde está ese expediente? Voou? Onde o meteron? Non entendo nada.

Teño que aclarar que o Concello de Vigo, que é o único que está mantendo o MARCO, non só está investindo os 800.000 euros, senón tamén que está investindo 58.000 euros máis ao ano que correspondería ao pagamento do IBI.

Vostede falou do Museo de Pontevedra pero estamos falando de Vigo e a nosa obriga é defender Vigo.

A PRESIDENCIA: Entendo que a Sra. Abelairas acepta a emenda do Bloque Nacionalista e polo tanto procederemos primeiro á votación da emenda e, de seren aprobada, en segundo lugar a moción coa emenda incluída.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, apróbase a emenda formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Deputación de Pontevedra a recuperar o convenio co Museo



Marco, que é o centro de referencia da arte contemporánea da provincia.

Segundo.- Que a Deputación rubrique un convenio de cooperación co Concello de Vigo para levar a cabo as actividades da rede museística de Vigo.

Terceiro.- Instar ao Ministerio de Cultura do Goberno do Estado e á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que cumpran os seus compromisos co MARCO, facendo a achega comprometida correspondente ao ano 2011.

5.3.-(115).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA CONCEDA AO IES AUDIOVISUAIS CICLOS SUPERIORES DE AUDIOVISUAIS, IMAXE E ANIMACIÓN EN 3D. EXPTE. 489/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 20 de xuño de 2012, número 489/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“O IES Audiovisual de Vigo (EAV) iniciou as súas actividades no curso 2005/06, sendo o seu obxectivo ser o centro da familia profesional de Imaxe e Son do Sur de Galicia, destinado a ser un referente como é o IES Imaxe e Son da Coruña para o norte de Galicia.

Ao ter que compartir as instalacións coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD), comezou só co ciclo Ciclo Superior de SON en réxime ordinario e co ciclo de Produción de Audiovisuais en réxime de adultos-modular (horario de tarde-noite).

Tralo traslado da ESAD a Navia, no curso 2009/10 autorizouse tamén o ciclo de Produción de Audiovisuais en réxime ordinario, xunto co de réxime modular-adultos (tarde-noite).

Dende esa data, o equipo directivo ven solicitando ás autoridades educativas da Xunta a autorización dos outros ciclos superiores que compoñían a oferta educativa da familia profesional, IMAXE, Realización de Audiovisuais e Animación 3D, dado que son imprescindibles para ofrecer unha ensinanza de calidade debido a súa interconexión e complementariedade.

A resposta por parte da Xunta foi unha negativa, aludindo a problemas orzamentarios ou de revisións dos curriculums.

A sorpresa chegou cando o día 8 de xuño se coñece o borrador da Consellería e non

aparecen autorizados os ciclos solicitados polo IES Audiovisual de Vigo e si aparece un novo ciclo superior da familia profesional Animacións 3D, Xogos e Contornos Interactivos, na oferta do IES de Imaxe e Son de Coruña, ciclo que leva consigo dotación e incremento de profesorado.

O mércores 13 de xuño, despois de recibir os escritos do claustro e de tratarse o tema polas organizacións sindicais no Consello de Formación Profesional de Galicia, a Consellería acordou a autorización para o IES Audiovisual de Vigo de soamente o Ciclo de Realización, sen dotación e sen incremento de profesorado.

Está claro que a cidade de Vigo está sufrindo unha nova discriminación por parte da Xunta de Galicia. Non se implantan ciclos en Vigo porque non existe orzamento, pero si hai orzamento para outras cidades de Galicia.

O Grupo Municipal do PSOE na cidade de Vigo non está disposto a unha nova discriminación e por iso propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que conceda ao IES Audiovisuais de Vigo os ciclos superiores formativos de Realización de Audiovisuais, Imaxe e Animación en 3D e non discrimine á cidade no que se refire á oferta educativa e formativa dos nosos rapaces e rapazas.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Esta moción non se ditaminou e polo tanto vai por réxime normal que non pola vía da urxencia, pero cumpre a votación previa da súa inclusión na orde do día ocupando a cota das mocións do Grupo Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde para dicir que imos votar a favor como facemos sempre, pero que conste en acta que cando o Grupo popular presente algunha moción nesta mesma liña que non se poñan os atrancos habituais porque creo que hai que medir a todos coa mesma regra.

A PRESIDENCIA: Si, Sr. Figueroa, pero o Grupo Popular nunca presentou unha moción nestas circunstancias. O Grupo Popular o que pretendía era meter a súa moción por vía extraordinaria, sumándoa á súa cota de mocións e tendo carácter extraordinario. De seren con carácter extraordinario votariámola.

Sr. Figueroa, como vostede comprenderá, o Grupo Socialista ten unha cota de tres mocións e utiliza unha para algo que non se ditaminou porque entendemos que ten unha determinada actualidade, pero sen recorrer á vía de urxencia e polo tanto sen incrementar a cota.

O que pretendía o Grupo Popular no último Pleno era que, ademais das tres

mocións ordinarias, se incluía unha extraordinaria que entrara pola vía ordinaria.

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO EXPEDIENTE NA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a ratificación do expediente na orde do día ao non estaren ditaminado pola comisión informativa correspondente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dende que o Sr. Núñez Feijóo chegou á Xunta de Galicia estamos asistindo a unha clara discriminación da nosa cidade por parte do Partido Popular en Galicia. Así vemos como en Vigo se constrúe un hospital privado mentres que o resto de cidades teñen hospital público, aquí non se constrúen infraestruturas mentres se gastan millóns de euros nunha rotonda en Santiago ou nun aparcadoiro na Coruña; aquí acabamos de ver como non se lle paga ao MARCO pero sen embargo si que se segue investindo na Cidade da Cultura de Santiago. En educación tamén estamos sufrindo unha forte discriminación por parte da Xunta de Galicia.

Ata agora na cidade de Vigo por parte da Xunta de Galicia elimináronse liñas nos colexios de Teis-Paraixal, eliminouse a ESO e o Bacharelato no IES “Manuel Antonio”, no curso escolar que comezará en setembro suprímese a ESO do centro público “Celso Emilio Ferreiro”, vanse pechar as escolas infantís de 3 a 6 anos da rúa Palencia e Os Nogais e vaise pechar o colexio de educación primaria “Novacaixagalicia”. Isto é o que está facendo nestes momentos en educación a Xunta de Galicia.

Pero a cousa non queda aí, a cousa segue cando nos decatamos do que está acontecendo no IES Audiovisuais de Vigo. Este instituto nace no ano 2005 co obxectivo de ser o centro de referencia de imaxe e son no sur de Galicia, da mesma forma que hai outro na Coruña. Como inicialmente ten que compartir espazos coa Escola de Arte Dramática, só se implantan alí dous dos cinco ciclos: o de son e o de produción.

Unha vez que a Escola de Arte Dramática se sitúa en Navia, xa queda espazo e este instituto comeza solicitar os tres ciclos que lle faltan para estar ao mesmo nivel ca o da Coruña que ten catro ciclos e fáltalle un. A resposta da Xunta foi negativa por falta de recursos.

O asombro chéganos cando o 8 de xuño se coñece o borrador de cales van ser os ciclos en toda Galicia e obsérvase como un ciclo que pediu Vigo, o de animación 3D que é un dos que ten máis demanda e máis saídas profesionais, a Vigo non se lle concede pero á Coruña si. É dicir, non hai recursos para Vigo pero si os hai para a Coruña.

Por suposto que nin o instituto nin esta cidade están de acordo con esta postura porque ou hai recursos ou non os hai, pero non veñan a Vigo dicindo que non hai recursos e de súpeto decatámonos de que exactamente o mesmo ciclo que solicitou o IES de Vigo dánllo á Coruña e non á nosa cidade.

Polo tanto estamos claramente en contra deste tipo de actuacións porque se está discriminado aos nenos e nenas que queren traballar nun mundo como é o da imaxe e o son. Neste momento a escola só ten son, é dicir, non pode facer un curto porque non hai imaxe e polo tanto está moi limitada á hora de ofrecer a oferta educativa. Esta oferta educativa, esta capacidade de sacar boa mocidade formada ampliaríase con este programa de animación en 3D, pero o ideal é a oferta dos cinco. A Coruña xa ten os cinco, pero Vigo non. A Vigo no último momento e logo dunha serie de negociacións como “caramelo de compensación” déuselle un ciclo de realización pero sen dotación orzamentaria, é o propio centro quen ten que asumir ao seu custo o novo ciclo.

Que somos? Por quen nos están tomando? Hai ou non diñeiro? Estamos a ver que si hai diñeiro para outras cidades pero para Vigo non hai diñeiro e se queremos ampliar ciclos témolo que facer cos nosos propios medios. Que está pasando coa Xunta de Galicia en Vigo? Porque ao pareceren si hai recursos porque se foron cara A Coruña, pero recursos para Vigo non hai.

Nestes momentos a Xunta de Galicia está considerando á cidade de Vigo de segunda categoría, parece que non merece infraestruturas nin educación cando outras cidades si, parece que non merece nada. Levamos asistindo a un ataque xeral á educación en toda Galicia por parte da Xunta, pero en Vigo aínda é máis intenso porque xa se pecharon dúas escolas infantís, vaise pechar un colexio público, pecháronse liñas de colexios públicos, os comedores comprometidos no ano 2009 que tiñan que estar rematados no 2010 eran cinco e ata o momento só levan dous. Cando o Concello asumiu trece investimentos en comedores, a Xunta só abriu dous comedores dos cinco comprometidos.

Está claro que nestes momentos a Xunta non ten ningún interese pola educación dos cativos e cativas de Vigo. Todo ao que estamos asistindo por parte da Xunta en materia educativa é un claro ataque á cidade de Vigo porque non se lle están dando as mesmas oportunidades de igualdade a un cativo de Vigo ca un doutras provincias.

Iso é o que traemos a este Pleno: esixirlle á Xunta que cumpra cos cidadáns de Vigo e que lle dea aos cativos de Vigo as mesmas oportunidades cas doutras cidades.

SRA. VELOSO RÍOS: O BNG por suposto está de acordo con que ao IES Audiovisual se lle concedan os ciclos superiores que lle corresponden e por suposto coa dotación orzamentaria porque nós defendemos o ensino público de calidade e tamén defendemos aos centros da nosa cidade e ao IES Audiovisual de Vigo.

De todos os xeitos si que é certo que a nós nos gustaría insistir en que o problema co ensino público está afectando a todo o país porque o Partido Popular da Xunta de Galicia está atacando gravemente ao ensino público e favorecendo o ensino privado en todo o país. Non hai igualdade de oportunidades para os nenos nin de Vigo, nin de Ourense, nin da Coruña, nin de Lugo, esa é a realidade.

Podemos facer comparacións entre os nenos e nenas do rural e os das cidades, entre Vigo e A Coruña, pero iso parece que nos vai levar a que acabemos os concellos pelexándonos polos caramelos que nos tira a Xunta coma se isto fose a cabalgata de reis, pero esa non é a situación.

Evidentemente aquí estamos sufrindo duramente as políticas educativas do Partido Popular porque se están pechando centros, pero tamén está pasando en Ourense; estase recuperando o modelo das escolas unitarias que agora semella que é o cumio da eficiencia educativa. Un exemplo: esta mesma semana denunciouse que na Coruña, nun centro público que é o único centro de referencia para escolarizar a nenos e nenas con trastornos de espectro autista, se lles recortan os docentes de pedagogía terapéutica e evidentemente iso non é igualdade entre nenos e nenas.

Pero a desigualdade neste país dáse entre os nenos e nenas que queiran un ensino público galego e de calidade e os que paguen colexios privados que son os que está financiando o goberno da Xunta. Aí van os recursos financeiros do goberno da Xunta de Galicia.

Esa é a realidade que estamos vivindo neste país, o resto é metérmonos en leas que non nos levan a ningures, nin a uns nin aos outros. Aquí temos que estar defendendo o ensino público galego en todo o país fronte aos ataques que está sufrindo por parte do goberno da Xunta.

Preparémonos para o inicio do curso que ven, para o mes de setembro porque aí si que nos imos decatarse de onde van os recursos públicos porque dende logo ao ensino público non van ir, iso podémolo ter ben claro.

Se falamos concretamente da cuestión relativa ao IES Audiovisual, ademais estamos perdendo unha oportunidade de desenvolvemento cultural e económico fundamental para o noso país, porque hai que lembrar que en materia de animación España ocupa o terceiro lugar en Europa e o sétimo do mundo e isto grazas fundamentalmente á industria galega de animación.

Roberto Varela dixo que este centro se cualificou polas institucións como centro de referencia e fonte de inspiración. Pero esta fonte de inspiración e este centro de referencia non lle serve para apoiar unha industria na que a temporalidade do traballo, a falla de apoios e a carencia dun centro de formación altamente cualificado, dificulta enormemente as cousas e elimináanos unha fonte de desenvolvemento económico que podería ser moi importante para o noso país.

Agora mesmo hai empresas en Galicia con enormes dificultades para traballar con profesionais porque unha vez que estes están suficientemente formados e teñen experiencia, teñen que marchar; teñen dificultades para acceder a apoios públicos mentres que, por exemplo outros gobernos do Estado, están ofrecendo apoios públicos a cambio de que esas empresas se trasladen ás súas comunidades autónomas. Non é a primeira empresa galega que recibe unha oferta da Generalitat de Cataluña para que se desprace a Cataluña a cambio de establecerse alí e contratar ao persoal en Cataluña.

Estamos perdendo oportunidades básicas para o desenvolvemento da nosa cultura e da nosa economía e iso comeza pola formación. Este é un exemplo claro. Por iso nós imos apoiar esta moción, porque seguimos defendendo que a formación é un investimento imprescindible para saír da crise e para que o noso país se desenvolva cultural e economicamente.

Pero tampouco nos queremos meter noutro tipo de leas porque non nos van levar a ningures.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Parabéns, Sra. Veloso, ten vostede toda a razón. Pero o que me sorprende e faime tremar de pánico é que unha política responsable como D<sup>a</sup> Raquel Díaz falte á verdade e ademais coido que maxina cousas que non existen.

Sra. Díaz, quero saber se visitou o IES Audiovisual. Di que si. Coñece a súa páxina web? Pero, como un centro que se chama IES Audiovisual di que ten son pero que non ten imaxe? De verdade que falta á verdade e temos acostumados a que isto sexa unha rutina en cada intervención: meterse co PP, dar a entender que todos somos monstros. Iso está xenial.

Coido seriamente que non é un tema para tratar como moción nun Pleno do Concello de Vigo e sorpréndenos que se presente aquí. Calquera escusa é valedoira para poñer en tea de xuízo o labor da Xunta de Galicia e do seu presidente Alberto Núñez Feijóo.

Eu persoalmente non entendo como a responsable de Educación deste Concello preocúpase deste tema cando podería solicitar unha entrevista co conselleiro ou escribirlle unha carta solicitando información ao respecto, posto que coido que alguén a informou moi mal.

Sorprende aínda máis que os centros docentes que si son responsabilidade do Concello estean abandonados, como ocorre coa EMAO; tamén que cando está nas súas mans solucionar problemas como o do colexio Altamar pasen absolutamente de todo. A educación e os postos de traballo que xera non lle importan á concelleira posto que a EMAO segue a vivir unha situación crítica e ademais non se cumpre un acordo do Pleno de levar a cabo un plan de funcionamento docente do centro. É moi sorprendente o abandono de responsabilidades diante da Corporación municipal.

Sinceramente a súa moción carece de fundamento, de xestión e de seriedade. De importarlle este tema presentaríao doutro xeito e non aquí.

Coido ademais que é unha intromisión dicirlle á Consellería de Educación o que ten que desenvolver nos seus plans de estudos e nas súas programacións. Esquecíame de dicir que a Xunta si desenvolve plans de estudo e planifica cara ao futuro pensando na mocidade galega e nas futuras xeracións.

Eu si voulle dar boas novas. En primeiro lugar a boa nova de que a Consellería de

Educación investiu en Vigo máis de once millóns de euros; na cidade olívica por se acaso hai dúbidas. Outra gran nova é que hai comprometidos 1.250 millóns de euros polo goberno de ese tal Sr. Feijóo que máis ca Sr. Feijóo e presidente da Xunta, segundo vostede, parece “*Godzilla*” que ven destruír a cidade de Vigo.

A segunda boa nova é que o IES Audiovisual de Vigo ideouse e construíuse por un goberno do Partido Popular, sendo D. Manuel Fraga presidente da Xunta de Galicia, como aposta pola formación profesional na cidade de Vigo.

Durante o goberno bipartito anterior a cidade de Vigo pasou desapercibida totalmente no que respecta á formación profesional cunha oferta mínima de titulacións neste centro e no resto que existía na cidade, contando con infraestruturas herdadas do anterior goberno.

O actual goberno da Xunta de Galicia volveu apostar dende un principio pola formación profesional na cidade de Vigo creando un centro integrado dedicado exclusivamente aos ensinos de formación profesional, cun incremento de titulacións, modalidades semi-presenciais e a distancia e número de alumnado. Pódese comprobar isto na comparativa de ofertas de formación profesional entre o 2008 e a actualidade.

Pero o máis sorprendente, Sra. Díaz, é que a Dirección do IES Audiovisual de Vigo reuniuse con responsables da Dirección Xeral de Educación, FP, Innovación Educativa da Consellería de Cultura, por veren a situación do centro e acordouse implantar para o próximo curso o novo ciclo de Realización que este centro non tiña e que se vai levar adiante. Con esta decisión semella que a Dirección do centro quedou satisfeita coa nova oferta. Respecto do ciclo de Realización, evidentemente están en estudo as posibilidades que ten de futuro para as futuras xeracións.

Penso que esta moción é unha falla de respecto ao propio centro e a todas aquelas persoas que traballan nos gabinetes da Consellería de Educación.

Reitero que se de verdade lle interesa a implantación de novas especialidades, vostede poderíase poñer en contacto cos responsables, dende a propia delegada ao xefe territorial. Pero optou pola vía máis fácil: traer unha moción e poñerse vostede mesma en evidencia. Non ten capacidade de xestión en temas de educación e por certo, penso que recorrer ao enfrontamento coa Coruña resulta un pouco trasnoitado e soa un pouco antigo.



SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que a quen lle falla información é a vostede e que coas descualificacións que utilizou descualificouse vostede mesmo.

Está claro que é vostede quen non coñece o centro. Eu estiven alí, estiven visitándoo, mirei as aulas onde se realizan as preparacións, onde enmaquetan todo; mesmo vin o salón de actos que incluso nos pediron que colaboremos porque o queren abrir e facer actos para sacalos cara á cidade.

Todo o que vostede dixo é mentira porque dende o ano 2009 este centro leva solicitando que se lle implanten os cinco ciclos e a Consellería de forma reiterada negoullos por non ter diñeiro. Teño a acta da última reunión do claustro do colexio e nela recóllese que piden Realización e Animación en 3D porque saben que é a que ten máis demanda e é a que lle vai dar esa parte de Imaxe que non ten. Sr. Relova, teñen Producción e Son e acábanlle de conceder Realización, pero Imaxe non teñen e polo tanto salvarían esa etapa coa Animación en 3D.

Enviaron o primeiro escrito. respondéronlles dende a Consellería e dixéronlles que non por non haber cartos, que non pedisen as dúas cousas, que pedisen só unha porque Animación en 3D supón moitos recursos e non os hai. Logo viñeron xunto nós e dixeron que non llo darían, que rectificarian e pedirían Realización que polo menos lles darían algo. Pero o asombro foi cando nos decatamos que á Coruña se lle deu; quedamos como parvos. Dixéronnos que cambiásemos a proposta porque non haber orzamento e resulta que si o hai, pero destinado para outro sitio.

Esa é a falta de ética da Xunta de Galicia porque ou hai ou non hai diñeiro pero que non engane aos cidadáns como fixeron. Enganaron continuamente a este centro dicíndolle que non había recursos pero logo si os había e decidiron implantar o ciclo na Coruña. Eu non estou en contra disto, pero se hai recursos tamén se debería implantar en Vigo e que non enganen, porque o que fixeron foi enganar a todo o equipo directivo e a todo o claustro dicíndolles que non había recursos. Por iso o claustro indignouse pola falta de recursos para o seu centro pero si os hai para A Coruña porque resulta que hai moita vinculación coa Coruña.

Os nosos nenos teñen exactamente os mesmos dereitos de ter unha escola como a teñen noutros sitios. Pedimos que non se nos engane, que non nos mintan, que non nos tomen por parvos porque ou hai recursos ou non os hai.

Esta é unha escola que empezou no ano 2005 gracias ao apoio do Sr. Touriño que foi quen precisamente trasladou a Escola Superior de Arte Dramática a Navia e

gracias a esa decisión é polo que nestes momentos se poden ofrecer os estudos de audiovisuais.

O centro chegou ao extremo de ofertar un ciclo máis sen recursos, pero a realidade é que para outras cidades si hai recursos pero para Vigo non e iso é o que denunciámos, que temos o dereito aos recursos en igualdade con outras cidades.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, instando á Xunta de Galicia a concesión de ciclos superiores de audiovisuais, imaxe e animación en 3D ao IES de Audiovisuais de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

6.1. (116).- COMPROMISO PERANTE O MINISTERIO DE FACENDA E ADMÓNS. PÚBLICAS PARA SOLICITAR O REINTEGRO DAS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS POLA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DOS ANOS 2008, 2009, PARA O SEU REINTEGRO EN 120 MENSUALIDADES.

**ANTECEDENTES.-** Por escrito de data 22 de xuño de 2012, a concelleira delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz Vázquez, formula o seguinte informe-proposta:

- Norma aplicable: Proxecto de Lei dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Contía da liquidación negativa:  
Liquidación do ano 2008: 6.789.215,35  
Liquidación do ano 2009: 21.109.291,08

Contías pendentes a 1 de xaneiro de 2012:  
Liquidación do ano 2008: 5.431.372,27  
Liquidación do ano 2009: 21.109.291,08

Contías pendentes a 31 de maio de 2012:  
Liquidación do ano 2008: 4.865.604,32  
Liquidación do ano 2009: 19.350.183,48

## FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A Disposición final décima do proxecto de lei dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, regula os reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais pola liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.

A contía dos mesmos que, a 1 de xaneiro do 2012, tería estado pendente de reintegrar polas entidades locais á Facenda do Estado, fraccionarase polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en 120 mensualidades dende a data do 1 de xaneiro, para aquelas entidades que, a data de publicación da Lei de orzamentos, terían presentado a liquidación dos seus orzamentos do ano 2011.

As entidades, coma é o caso do Concello de Vigo, a que se refire o artigo 111 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, deberán presentar, con carácter previo, un compromiso aprobado polo Pleno da Corporación de acordar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, un plan de axuste que garanta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública se fose o caso.

No caso de que a entidade incumpra cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, cos límites de endebedamento que resulten de aplicación en cada caso, ou cos prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, deberá aprobar un plan de axuste, que garanta a corrección dos incumprimentos, mediante os acordos do Pleno que, ademais, deberá aceptar a posible imposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de condicións particulares en materia de seguimento e remisión de información, así como, no seu caso, a adopción de medidas de axuste extraordinarias que posibiliten a corrección dos desequilibrios.

As dúas opcións que prevé a DF Décima, son:

- a) Cos saldos pendentes a 1 de xaneiro de 2012, solicitando o compromiso antes de finais de xuño, fraccionarase a devolución en 120 mensualidades.
- b) Cos saldos pendentes a 1 de xaneiro de 2013, se a solicitude non se fai na data anterior pero se fai antes do 30 de setembro de 2012, fraccionarase en

108 mensualidades.

Cadro comparativo das opcións:

Anos	Pent. devolución 1/1/2012	Amortiz. 60 meses	Amor.120 meses saldo a1/1/2012	Amortizac. 108 meses saldo a1/1/2013	Amortizac. 108 meses
2008	5.431.372,27	113.153,59	45.261,44	4.073.529,19	37.717,86
2009	21.109.291,08	351.821,52	175.910,76	16.887.432,84	156.365,12
Total	26.540.663,35	464.975,11	221.172,20	20.960.962,03	194.082,98

Caben polo tanto as opcións de fraccionar en 120 mensualidades ou de amortizar no ano 2012 as contías que se están devolvendo e comezar no ano 2014 o fraccionamento en 108 mensualidades

En relación coa liquidación do ano 2011.

En relación co anterior, no Concello de Vigo, por resolución do 20 de febreiro de 2012, o Sr. Alcalde Presidente aprobou a liquidación da entidade e dos seus organismos autónomos. En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 90.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, deuse conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realizou, incluíndose na orde do día e dándose conta na sesión do 26 marzo do ano 2012.

Na mesma sesión, pola Intervención Xeral, púxose en coñecemento do Pleno da Corporación o informe sobre o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente á liquidación do orzamento do ano 2011, dándose conta á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e remitíndose unha copia do mesmo.

Plan Económico-Financeiro por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do ano 2011.

A Lei Orgánica 02/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, no seu artigo 21, plan económico-financeiro, establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a administración incumpridora formulará un PEF que permita nun ano o obxectivo de déficit cero.

En cumprimento do anterior, o Pleno da Corporación en sesión do 25 de xuño, aprobou o Plan Económico-Financeiro para acadar a estabilidade orzamentaria ao peche do ano 2012. Como se acredita, concorreron circunstancias excepcionais que xustifican o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que en todo caso, tal e como se evidencia no PEF que se presenta, ten unha compoñente puramente conxuntural, polo que o Plan pon de manifesto a consolidación ao remate do ano 2012, sen que sexa necesario acometer medidas excepcionais para acadar o equilibrio. En consecuencia, o horizonte temporal previsto no plan é

coherente co previsto na Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, dáse por cumprimentado o primeiro requirimento en canto ao cumprimento do compromiso de acadar a estabilidade orzamentaria, achegándose unha copia do PEF aprobado polo Pleno.

#### Cumprimento dos límites de endebedamento.

En canto ao cumprimento dos límites da débeda, o coeficiente de endebedamento ao remate do ano 2011 era do 37,87 por 100, onde a liquidación negativa polas entregas a conta e a liquidación definitiva dos anos 2008-2009, supuxo un incremento no coeficiente de endebedamento de 12,07 puntos. Achégase o cadro dos indicadores e magnitudes, extraídos do informe de liquidación emitido polo Sr. Interventor, que acreditan a solvencia, liquidez e cumprimento do devandito límite.

Achégase certificación do Sr. Interventor na que se acredita a porcentaxe de endebedamento

Aos efectos do cálculo do endebedamento, os dereitos liquidados por operacións correntes dos estados consolidados son de 218.604.989,39 euros.

Os capitais pendentes de amortizar a longo e curto prazo, a 31 de decembro de 2011, son de 82.793.019,52 euros.

O endebedamento ao peche do ano 2011 é do 37,87 por 100.

A débeda viva a esta data tivo unha minoración de 2.324.875,55 euros, o que supón que o endebedamento financeiro e coas administracións públicas, sexa en termos absolutos de 80.468.143,97 euros, e o relativo do 36,81 por 100.

#### Plan de axuste.

En canto ao cumprimento do contido na Lei 3/2004, da certificación posta en coñecemento do Pleno da Corporación en relación co Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, púxose de manifesto a seguinte situación:

Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento a 31/12/2011	Entidade Local	E. consolidados
De orzamento corrente	22.224.690,07	24.155.141,15
De orzamentos pechados	376.991,34	575.435,59
Total obrigas pendentes de pagamento	22.601.951,41	24.730.576,76
Estado de tesourería	78.861.347,56	82.122.116,30

A situación das obrigas orzamentarias contabilizadas ata 31 de decembro de 2011 a data 12 de marzo de 2012, é a seguinte:

Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento a 12/03/2012	Entidade Local
De orzamentos correntes e pechados	4.003,75
Estado de tesourería sen considerar os recursos do préstamo do ano 2011	52.667.223,28
Contía do préstamo, cuxas obrigas xa están pagadas e que hai que computalo como tesourería <sup>11</sup>	9.119.574,11
Tesourería total da Entidade a esta data	61.786.797,39

### Indicadores

Indicador	Período					
	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Coefficiente de endebedamento (D.viva/DRN.OCNF consolidadas)	33,03	21,56	19,76	19,09	28,52	37,87 <sup>12</sup>
Débeda financeira por habitante	226,74	160,67	156,05	147,36	218,59	278,54
Débeda presupostaria por habitante (obrigas presupostarias/h)	90,49	80,06	150,71	161,19	106,11	76,04
Autonomía (Cap. Ingresos: I,II,III,V,VI e VIII/DRNT)	0,83	0,98	0,91	0,77	0,80	0,92
Autonomía fiscal (Cap. ingresos: I,II,III/DRNT)	0,55	0,61	0,57	0,48	0,51	0,61
Cobertura (Ingreso corrente/gasto corrente)	1,28	1,20	1,18	1,10	1,10	1,12
Financiamento (Cap.I a III, V ingresos/Ingresos correntes)	0,64	0,65	0,66	0,64	0,65	0,67
Período medio de pagamento, días	50,57	39,10	69,15	56,86	43,69	32,42
Tesourería/Acredores Presupostarios y No Presup. (liquidez inmediata)	1,73	2,12	1,8	1,82	2,19	2,33

### Magnitudes

11 Cando se fan pagos con financiamento do préstamo, non se solicita o ingreso da entidade coa que se ten o préstamo ata que consolida, de este xeito, afórrase o custe financeiro das disposicións.

12 A liquidación negativa polas entregas a conta e a liquidación definitiva pola participación e cesión nos Tributos do Estado dos anos 2008-2009, supón un incremento no coeficiente de endebedamento de 12,07 puntos

Magnitude	Período					
	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Acredores pendentes de pagamento <sup>13</sup>	44.204.245,30	40.690.920,30	63.398.442,20	60.429.866,50	46.165.174,25	33.813.725,57
Débeda viva <sup>14</sup>	66.493.294,80	47.359.714,83	46.144.576,70	43.814.299,50	64.947.604,28	82.793.019,52
Tesourería	76.506.358,90	85.683.697,20	114.275.020,50	110.109.376,30	100.948.439,60	78.861.347,56

O informe do Sr. interventor xeral de data 15 de marzo de 2012, establecía nas conclusións da certificación enviada ao Pleno, "...Polo tanto, tendo en conta a situación das débedas, a liquidez que dispón o Concello de Vigo, o período medio de pagamento, o cumprimento da Lei de morosidade, a inclusión no proxecto do orzamento para o ano 2012 das débedas sen cobertura orzamentaria e a inexistencia de débedas que teñan legalmente a condición de esixibles, delimitación legal que xa se fixo no epígrafe definido como débedas sen cobertura orzamentaria, non concorre ningunha das circunstancias legais para que este interventor eleve ao Pleno da Corporación un Plan de axuste de acordo ao contido do previsto no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012 e ao regulado no Real Decreto 7/2012, do 9 de marzo, nin tampouco para ir a unha operación de endebedamento cuxa aplicación resultaría ficticia.

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade comercial, estase a enviar con carácter trimestral información ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, remitindo a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas seguindo o modelo de rendición telemática."

En consecuencia con anterior, cumpríndose polo tanto os requirimentos contidos na Disposición final décima do proxecto de Lei dos orzamentos xerais para o ano 2012, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

**INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA:** Obra en poder dos membros do Pleno unha proposta de compromiso perante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para solicitar o reintegro das liquidacións negativas pola participación nos tributos do Estado dos anos 2008 e 2009 en cento vinte mensualidades.

13 Inclúe acredores orzamentarios e non orzamentarios.

14 Incluída a liquidación negativa pola cesión nos ingresos do Estado e no Fondo Complementarios do ano 2008 e 2009 por unha contía de 6.789.215,35 euros e 21.109.291,08 euros respectivamente

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Todos os concellos recibimos unha parte dos nosos ingresos a través do Estado, é o que se coñece como a participación nos ingresos do Estado ou mesmo como parte de impostos como o IRPF ou o IVE.

A cantidade que destina cada ano o goberno aos concellos está fixada na Lei de facendas locais de acordo cunha fórmula establecida. Unha das variables fundamentais que determina a cantidade é a previsión do crecemento económico. Cando a economía funciona ben esta fórmula tamén funciona ben porque a economía crece e fanse unhas previsións en base ás que se lles dá diñeiro aos concellos. Cando chega o momento compróbase que esas previsións foron certas e que polo tanto o diñeiro que se lles deu aos concellos era o correcto.

Pero cando a economía funciona mal e entramos en épocas de crise e de recesión, a fórmula comeza manifestar o seu efecto perverso porque as previsións non se cumpren e entón o diñeiro que nos achegou inicialmente o Estado foi superior ao que realmente corresponde. Cando isto sucede, cando as previsións superan ao que realmente recada o Estado, este reclama a devolución.

No caso concreto do Concello de Vigo, o que o Estado nos está esixindo nestes momentos que lle devolvamos porque nos anticipou de máis, son vinte e seis millóns e medio de euros.

Cando soubemos desta cantidade que ven xa do ano 2008, o Estado propoñía devolvela en cinco anos, é dicir a razón duns cinco millóns e medio cada ano, pero todos os concellos a través da FEMP solicitamos que esta devolución non fose en cinco, senón en dez anos. No caso do Concello de Vigo en vez de quitarnos do orzamento cinco millóns e medio, quitaríannos 2.700.000 euros, redondeando. Entendemos que esta medida de aprazar a devolución en dez anos, pedida dende a FEMP e aceptada polo goberno central, é boa para que o orzamento non se vexa



alterado de xeito importante.

Pero de acordo co proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado a solicitude de aprazamento de cinco a dez anos ten que pasar polo Pleno e esa solicitude ten que vir acompañada do compromiso de que se cumpren a estabilidade orzamentaria e os niveis de endebedamento.

Tal e como se recolle nos informes da Intervención e no Plan económico-financeiro, o noso Concello xa cumpre coa estabilidade e co nivel de endebedamento e polo tanto é un dos que si poden solicitar este aprazamento de cinco a dez anos.

Traemos hoxe aquí a solicitude de que a devolución se faga non en cinco senón en dez anos porque entendemos que é unha boa opción para o Concello, que non se nos quitan cinco, senón dous millóns e medio e así poderemos seguir asumindo servizos, realizando investimentos para os cidadáns e polo tanto seguir cos nosos compromisos coa cidade. Isto apoiárono e solicitárono todos os concellos, é de obrigado cumprimento traelo a Pleno e así o facemos.

SRA. VELOSO RÍOS: Agradecemos a explicación da concelleira de Economía, explicación que xa nos deu no seu momento a ministra anterior D<sup>a</sup> Elena Salgado que foi quen comunicou a necesidade de devolver as liquidacións negativas, ademais no seu momento entendía que a única maneira de axudar a devolver estas liquidacións era a través de préstamos ICO e entendía que os aprazamentos non eran unha opción que se puidese contemplar, que en todo caso no 2012 xa se vería. Afortunadamente veuse, pódense pedir os aprazamentos e non hai que se endebedar pedindo préstamos ICO para facer a devolución das liquidacións negativas. Todo isto xa o sabemos dende hai tempo, xa nolo explicara polo miúdo a ministra D<sup>a</sup> Elena Salgado

Efectivamente sabémolo dende hai tempo, sabemos que se poden pedir os aprazamentos e tamén que os había que pedir xa no mes de xuño porque senón non entraríamos en prazo.

Vou ler unha nota dunha rolda de prensa que deu Santiago Domínguez o pasado venres: “O voceiro municipal do BNG alertou de que antes de que remate o mes de xuño o goberno local ten que solicitar o fraccionamento do pagamento dos 26,5 millóns que ten que devolver ao Estado”. Especificou que o goberno do Estado ten contemplado a posibilidade de que os concellos que cumpran coas condicións de

axustes orzamentarios poidan solicitar un aprazamento do pagamento entre cinco e dez anos. “Agardamos que o goberno local cumpra os seus deberes -subliñou ao respecto-. De non solicitar o fraccionamento do pagamento en cento vinte mensualidades antes de que remate o mes, estaríamos nunha situación moi gravosa para o Concello de Vigo, xa que perdería a posibilidade de contar con 2,6 millóns ao ano para afrontar as necesidades da cidadanía”.

Alegrámonos de que se traia a este Pleno por vía de urxencia porque o venres lembramos que o había que facer, pero non nos podemos alegrar de que este Concello funcione así, non podemos seguir dependendo de que a oposición lle lembre ao goberno as súas obrigas para manter a fiabilidade do Concello de Vigo. Isto non é ningunha broma, son 2,6 millóns ao ano menos para atender ás necesidades da nosa cidade. Este non pode ser o funcionamento sistemático do actual goberno local.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Diciamos xa nas anteriores intervencións que vostedes presumen moito da súa xestión económica, pero deixa moito que desexar.

Xa dixo a Sra. Veloso na súa intervención, o que para a ministra Salgado do Partido Socialista había que devolver en cinco anos e ademais pedindo un préstamo ao ICO, coa chegada do ministro Montoro do Partido Popular pódese facer recorrendo a dez anos e cun plan de axuste que hoxe vimos aprobar pola vía de urxencia.

Presumen moito pero non teñen controladas as contas. Esta é unha mostra máis da falla de rigor e da improvisación constante e continua que reina na xestión económica deste Concello.

Sra. Díaz, xa lle dicía que así non imos ben porque aquí non hai planificación, recórrese a última hora, xa cando toca a campá, a pedir este plan de axuste para devolver esta importante cantidade de 2,6 millóns de euros ao ano durante dez anos.

Na proposta que envía ao Ministerio vostede mesma firma e certifica a brillante xestión económica que fixo o Partido Popular de Vigo cando gobernou na cidade, porque tiña unha débeda de 108 millóns e deixouna en 43 millóns. Agora mesmo volveu subir a débeda case o 100% ata os 83 millóns. Na páxina 4 deste documento que vai enviar a Madrid e que logo lle poderemos pasar aos xornalistas, vemos que no apartado Magnitudes, a débeda viva no 2007 era de 47.000.000 de

euros e no 2011 de 83.000.000 de euros. Vostede mesma na súa proposta certifica isto e ademais, de descontaren eses 13.000.000 de euros dos que antes falou remitíndonos a unha modificación de crédito que tivo que facer o Partido Popular no ano 2004 para pagar os “*puños*” que vostedes tiñan no seu goberno do ano 2003, o PP deixaría a débeda en 30.000.000 de euros en troques deses 47.000.000 que deixou; 30.000.000 fronte aos 83.000.000 de euros que hai actualmente de débeda.

En canto ás súas clases de economía teño que lle dicir que algúns estudamos na Universidade de Vigo na que non nos foi mal, estudamos Empresariais coa especialidade de Financiamento e estudamos Económicas coa especialidade de Economía Pública e menos mal que vostede non nos deu clase porque, polo que din e polo que aínda se escoita polo campus, vostede era unha profesora do montón, quizais por iso o Sr. Patxi Vázquez, secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, non a chamou para integrar o seu novo equipo económico que nos vai sacar da crise a todos os galegos.

A PRESIDENCIA: De todos os xeitos, Sr. Fidalgo, eu fun director do Departamento de Fundamento de Análise Económica durante moitos anos e polo tanto teño coñecemento das avaliacións que reciben os profesores e, aínda que non estou autorizado, vou revelar un secreto: as cualificacións de D<sup>a</sup> Raquel Díaz, a quen lle vou pedir que as faga públicas, son excepcionais.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Gracias, Sr. Alcalde. Cando non hai argumentacións invéntanse. Estou un pouco abraiada coa capacidade que ten o Partido Popular de mentir, enganar e sobre todo de omitiren a metade das cousas ao falaren e ás veces unha media verdade é peor ca unha mentira porque cando fala de débeda mete o ano 2007, pero é que no 2007 estabamos gobernando nós e polo tanto o peche do exercicio e a redución da débeda dese ano é do goberno presidido por Abel Caballero.

Despois, cando fala de débeda viva non di que hai unha nota a pé de páxina que igual non sabe o que significa isto; hai un pequeno número 4 que di que no ano 2011 están contemplados os vinte e cinco millóns de euros dos anticipos que non contan como débeda financeira. Polo tanto unha cousa é a débeda viva e outra a

débeda financeira con entidades que son moitas menos as que temos nós cas que tiñan vostedes, exactamente a metade.

Está claro que nós non estamos facendo o mesmo ca vostedes na Deputación porque acabo de ler que tamén acadou inestabilidade orzamentaria (fíxese que casualidade) por valor de 30.000.000 de euros o que significa que ten que facer un plan económico-financeiro que aínda está sen aprobar.

Preguntaban pola urxencia, pero é porque é necesario en primeiro lugar ter aprobado un orzamento, que a Deputación aínda non o ten aprobado; en segundo lugar demostrar que estamos en estabilidade e logo, cando se está en estabilidade é cando se pode recorrer á solicitude deste aprazamento de dez anos. Eu non sei se a Deputación o fará ou non, pero polos meus cálculos non cumpre nin coa estabilidade nin co endebedamento porque acabamos de ver que está nun 80% e por iso a Deputación de Pontevedra non pode solicitar ese aprazamento de pagamento de cinco a dez anos e o Concello de Vigo si porque o Concello cumpre con todas as condicións esixidas.

Este aprazamento non llo van conceder a todos os concellos. Os concellos de Madrid e de Valencia non cumpren, pero o Concello de Vigo, gracias á súa boa xestión, si cumpre e pode acudir a este aprazamento, é dicir, que se se lle piden unhas garantías, este Concello si as ten.

Señores do Partido Popular, vostedes son concelleiros de Vigo e teñen que defender á cidade porque estamos aquí para defender a Vigo. O que traemos aquí dende este goberno é a mellor opción que é que poidamos ter nos nosos orzamentos municipais eses 2,6 millóns máis de euros que nos permitirán obter máis servizos, máis investimentos e polo tanto poderemos comprometérmonos máis cos nosos cidadáns. É para o que estamos aquí e por iso e cunha facenda saneada que nolo permite, traemos esta solicitude de aprazamento de cinco a dez anos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- De conformidade co establecido na Disposición final décima do proxecto de lei dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, o Pleno do Concello de Vigo adopta o compromiso de acordar co Ministerio de Facenda e

Administracións Públicas un plan de axuste que garanta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.

Segundo.- En caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, dos límites de endebedamento ou dos prazos establecido na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, aprobarase un plan de axuste aprobado polo Pleno da Corporación, que garanta a corrección de aqueles incumprimentos, aceptando a posible imposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de condicións particulares en materia de seguimento e remisión de información así como, no seu caso, de adopción de medidas de axuste extraordinarias que permitan aquela corrección.

Terceiro.- Solicitar a devolución dos saldos pendentes das liquidacións definitivas pola participación nos tributos do Estado dos anos 2008-2009 en 120 mensualidades.

Cuarto.- Os saldos a fraccionar en 120 mensualidades son os previstos a 1 de xaneiro de 2012, sendo a súa contía a que figura na cabeceira desta proposta (26.540.663,35 euros).

Ao se ter xa reintegrado as cotas de xaneiro a maio e a finais deste mes a de xuño, as contías correspondentes á totalidade do ano 2012 xa se atoparían totalmente reintegradas.

Quinto.- Ao non ser necesario adoptar máis medidas ca correspondente ao Plan Económico-Financeiro aprobado polo Pleno, non se require a remisión doutras certificacións distintas que a correspondente a este compromiso e a da propia aprobación do PEF.

Sexto.- Remitir as certificacións dos acordos ao Ministerio de Facenda aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Disposición final décima do proxecto de lei dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

## **PARTE DE CONTROL**

### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓN S DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O**

## **REQUIRAN.**

### 1.1.-(117).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de maio e 21 de xuño de 2012.

### 1.2.-(118).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de maio e 21 de xuño de 2012.

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formularon

## **3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se produciron

## **4.- MOCIÓNS.**

### 4.1.- (119).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A APERTURA NO MENOR PRAZO POSIBLE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 484/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 13 de xuño

de 2012, número 484/1101, o voceiro Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“Nos últimos catro anos, tense realizado na nosa cidade un gran labor de vertebración de coordinación da rede museística de Vigo, potenciando o Museo Quiñones de León como museo da cidade, poñendo en marcha os proxectos museísticos de Toralla e O Castro, inaugurando a Pinacoteca Municipal e deixando en marcha o centro Galego de Fotografía. Este último está chamado a configurarse como o museo de fotografía máis importante de Galicia e de España e, xa que logo, tería que contar coas coleccións fotográficas máis relevantes dos últimos anos en toda Europa (Arquivo Pacheco, Ksado, Fotobienal...)

No anterior goberno, tanto o concelleiro de Cultura como o Tenente de Alcalde fixeron as xestións oportunas co goberno central para recibir unha axuda dun millón de euros que completou a dotación municipal do Plan E, e que fixo posíbel a construción deste gran referente cultural.

Por todo isto sorprendeunos moi negativamente ler nos medios de comunicación que o goberno local non ten nestes momentos prevista a súa apertura, ao parecer por falta de medios económicos para dotar o seu equipamento.

Parécenos que isto, sen lugar a dúbidas, é unha auténtica falla de planificación e de previsión e que demostra o escaso interese que o goberno local está a amosar polo mundo da cultura na nosa cidade.

Non podemos entender como a unha semana da aprobación definitiva dos orzamentos, o goberno local dáse conta agora que non ten estes recursos, xa que ben se puido dotar esta partida nos actuais orzamentos de 2012, reducindo doutras actuacións menos prioritarias e sen tanta repercusión para a nosa cidade, tanto na atracción de visitantes como do pulo investigador que este centro tería como gran referente da fotografía europea.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG propón o seguinte acordo:

Primeiro.- Esixir ao goberno local a apertura no prazo máis breve posíbel do Centro Galego de Fotografía.

Segundo.- Realizar as xestións oportunas co Ministerio de Cultura, Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra para conseguir os recursos necesarios para o seu equipamento.

Terceiro.- De non frutificar estes contactos, o goberno local presentará antes de final de ano unha modificación orzamentaria para dotar ao Centro Galego de Fotografía, reducindo diversas partidas de protocolo, publicidade, programas de alcaldía, etc.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do día

18 de xuño de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de empezar permítanme, Sr. Fidalgo e Sr. Alcalde, que lles diga que cos currículums educativos non se goberna nin ben nin mal, ás veces moitos traballadores e traballadoras das nosas empresas e das nosas rúas teñen bastante máis sentido común ca o que ás veces se ten manifestado neste propio salón de Plenos.

A PRESIDENCIA: Permítame que lle diga, Sr. Domínguez Olveira, que se trata de restablecer a dignidade profesional dunha persoa e non de dicir que en base a iso é boa ou mala política. Tratábase de restablecer a dignidade profesional que foi gravemente atacada.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Perfecto, non vou entrar en ningún tipo de debate porque agora nos volve tocar falar da rede de museos desta cidade.

Eu aquí si que vou falar da rede de museos de Vigo, non vou falar do Museo de Pontevedra que con tanto énfase e exemplo defendeu o Sr. Relova, que por certo defende unha xestión do Museo de Pontevedra no que D. Roberto Varela un bo día puxo un restaurante e reduciu claramente a sala de pezas arqueolóxicas. Esta sala agora está diminuída como consecuencia de poñer unha instalación gastronómica. Esa é a política cultural que defende o Sr. Relova en canto ao Museo de Pontevedra. Durante catro anos dende a Concellería de Cultura do anterior goberno fíxose un importante esforzo para que esta cidade tivese unha verdadeira rede de museos, ademais un esforzo que daquela foi avalado polos profesionais e os colectivos culturais que dende hai anos veñen elevándonos o listón cultural.

Ao pasaren eses catro anos xa se pode considerar Vigo como unha cidade de referencia cultural e de museos non só en toda Galicia, senón tamén no resto do Estado español.

Señores do goberno local, coido que vostedes non son conscientes do que teñen nas súas mans, que nin lles dixeron que nestes momentos Vigo pode competir con calquera cidade do mesmo tamaño ou mesmo superior en materia de museos e cultural. Logo de catro anos lles deixamos un Museo “Quiñones de León” que se configurou como o verdadeiro museo da cidade; unha pinacoteca que é a máis



importante de todo o noroeste español, deixamos abertas dúas exposicións arqueolóxicas como a do Castro e a de Toralla que hoxe son un claro exemplo de recuperación do noso patrimonio e sinxelamente, para que só o tiveran que rematar e abrir, deixámoslles un Centro Galego de Fotografía.

Pero non só iso, senón que ademais nos encargamos de facer xestións con outras administracións para que, por exemplo, o Ministerio achegara nin máis nin menos ca un millón de euros para esta construción. Agora vémonos abraiados e sorprendidos cando nos din que non saben que facer con este Centro Galego de Fotografía, que non hai cartos.

Non é problema de cartos, señores do goberno local, o problema é que vostedes chegan ao goberno como elefantes nunha cacharreira, nin escoitan, nin teñen xestión en canto á cultura; tiran todo o anterior cando había equipos que si tiñan unha planificación, un plan de museos e sabían o que había que facer co Centro Galego de Fotografía. Vostedes agora mesmo non saben que facer con ese Centro, como non saben que facer co Arquivo Pacheco, co Museo Liste, co CAT, etc.

En resume, na seguinte intervención vou falar da nosa moción e tamén de que este Centro galego de fotografía é un gran xoia cultural e artística que ademais se pode configurar como un gran referente cultural, de creación de emprego, de creación de riqueza, de atracción turística para todo o Estado e mesmo, e non esaxero, para toda Europa.

Pero unha vez máis se teñen que poñer as pilas. Xa hai un plan feito porque nós si que sabiamos o que había que facer co Centro Galego de Fotografía e o equipo que estaba ao fronte do Arquivo Pacheco, que vostedes eliminaron, tamén o sabía.

O Centro Galego de Fotografía é economicamente rendible e pode chegar auto-financiarse se vostedes poñen todo o que deben que non é máis que escoitar, que ter claro que é o que hai que facer coa cultura nesta cidade e poñerse a traballar.

*Neste intre se produce unha nova interrupción por parte dunha persoa presente no salón de sesións que desprega unha pancarta, tendo que pedir silencio reiteradamente a Presidencia.*

SRA. SILVA REGO: Decía o Sr. Domínguez Olveira que nos anteriores catro anos de goberno da cidade dende a Concellería de Cultura fíxose un enorme esforzo pola

cultura e por unha rede de museos na cidade.

A min non me doen prendas en recoñecer que iso é verdade, que o anterior goberno municipal fixo un extraordinario esforzo pola cultura da cidade, esforzo que se vai continuar facendo, Sr. Domínguez, porque está ben que se aposte e que se manteñan os bos proxectos e por iso, xa de inicio lle anuncio que imos votar favorablemente a súa moción. Pero en canto ao Centro Galego de Fotografía gustárame facer unhas aclaracións.

Por suposto que o Centro é un bo proxecto e por suposto que o temos que poñer en marcha; é tamén un proxecto atractivo, pero é certo que para a súa construción houbo moitas dificultades que non teñen que ver coa xestión do anterior concelleiro de Cultura nin co Grupo do BNG que o xestionaba, senón con dificultades urbanísticas moi serias que xurdiron polo camiño, como moi ben sabe o anterior tenente de alcalde.

Con data 30 de xuño de 2010 o Concello de Vigo asinou co Ministerio de Cultura un convenio de colaboración para a asignación dunha subvención nominativa dun millón de euros para a construción deste centro galego de arte fotográfica. Na súa cláusula quinta manifestábase que o prazo para a execución da actuación sería o comprendido entre a data da súa firma e o 31 de marzo de 2011 e engadíase no seu último parágrafo que “en casos moi xustificados o órgano concedente podería autorizar ampliacións”. Pois ben, con data 20 de marzo de 2011 o anterior tenente de alcalde do Concello solicitou a ampliación do prazo de execución por mor de problemas técnicos moi serios nos edificios da contorna que fixeron imposible a súa execución.

Como ben sabe o anterior tenente de alcalde, en xuño de 2011, cando collín a responsabilidade de Cascos Históricos, atopeime con que o edificio estaba sen construír e tiven que pedir unha nova ampliación para que non se perdese ese millón de euros. Repito que isto non ten nada que ver coa xestión do anterior concelleiro de Cultura nin co tenente de alcalde, senón cos graves problemas urbanísticos dos edificios da contorna. Ese mesmo xuño de 2011 enviámoslle un escrito ao Ministerio de Cultura solicitando unha ampliación para o remate da primeira fase dese proxecto e ao final conseguimos que nola desen ata novembro de 2011, data na que se rematou a primeira fase que é a da parte estrutural do edificio. Agora son necesarios preto de 900.000 euros para rematar a actuación

interior de edificio e logo poñelo en marcha.

O Sr. Domínguez Olveira é consciente das reducións orzamentarias, pero estamos dispostos, e estámolo facendo, a dirixírmonos a todas as administracións para poder rematar e poñer en marcha este centro galego de arte fotográfica.

Pídolle ao vicepresidente da Deputación, que é concelleiro desta cidade, que apoie este proxecto.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sr. Domínguez Olveira, coincidimos en moitas cousas, pero o que non entendo é que se me implique con D. Roberto Varela cando el é embaixador en Uruguai e eu estou en Vigo de profesor de Historia.

Unha vez máis quero lembrar que hai xustamente un mes o Grupo municipal do Partido Popular presentou unha moción neste Pleno que intentaba desenvolver un plan de acción cultural que implicaría aos tres grupos da Corporación, pero semella que non interesou.

Lembrarán que na exposición da moción falouse dos arquivos fotográficos e tamén do esquecemento do goberno municipal do Centro de Fotografía, un dos plans estrela do BNG na súa etapa de goberno. Insistíase na idea dun grupo de traballo e en abrir as portas á colaboración entre as diferentes institucións, pero non lles interesou.

O Grupo municipal do Partido Popular foi o primeiro en saír diante dos medios para solicitar do goberno municipal unha urxente solución para sacar adiante o Centro de Fotografía, sempre dende o ámbito do diálogo e da colaboración.

O proxecto ten unha importancia extraordinaria para a nosa cidade que se podería converter nun referente non só nacional, senón tamén internacional porque lles lembro que nesta cidade está depositada a colección do Arquivo Pacheco e hai a posibilidade de incorporar a este centro o Arquivo Ksado e por fin recuperar para Vigo os fondos da Colección de Llanos. É importante lembrar a conveniencia de denominar a este proxecto Centro de Documentación Fotográfica.

Preténdese demostrar a necesidade da creación dun centro de documentación fotográfica a nivel galego, pero tamén a nivel nacional e internacional no que se inclúa para a súa organización e conservación toda a documentación existente deste tipo e dispersa en diversas institucións. Para iso se estudarán os arquivos fotográficos xa coñecidos e organizados, os seus fondos e os seus modos de

traballo, así como as institucións que xeren e/ou conserven documentos fotográficos. Así mesmo estudarase a fotografía como documento co fin de xustificar a necesidade de conservación destes materiais. Por todo iso terase que planificar o modelo de centro que queremos para Vigo e os antecedentes conceptuais para definir o seu futuro. Non se trata de abrir un contedor, hai que ter moi claro os seus contidos e os seus obxectivos cara toda a sociedade.

A fotografía estivo e está presente en calquera actividade social, de aí que apareza con entidade propia ou vinculada a outros documentos en calquera institución ou empresa. Os documentos fotográficos están dispersos en álbums, coleccións, fototecas, arquivos ou museos onde atopamos conxuntos documentais de excepcional valor histórico, informativo e artístico. É por iso que se deben crear centros coma este dedicados á súa recompilación, conservación, análise ou difusión con fins lucrativos ou non.

Apoiar as actividades de todos estes centros é a primeira tarefa de recuperación, é o fin do profesional investigador, científico ou afeccionado. Gran parte destes centros non difunden os fondos, nin tampouco realizan o complexo proceso da cadea documental xa que o sinxelo labor de adquisición é ás veces tan difícil coma vital para a conservación das coleccións.

Tanto o Sr. López-Chaves coma o Sr. López Carreira, anteriores concelleiros de Cultura, coñecen ben este tema.

Os historiadores realizaron un importante labor divulgativo e actualmente as fotografías non só son valoradas, senón que cobizadas polos responsables dos centros de documentación, tanto polo seu contido como polo seu continente.

Ao investigaren sobre estes centros atopámonos con que habería que abrir dúas vías diferenciadas en canto á súa xestión e administración: fondos conservados en organismos oficiais, controlados polos poderes públicos e empresas cuxo negocio consiste en ofrecer ao usuario un servizo de aluguer e cesión de ditos documentos. A recuperación e catalogación correspóndelles a ambos, organismos públicos e empresas privadas, e as funcións de cada quen se poden contemplar dende varios puntos de vista.

Os organismos públicos poderían preservar e conservar os documentos, o proceso documental e difundir e dar a coñecer os documentos. As entidades privadas igual: preservar, documentar, promocionar e rendibilizar e isto implica evidentemente o

desenvolvemento empresarial. Pero as institucións públicas realizan actividades específicas e na maioría dos casos a súa función non ten relación coa fotografía, se ben para o seu tratamento creáronse departamentos especiais.

A recuperación de obras de autores esquecidos e/ou ignorados contribuíu á creación de novos arquivos e fototecas en concellos, deputacións e comunidades autónomas valorando na súa xusta medida...

O noso voto é afirmativo, coherente e responsable e evidentemente creo que é un beneficio moi grande para esta cidade porque xera riqueza, emprego e sobre todo é un atractivo para a futura mocidade que rematen os seus estudos no IES Audiovisual do que falamos antes. Como tamén ten que ver co futuro da mocidade galega e desta cidade.

*O Sr. Relova Quinteiro foi interrompido durante a súa intervención por unha persoa presente no Salón de Plenos, tendo que pedir silencio reiteradamente a Alcaldía-Presidencia.*

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Silva, os vos proxectos mantéñense non con palabras, senón con traballo. Vostede relatounos unha historia que, segundo as súas propias palabras que non as miñas, remata en novembro de 2011. Fíxense que ben lles deixamos o Centro Galego de Fotografía que vostedes toman posesión en xuño de 2011 e segundo vostede mesma en novembro de 2011 ese centro está rematado. Foron nada máis nin nada menos ca sete meses nos que non fixeron nada e iso díxoo vostede mesma. En sete meses ben puideron poñerse de acordo co Ministerio ou coa Xunta, polo menos intentar facer as xestións e ben puideron buscar orzamentos porque non son 900.000 euros, Sra. Silva, por menos llo xestionaríamos nós pero agora estamos na oposición. Ben puideron facer algo máis.

Con respecto ao que hai que facer no Centro Galego de Fotografía eu sigo mantendo que é rendible. Hai que traballar coa Universidade; Vigo pode ter unha cátedra internacional de fotografía, a Vigo podemos traer másters internacionais que tamén deixan cartos na cidade, Vigo ten hoxe unha colección do máis importante a nivel europeo coma é a de Vigo-Visións e o que se recolle da Fotobienal e hoxe hai moitos cidadáns, non só de Vigo senón de Europa, que

pagarían por ter copias debidamente enmarcadas e demais de fotografías que nós posuímos. Non podemos perder ese tesouro e por iso me alegra que apoiem esta moción, pero non descansaremos de verdade ata que o centro galego estea aberto e funcionando.

Sr. Relova, acábame de dar unha lección maxistral do que é un centro de fotografía cunha conclusión: nun centro de fotografía debe haber fotos. Evidentemente, creo que iso todos máis ou menos sabémolo, pero esa defensa e esa coherencia que amosa dicindo que o Centro Galego de Fotografía é importante e pode ser un referente, eu píddolle que esa mesma coherencia na defensa deste proxecto, que eu lle agradezo, a utilice tamén diante dos seus compañeiros, diante do vicepresidente da Deputación que está ao seu carón, diante da Xunta de Galicia e diante do goberno central porque hai outros centros de referencia menos importantes ca este noutros territorios do Estado que si obtiveron todo o apoio do goberno central, das comunidades autónomas e demais, senón vaiamos Madrid ou Valencia, por poñer un exemplo.

Este Centro Galego de Fotografía non lle ten que envexar nada a eses referentes onde o Sr. Rajoy e os señores do Partido Popular investiron moito. Cun pouco do que se inviste na Cidade da Cultura teríamos subvencionado este Centro galego da fotografía.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando tomar medidas para a apertura do Centro Galego de Fotografía, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (120).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO A INSTALACIÓN DE BAMBÁNS ADAPTADOS E PROMOVER A PARTICIPACIÓN DE DISCAPACITADOS NOS ACTOS FESTIVOS. EXPTE. 466/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 15 de maio de 2012, número 466/1101, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“Unha cidade humanizada é aquela que consegue integrar a todos aqueles que a habitan, aquela que acada a convivencia entre nenos, adultos e maiores, a que consegue normalizar as actividades de todos aqueles que sofren algún tipo de discapacidade física, intelectual ou sensorial, cidadáns de pleno dereito, con ambicións, desexos e ganas de participar na sociedade.

Neste contexto a reivindicación de todos aqueles colectivos que traballan no ámbito da integración deben ser asumidas polas Administracións públicas, especialmente pola máis próxima ao cidadán, os concellos.

Estas demandas xa se están a materializar nas actuacións de moitos concellos, que incorporan elementos de integración nas zoas de xogos e realizan melloras en materia de accesibilidade, tanto nestas areas como nas actividades de ocio e tempo de lecer.

Por todo isto, o grupo municipal Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- Instalar bambáns adaptados nas zoas de xogos en cada un dos barrios da cidade.

Segundo.- Promover a participación activa de nenos e nenas con discapacidade física, intelectual ou sensorial nas festas con cabalgatas, pasacalles e desfiles, establecendo unha porcentaxe mínima equivalente á legalmente establecida para os procesos selectivos para o acceso a postos de traballo.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do día 21 de maio de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data 25 de xuño:

Substituír os dous puntos do acordo presentado polos dous seguintes:

Primeiro.- Garantir a accesibilidade de todas as persoas con algún tipo de discapacidade en todas as zonas de xogo dos parques da cidade, instalando así mesmo os distintos elementos que permitan gozar do lecer a estas persoas.

Segundo.- Promover a participación activa de nenos e nenas con discapacidade física, psíquica e sensorial, en todo tipo de actividades que organice o Concello,

fomentando así mesmo actividades propias para que estes nenos e nenas poidan gozar do lecer na nosa cidade

DEBATE.- SRA. CENDÓN ALONSO: As obrigas das administracións na eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación dos espazos ás necesidades das persoas con discapacidades atópanse perfectamente lexisladas. Existen ademais recomendacións nas normas UNE 1176 e 1177, pero o que parece máis importante é que é unha cuestión afortunadamente incorporada xa á cultura cidadá, aínda que ao meu compañeiro do Grupo Popular, D. Pablo Beiro, isto lle pareza insuficiente. Curiosamente tamén lle parece insuficiente a asociacións e colectivos que traballan no ámbito da discapacidade porque nos manifestaron que medidas, como a da adaptación de parques infantís, seguen a ser unha materia pendente na nosa cidade malia que isto representa un custo moi baixo para as arcas municipais.

Sen embargo outros concellos están conseguindo que os seus parques aos poucos vaian facéndose accesibles e adaptados a calquera tipo de usuario sen exclusión, deseñándoos e reformándoos para a integración de calquera tipo de discapacidade: mobilidade reducida, discapacidade física, sensorial ou intelectual, coa finalidade de que todos os cativos poidan xogar neles e gozar e normalizar as súas actividades de lecer.

Sen embargo as empresas dedicadas a este sector si fixeron un esforzo e gracias a isto proliferaron xogos adaptados en cores rechamantes para que resulte máis fácil a utilización por cativos con déficit visual, tamén para cativos con necesidade de estimulación. Xogos de distintas texturas e materiais para aqueles cativos con visibilidade nula, carteis en braille, xogos a ras do chan con ramplas que permiten o uso polos cativos en cadeira de rodas e adaptacións técnicas ou ortésicas, bambáns nos que caben dúas persoas para que poidan subir acompañados quen o precisen e, os que máis nos gustan, xogos mixtos nos que poden participar varios cativos con calquera tipo de discapacidade. Trátase de mesturarse, señores concelleiros, como di a canción.

O mercado é moi amplo, só hai que ter vontade de facer e elixir o modelo máis axeitado. Non serven actuacións illadas e pouco profesionais como a de Bouzas que acabou converténdose nun conflito cos colectivos. Trátase de elaborar un plan e un cronograma. Tampouco de deseñar parques específicos, como algunha vez



escoiteille a algún concelleiro. Trátase de mesturarse, de que os avós e avoas usuarios de cadeiras de rodas poidan entrar nos parques, de que os cativos con discapacidade poidan xogar cos seus irmáns ou sen eles.

Tamén nas celebracións, nos desfiles e nas cabalgatas temos a obriga de incorporar rapaces e rapazas con discapacidade porque non desexamos volver atopármonos coa penosa situación de que se pretenda excluír a unha nena con discapacidade dunha carroza na Cabalgata de Reis alegando que o seguro non cubriría un potencial accidente; menos mal que a intercesión do Rei Melchor e a indisciplina de alguén conseguiu o milagre. Propoñemos que, ao igual que nos procesos selectivos de persoal, se determine polo menos unha proporción mínima de participación nestes eventos.

Por todo o anterior dende o Grupo municipal do Partido Popular elevamos para a súa aprobación, se procede, a seguinte proposta: Adaptación progresiva e no menor tempo posible de todos os parques infantís da cidade, dando prioridade en primeiro lugar a aqueles que se atopen máis próximos a recursos e servizos de atención a nenos e nenas con discapacidade. Suprimir todo tipo de bordos, chanzos ou pavimentacións que atranquen o acceso aos mesmos a persoas con discapacidade. Todas aquelas reposicións de mobiliario en parques xa existentes faranse dando prioridade a este obxectivo; todos os de nova construción serán adaptados e así mesmo se lles pedirá ás empresas concesionarias que realicen acondicionamentos de superficies, como as concesionarias dos aparcadoiros, que cumpran esta esixencia. Así mesmo propoñemos en todas as festas con desfiles e cabalgatas con limitación de participantes a inclusión de rapaces con calquera tipo de discapacidade, ben física, psíquica ou sensorial e o mesmo para actividades de lecer como campamentos, etc.

A PRESIDENCIA: Antes da quenda de grupos quero dicir que o texto da moción figura por escrito e non é o que se acaba de ler. Debemos ter textos distintos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Presidente, gustaríame que se clarexase este tema antes de que corra o meu tempo.

Unha cuestión de orde: nós vimos debater aquí e evidentemente preparamos este debate en torno a unha moción que se ditaminou na comisión informativa. A

moción que nos acaba de ler a Sra. Cendón non ten absolutamente nada que ver coa moción que se ditaminou en comisión informativa.

A PRESIDENCIA: Teño que dicir que a moción que se está a debater ten a seguinte proposta: “Instalar bambáns adaptados nas zonas de xogos en cada un dos barrios da cidade. Segundo, promover a participación activa de nenos e nenas con discapacidade física, intelectual ou sensorial nas festas con cabalgatas, pasarrúas e desfiles, establecendo unha porcentaxe mínima equivalente á legalmente establecida para os procesos selectivos para o acceso aos postos de traballo”. Este é o texto da proposta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A Sra. Cendón é moi libre de presentar a moción que queira, pero ten que respectar as mocións que se ditaminan porque o debate é substancialmente distinto e é substancialmente distinta a moción que acaba de ler da que presentou.

Cando falamos de temas de nenos e nenas con discapacidade de calquera tipo -física, intelectual ou sensorial-, non nos debemos deixar levar por unha cuestión mediática ou porque apareza un problema determinado nun bambán determinado dun parque da cidade. Hai que falar con máis amplitude e sobre todo cando estamos falando de persoas que teñen esa discapacidade.

Sei que ao mellor non é ese o motivo, pero pola súa moción parece que o que queremos é que traíamos a estes rapaces e rapazas a unha serie de cousas e que aínda por riba se lles note.

Dende o BNG non entendemos a integración social para que se lles note e precisamente, pola contra, nós aspiramos a unha cidade onde non se lles note porque iso quererá dicir que somos quen de normalizar unha verdadeira integración destas persoas.

Remítome a esta moción e por iso paréceme moi pobre instalar bambáns adaptados nas zonas de xogos en cada un dos barrios da cidade. Eu aspiro a que todas as zonas de xogo da cidade teñan accesibilidade para todos e todas. Aspiramos a que se faga un esforzo para que nesta cidade desaparezan as barreiras arquitectónicas, esforzo coma o que fixemos durante os catro anos anteriores que mesmo nos valeu un recoñecemento a nivel estatal. Aspiro a que

non haxa un bambán adaptado en cada zona de xogos, senón a que todos os nenos e nenas, teñan a condición ou a discapacidade que teñan poidan entrar sen ningún tipo de problema e acceder a eses parques.

Limitar a integración social destes nenos a que participen en cabalgatas, pasarrúas e desfiles, volvemos dicir o mesmo, para que se lles note? Non, eu aspiro e ademais demando do goberno local que promova actividades e que todas aquelas actividades de lecer, de cultura ou deportivas sexan absolutamente accesibles a todos e a todas, pero todas e cada unha das actividades. Eu non quero que haxa un, dous, catro ou cinco días ao ano que estes rapaces pasen polas rúas e se lles vexa, quero que poidan ser visibles todos os días do ano xunto cos demais compañeiros e compañeiras da súa condición.

En definitiva, parécenos que tamén hai unha gran contradición na moción porque a igualdade de oportunidades, Sra. Cendón, hai que manifestala en todas e cada unha das actividades nas que estes nenos teñen dereito a participar.

Nós presentamos unha emenda á moción que trae o Partido Popular, vai na mesma liña pero ampliándoa a esta filosofía que nos parece máis importante porque o Partido Popular lles está negando a estas persoas con discapacidade o dereito a unha atención sanitaria cando se lles reducen logopedas nos centros de atención sanitaria, cando non se cobren as prazas de psicólogos ou persoas especialistas nesta atención, cando non se cobren as prazas de profesorado de apoio para estes nenos e nenas nos centros de ensino ou cando se reducen as axudas da Xunta de Galicia ás asociacións culturais e demais índole que xuntos traballan precisamente con estes nenos e nenas. Ogallá non nos fixemos só nos parques, que tamén, senón que nos fixemos en facer unha verdadeira política de integración social e non de escaparate.

Eu non quero que os nenos e nenas con algún tipo de discapacidade sexan utilizados para que sexan escaparates porque non o son, son nenos e nenas desta cidade con absolutamente os mesmos dereitos ca calquera outro neno ou nena.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. Cendón, hai tempo neste Pleno díxenlle que me negaba a debater sobre este tema pero me obriga vostede a clarexar dúas cousas. En política tamén hai límites e vostede superounos absolutamente todos dun xeito vil, rastreiro e propio dun programa de tele-lixo e non dun Pleno do Concello de

Vigo. Utiliza unha realidade social que require un tratamento especial, sensible e sobre todo humano, allea a toda sensibilidade pola súa parte.

Esíxolle que retire o que acaba de asegurar. Como se atreve, Sra. Cendón, a dicir que se excluíu a unha rapaza da Cabalgata de Reis? Non me faga traer aquí aos pais da nena, vaime facer traer aquí á nena que foi a persoa máis feliz do mundo.

Sra. Cendón, a min que son do Partido Socialista non me ten que dar ningunha lección sobre independencia porque o noso partido foi o que creou a Lei de dependencia no ano 2006 e o seu partido co Sr. Núñez Feijóo, que xa é máis ca Deus, asina os catorce mandamentos, pois que os cumpra. Os artigos dez e catorce din sobre a dependencia efectiva: "Dotar aos dependentes de asistencias de garantías para que reciban o servizo que coa lei lles corresponde".

Cando eu comecei na escola o primeiro que fixen foi pedir a redución de alumnos na aula porque tiñamos moitos e ás veces non sabiamos nin como se chamaban. Pelexamos pola integración real e efectiva, Sra. Cendón, conseguimos profesores de apoio, de audición e linguaxe, de pedagogía terapéutica; conseguimos que os cativos tivesen unha integración real, que non se sentiran discriminados e todo isto co Partido Socialista. Chegaron vostedes e recortaron porque a Sra. Merkel así o dixo, recortaron onde máis se necesita que é en educación e atención; recortaron aí.

É inmoral que estean utilizando algo como é o bambán de Bouzas. Xa estou cansa deste bambán e dóeme especialmente que utilzasen a unha nai que tivo que saír publicamente dicindo que fora o alcalde de Vigo quen lle dixera que quen necesitara un arnés pasará polo Concello que o obtería. Xa que son tan dados a buscar información, entren na hemeroteca e comprobén que foi a nai quen dixo isto. Por certo, a miña admiración para Vanessa, nai de Alex a quen hoxe lle poño nome.

A min non me gusta a palabra que utilizan porque eu falo de xustiza social e vostedes de caridade; aí é onde nos diferenciamos. Esa rampla, Sra. Cendón, fíxose cun alcalde socialista e non cunha alcaldesa do Partido Popular. Teño outros exemplos como as padiolas adaptadas para que a xente se poida bañar, os sábados dinámicos e cun goberno do BNG e Partido Socialista adaptouse a entrada ao auditorio municipal. Xa sendo eu concelleira de Festas había unha zona especial para as persoas que tiñan necesidades específicas, pero cun goberno presidido por

D. Abel Caballero adaptouse a entrada porque coas cadeiras de rodas era imposible entrar por alí.

Díxenlle unha vez que o valor se demostra, pois tamén a sensibilidade e hai determinadas cousas que non se deben tratar con esa frivolidade; iso noutros sitios, noutros programas porque aquí estamos no Pleno do Concello de Vigo e somos os representantes do pobo, temos a obriga de defender a todos e cada un dos nosos cidadáns. Non podemos utilizar determinados aspectos (porque non me gusta utilizar algunhas palabras) para facer política, en política non serve todo, Sra. Cendón.

SRA. CENDÓN ALONSO: Teño que aclarar que o único que fixen eu foi explicar a moción, pero por suposto que a que traemos para aprobación é a que figura na orde do día.

Sra. Abelairas, faloume de frivolidade cando vostede mesma dixo que de cartos non entendía pero si moito de sentido común. Sentido común ningún. Eu non montei a lea de Bouzas, montouna vostede pola súa improvisación e a súa frivolidade. Vostede foi quen utilizou o tema de Bouzas con dúas inauguracións en época electoral, iso é o que pretendían.

Sr. Domínguez, nós non facemos demagogia nin pretendemos facer escaparate cos discapacitados, son outros quen o fixeron. Eu pedinlle persoalmente a vostede poñer un arnés na Asociación veciñal e falei con vostede varias veces, tróuxeno a Pleno teimudamente, pero non é ese tema puntual o que me preocupa, aínda que si que o alcalde dixo que eramos unha cidade pioneira porque colocáramos ese bambán. A actuación foi tan frívola, Sra. Abelairas, que claro que non entende vostede de cartos porque puxo o máis caro e o peor.

Este bambán que lle amoso neste foto é o máis barato do mercado e pódese utilizar por nenos con e sen discapacidade e iso é o que queremos, mesturalos; queremos normalizar.

O dos desfiles e cabalgatas dixémolo por unha sinxela razón. O que a Sra. Abelairas dixo é mentira porque á nena non a podemos traer aquí para que fale porque non fala, non ten linguaxe; á nai coñézoa e eu tívenllo que pedir ao Rei Melchor e vostede, Sra. Abelairas, sabe perfectamente que dende o seu departamento se lle negou a participación e afortunadamente, como dixen, gracias á indisciplina de

alguén esa nena puido ir na cabalgata.

Ao mellor o que se necesita neste momento é discriminación positiva, a mesma que fixemos coas mulleres.

Aínda que pareza irrelevante o que eu estou dicindo é que non poden utilizar os parques e seino porque fun aos parques de recente modificación. Vostedes poñen ramplas pero logo acaban en area e todos sabemos que a area é unha pista de freada e as cadeiras de rodas non poden circular por ela. Entón temos unha rampla que acaba en area que é unha pista de freada. Non poden acceder nin os cativos, nin os avós, nin os pais, nin os irmáns; téñense que quedar fóra, Sra. Abelairas. Pódolle falar do recentemente adaptado parque do Castro porque ten algúns bambáns adaptados aos que non poden acceder os nenos con cadeiras de rodas porque hai chanzos.

A PRESIDENCIA: Sra. Cendón, debería pronunciarse sobre se acepta a emenda de substitución do Bloque Nacionalista Galego.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Non a coñezo, non ma facilitaron.

A PRESIDENCIA: Procedo a lela para que se forme unha opinión: “Substituír os dous puntos do acordo presentado polos dous seguintes: Primeiro, garantir a accesibilidade de todas as persoas con algún tipo de discapacidade en todas as zonas de xogo dos parques da cidade, instalando así mesmo os distintos elementos que permitan gozar do lecer a estas persoas. Segundo, promover a participación activa de nenos e nenas con discapacidade física, psíquica e sensorial en todo tipo de actividades que organice o Concello, fomentando así mesmo actividades propias para que estes nenos e nenas poidan gozar do lecer na nosa cidade.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: É exactamente o que eu presento. Como non a vou aceptar se é o que nós propoñemos?

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da emenda de substitución do Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a emenda de substitución formulada polo voceiro de Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira e, xa que logo, apróbanse os seguintes puntos:

Primeiro.- Garantir a accesibilidade de todas as persoas con algún tipo de discapacidade en todas as zonas de xogo dos parques da cidade, instalando así mesmo os distintos elementos que permitan gozar do lecer a estas persoas.

Segundo.- Promover a participación activa de nenos e nenas con discapacidade física, psíquica e sensorial, en todo tipo de actividades que organice o Concello, fomentando así mesmo actividades propias para que estes nenos e nenas poidan gozar do lecer na nosa cidade

*Ao teren sido aprobada a anterior emenda de substitución, a Presidencia xa non somete a votación a proposta da Sra. Cendón Alonso.*

4.3.- (121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE VIXILANCIA DA CONTRATACIÓN ASÍ COMO A COMISIÓN CITADA NO ART. 56 DO REGULAMENTO DO PLENO. EXPTE. 485/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 14 de xuño de 2012, número 485/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“O regulamento orgánico do Concello de Vigo aprobado polo Pleno desta Corporación, contempla a creación dunha comisión de vixilancia da contratación e dunha comisión de seguimento.

No caso da Comisión de vixilancia da contratación, o regulamento establece que é o órgano de vixilancia da contratación sendo o obxecto da mesma garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, obxectividade, transparencia e eficacia na contratación pública.

Xa dende o anterior mandato o Grupo Municipal do Partido Popular ven demandando a convocatoria desta comisión e mesmo foi aprobada a súa constitución polo Pleno do 4 de setembro de 2008, sen que nunca chegase reunirse. Cumprido un ano deste novo mandato segue sen reunirse.

Respecto da Comisión de seguimento ,o Regulamento establece que se constitúe co fin de avaliar a eficacia e a eficiencia das decisións do goberno municipal, así como o cumprimento e a execución das mocións aprobadas polo Pleno.

Por todo isto, o grupo municipal do Partido Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocar a Comisión de vixilancia da contratación, facilitando aos grupos municipais toda a información necesaria coa antelación suficiente para que poidan cumprir co obxecto da comisión, especialmente toda a información relativa aos contratos menores asinados polos servizos municipais, incluída a Alcaldía, que non son obxecto de control da Mesa de Contratación deste Concello.

Segundo.- Instar ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocar a Comisión de seguimento co fin de avaliar a xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos membros do equipo de goberno que ostenten delegacións.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do día 18 de xuño de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: O Regulamento do Pleno do Concello de Vigo aprobado por esta Corporación contempla a creación dunha comisión de vixilancia da contratación e dunha comisión de seguimento. No caso da comisión de vixilancia da contratación o Regulamento establece no seu artigo 55 que “...é o órgano de vixilancia da contratación sendo o obxecto da mesma garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, obxectividade, transparencia e eficacia na contratación pública”.

Xa dende o anterior mandato o Grupo municipal do Partido Popular ven demandando a convocatoria desta comisión da que a súa constitución aprobouse polo Pleno o 4 de setembro do 2008 sen que nunca se chegase reunir. Un ano despois deste novo mandato segue sen se reunir cando dende o Partido Popular se denunciou en reiteradas ocasións a falla de xestión e control que hai no goberno da cidade.



Lamentablemente os documentos oficiais dan a razón a esta denuncia porque o ano pasado aboáronse máis de seis millóns de euros en concepto de indemnizacións substitutivas, é dicir, contratos de servizos que non están actualizados nin licitados e na maioría dos casos, segundo figura nos informes, con contratos prorrogados de oficio porque non se convocou o correspondente concurso público. De acordo cos informes dos técnicos, son servizos que se prestan sen a recomendable cobertura contractual e como exemplo están nesta situación a limpeza de dependencias municipais, vixilancia do Museo de Castrelos ou xestión do Verbum sen que o goberno faga nada para o remediar.

Sen concurso público o custo da prestación do servizo pode ser maior que de haberen unha licitación. Só a limpeza das dependencias municipais ten un custo anual de 2,2 millóns e o contrato caducou a finais de 2006, pero o goberno de Caballero non convocou o concurso nos cinco anos que leva no poder. A vixilancia privada das instalacións culturais tamén está na mesma situación cun custo anual de 220.000 euros; o Verbum está xestionado por unha empresa de seguridade e tamén sen concurso público dende maio do 2007, a seguridade do Museo de Castrelos que ata o 2010 corría a cargo da Policía Local está en mans dunha empresa privada cunha adxudicación directa.

Que coñeza o Grupo municipal do Partido Popular hai polo menos once servizos municipais que están na mesma situación. Estes servizos prestados de forma externa teñen informes da Intervención municipal que cuestionan o procedemento, mesmo nalgún deles faise constar que se descoñece quen tomou a decisión de realizar ditos contratos ou de mantelos así.

Ao goberno dálle igual. O seu desleixo e falla de xestión provoca que a maquinaria municipal funcione por si mesma sen dirección política. Os funcionarios teñen que asumir moitas veces competencias que non lles corresponden pola inacción política dos concelleiros do goberno.

Respecto da comisión de seguimento o Regulamento establece que se constitúe coa finalidade de avaliar a eficacia e a eficiencia das decisións do goberno municipal, así como o cumprimento e a execución das mocións aprobadas no Pleno. O artigo 56 do Regulamento orgánico do Pleno é moi claro na súa redacción, fala de que é unha comisión que hai que constituír consonte co disposto na lexislación básica estatal; refírese ao artigo 20 parágrafo c) da Lei reguladora de bases de

régime local. É dicir, están incumprindo unha lei de ámbito nacional.

Por exemplo no que vai de mandato, é dicir un ano, o Grupo municipal do Partido Popular presentou un total de 32 propostas en forma de mocións. Delas vinte e unha aprobáronse e unha maioría por unanimidade, pero ningunha delas aínda se executou, nin sequera se comezaron xestionar. O goberno do Sr. Caballero segue facendo caso omiso das mocións que se aproban nos Plenos, nin das aprobadas por unanimidade, nin das que contan co voto en contra ou coa abstención dos socialistas.

En resume, non cumpren nin as normas que vostedes mesmos redactan e aproban. Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo: Instar ao alcalde do Concello de Vigo a convocar a Comisión de Vixilancia da Contratación, facilitando aos grupos municipais toda a información necesaria coa antelación suficiente para que poidan cumprir co obxecto da comisión, especialmente toda a información relativa aos contratos menores asinados polos servizos municipais, incluída a Alcaldía, que non son obxecto de control da Mesa de Contratación deste Concello. Instar ao alcalde do Concello de Vigo a convocar a Comisión de Seguimento co fin de avaliar a xestión o alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos membros do goberno que ostenten delegacións.

SR. ALONSO PÉREZ: Votaremos a favor desta moción porque para o BNG, tanto no goberno como na oposición, sempre hai que garantir os principios de publicidade, libre concorrência, obxectividade, transparencia e eficacia na contratación pública e máis nos tempos que corren de desconfianza da sociedade.

Ademais tamén é importante para nós que funcione a Comisión de Seguimento para poder avaliar a eficacia e a eficiencia das decisións do goberno municipal, así como o cumprimento e a execución das mocións aprobadas polo Pleno por proposta dos grupos políticos municipais non integrados no equipo de goberno, como di o Regulamento.

Como se sabe, unha das razóns polas que o BNG condicionou a aprobación dos orzamentos foi recuperar a democracia no Concello, que se cumpriran os acordos plenarios e lembro aquí o acordo coa Asociación veciñal de Teis, FAVEC, etc. Nesa liña o BNG cre que é preciso que a Comisión de Seguimento funcione e non só dun

xeito puntual, senón que sirva para ter un seguimento continuo sobre a democracia do Concello e o cumprimento das mocións do Pleno.

Aprobaremos a moción tanto para que se constituía a comisión de garantías coma a de seguimento.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A primeira cousa que teño que dicir é que este alcalde e este goberno si cumpren con toda a normativa legal. Proba diso e a modo de exemplo están todas as sentenzas xudiciais por infraccións urbanísticas doutros gobernos que por imperativo legal se trouxeron e aprobaron neste Pleno. Polo tanto si que se cumpre con todos os mandatos legais.

Ademais este goberno cumpre cos principios de transparencia e publicidade como nunca se cumpriran ata agora e por iso relatarei unha serie de feitos e datos.

Hai catro anos o goberno instaurou unha páxina web de información económica con toda a información do Concello, nela están os orzamentos, as liquidacións, os niveis de endebedamento, os remanentes..., polo tanto toda a información económica do Concello.

Nestes momentos está funcionando unha Mesa de Contratación na que participan membros tanto do Grupo Socialista como do Bloque Nacionalista Galego que teñen acceso a toda a información e a todos os contratos tramitados pola Lei de contratos do sector público. Nesa Mesa de Contratación onde todos teñen voz e voto, tanto os membros do Partido Popular como os do Bloque Nacionalista Galego, todas as adxudicacións aprobáronse por unanimidade. Tamén nestes momentos temos unha páxina web que se chama “Perfil do contratante” onde está colgada toda a información da Mesa de Contratación; hai pregos, informes económicos e técnicos, datas de adxudicación e de apertura de plicas e mesmo, aínda que a lei non o esixe, aí constan contratos menores para que todo o público teña acceso a eles e poida acudir a un contrato menor exactamente nas mesmas condicións ca un contrato aberto.

O goberno no Pleno do 31 de maio de 2012, aprobou un Regulamento no que consta a constitución de dúas comisións, a de Vixilancia da Contratación e a de Seguimento; foi este goberno quen decidiu aprobar este Regulamento e polo tanto crear estas dúas comisións. Tamén se pode comprobar que na orde do día de calquera Pleno, mesmo na de hoxe, van todas as resolucións tanto da Alcaldía

como as das dos distintos concelleiros-delegados, polo tanto son públicas todas as actuacións do alcalde e dos concelleiros-delegados.

Tamén todo o que se acorda en Xunta de Goberno é público e, tal e como poden constatar vostedes, toda a información fotocópiase polo Partido Popular e polo tanto ten acceso a todo, mesmo nesas reunións da Xunta de Goberno dáse conta deses contratos menores das distintas concellerías e polo tanto son de acceso público para todos.

A maior proba de que se cumpren os principios de transparencia e publicidade por parte deste goberno é o que estamos facendo: esa páxina web do perfil do contratante e todas as resolucións que veñen ao Pleno. Foi precisamente este goberno quen incluíu no Regulamento esas dúas comisións.

Eu preguntome que fai a Deputación. Aquí estase pedindo que se convoque unha comisión e como xa estamos cumprindo con toda a normativa legal coa Mesa de Contratación, con toda a información económica, coa información sobre os contratos, a miña primeira intención é a de modificar e presentar unha emenda pola que se inste ao alcalde, ao presidente da Xunta e ao presidente da Deputación a que constitúen a Comisión de Vixilancia da Contratación. Exactamente todos iguais, o principio de transparencia é para todos o mesmo e polo tanto se o Partido Popular en Vigo insta ao goberno á constitución desas comisións, tamén haberá que instar ao presidente da Xunta e ao da Deputación a que poñan en marcha a Comisión de Contratación e a de Seguimento que ningún dos dous teñen no regulamento.

Nin a Xunta de Galicia nin a Deputación teñen nestes momentos unha Comisión de Seguimento, é máis, a información que lles proporciona a Deputación aos deputados provinciais fano con menos de vinte e catro horas. Aquí cúmprense todas as condicións da lei, nestes momentos este goberno cumpre con todos os principios de transparencia e sen embargo na Deputación os grupos da oposición non están na Mesa de Contratación o que demostra a colaboración deste goberno fronte á da Deputación.

Propoño unha emenda ao primeiro punto da moción. Dado que as comisións veñen reguladas polo Regulamento e dado que nós imos aceptar a proposta seguindo todo o que figura no Regulamento porque imos cumprir coa lei, a emenda sería ao primeiro punto: Instar ao alcalde-presidente do Concello de Vigo a convocar a

Comisión de Vixilancia da Contratación facilitándolles aos grupos municipais toda a información necesaria coa antelación suficiente para que poidan cumprir co obxecto da comisión de acordo co Regulamento.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Está claro, Sra. Díaz, que ou non se decata ou non se quere decatar, está esquivando o fondo do asunto. Explicareime doutro xeito.

Vostede debería saber perfectamente que pola Mesa de Contratación tan só pasou unha parte da contratación do Concello, só pasan os contratos grandes, é dicir, todos aqueles que a Lei de contratos do sector público non considera contratos menores, que son todos os contratos de obras de menos de 50.000 euros e os de servizos e asistencia menores de 18.000 euros. Segundo o artigo 183 da Lei de contratos do sector público, estes contratos menores son de adxudicación directa polos concelleiros delegados, é dicir, non os hai que sacar a concurso, as únicas limitacións que lles pon a lei son que exista crédito para os pagar, que non sexan de duración superior a un ano e que non sexan prorrogables.

O tema é que ao non pasaren pola Mesa de Contratación non temos acceso a estes contratos e non sabemos nin o que se contrata nin a quen se lle contrata, co que desaparece a obxectividade, transparencia e eficacia da contratación. Ademais as Bases de execución do orzamento do Concello, en concreto a Base trixésima primeira, di que os concelleiros-delegados mensualmente darán conta á Xunta de Goberno Local dos seus expedientes de contrato menor autorizados na súa área. Esta é outra das cousas que habitualmente incumpren xa que moi poucas concellerías dan conta á Xunta de Goberno dos contratos menores que asinan e dende logo a Alcaldía, dende que goberna Caballero, xamais deu conta dos seus contratos menores, administra o seu orzamento coma se de fondos reservados se tratase. En resume, ninguén sabe canto gasta, en que o gasta e a quen se beneficia a golpe de contratos menores. Así que se queren presumir de transparencia, convoquen a comisión e poñan toda a documentación enriba da mesa.

Outro apuntamento é que durante o goberno de Corina Porro esta comisión estivo operativa, reuníase mensualmente e daquela a oposición tiña acceso a todos os contratos menores que se realizaban.

Cren que o Concello de Vigo é a república independente de Abel? Que é isto? Un

novo modelo de xestión baseado en fondos reservados? Non se pode traballar así, así non se funciona. Como pode presentar unha emenda a esta moción onde misteriosamente se elude a parte de contratación menor? Non interesa, Sra. Díaz, sacar ese punto? Que sucede? Non interesa sacar á luz todo o que hai, as contratacións menores? Como se tora un contrato maior? Non cumpren o Regulamento e deberíano cumprir.

Están defendendo algo que non ten ningunha xustificación. Non aceptaremos a emenda á moción.

Emenda formulada “in voce” durante o curso do debate pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez:

Que o primeiro punto diga: “Instar ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocar a Comisión de vixilancia da contratación, facilitando aos grupos municipais toda a información necesaria coa antelación suficiente para que poidan cumprir co obxecto da comisión *de acordo co regulamento*.”

*(Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Fidalgo Iglesias, a Presidencia non a somete a votación).*

(No momento da votación está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez. Preside o Pleno a Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a convocatoria da comisión informativa de Control da Contratación e máis a comisión citada no art. 56 do regulamento do Pleno, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.4.- (122).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO A

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO DE SUBMINISTRO  
DE AUGA, REDE DE SUMIDOIROS E SANEAMENTO. EXPTE. 486/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 14 de xuño de 2012, número 486/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte moción:

“Nestes tempos que corren, onde estamos a vivir unha das secas máis acentuadas da historia recente da nosa rexión e que parece podería ter continuidade nos próximos anos, obríganos a ter que tomar medidas e accións que poidan ser paliativas.

Ante esta situación, hai que prever na medida do posible a garantía do abastecemento da auga e polo tanto establecer e implementar actuacións que revertan nun aforro real do líquido elemento.

Neste caso a ordenanza municipal que regula o subministro de auga potable en Vigo podería ser mellorada en aras de acadar un aforro no malgasto da auga e por outra banda un aforro no peto dos contribuíntes, que pasarían pagar por consumo real e non a partir dun mínimo de 30 m<sup>3</sup> ao bimestre.

O sentido común ten que marcar políticas máis efectivas que cobren o consumo por bloques ou tramos, sendo máis cara a auga canta máis cantidade se consuma, primando aos veciños e veciñas que teñan hábitos de consumo máis respectuosos e sostibles co medio ambiente.

Por todo isto, o grupo municipal do Partido Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Someter ao Pleno do Concello a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, coa intención de aforrar no consumo da auga e de que os vigueses e as viguesas paguemos pola auga que consumimos e non a partir do mínimo de 15m<sup>3</sup> mensuais contemplados actualmente.”

Emenda formulada por escrito de data 25 de xuño, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Engadir un segundo punto á moción co seguinte texto:

Segundo.- Esiximos da Xunta de Galicia a eliminación do canon da auga que vai gravar as economías de todos os galegos e galegas.

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sen menosprezar a súa presenza como presidenta do Pleno, entendemos que esta moción merecería a presenza do alcalde da cidade dado que atinxe moi directamente a todos os cidadáns de Vigo.

A moción que presenta a este Pleno o Grupo municipal do Partido Popular non pretende crear confrontación, senón que pola contra pretende debater con argumentacións unha moción estratéxica para o presente e futuro do recibo da auga que pagamos todos os vigueses.

O que quere alcanzar o Partido Popular é o consenso á hora de iniciar o trámite para a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración das augas residuais.

Os antecedentes sitúannos en novembro de 2011, cando se perde a grande oportunidade coa ampliación de cinco anos máis de contrato á concesionaria Aqualia, de modificar o sistema e o prezo do recibo a todos os vigueses.

A decisión do goberno socialista que non contou coa opinión de ningún dos dous grupos da oposición, Partido Popular e BNG, malia as denuncias públicas que advertían do erro que cometían con esta ampliación, privou a todos os vigueses de pagar o recibo da auga que consumen nunhas condicións que seguimos reiteradamente manifestando, unha decisión sentenciada en Xunta de Goberno coa que nos atopamos ás vinte e catro horas da súa realización.

Con esta aprobación perdeuse esa grande oportunidade que Vigo quería acadar: un acordo coa concesionaria que beneficiase aos cidadáns de Vigo única e exclusivamente. Tampouco se entendeu por parte da cidadanía que se ampliase un contrato cando aínda quedaban cinco anos máis para o seu remate. Souo moi mal e espertou moitas sospeitas. Como di o refrán aqueles pos trouxeron estes lodos. Hoxe Vigo mantén un contrato coa concesionaria do servizo que coloca á cidade coma a que cobra a auga aos seus residentes máis cara de Galicia. Será porque a auga é especial e distinta á que utilizan e beben outros concellos de Galicia.

Un artigo do Faro de Vigo do pasado 17 de xuño deste ano ofrece un gráfico co custe mensual da auga nas sete cidades galegas onde a cidade de Vigo bate o récord por seren a cidade onde máis cara se cobra a auga, por riba de Pontevedra, Santiago, Ourense, Lugo, Ferrol e A Coruña. Entendemos que coma o alcalde sempre fala da cidade coma “a máis” tampouco quixo perder outro “máis” que



outorga a Vigo o privilexio de ter a auga máis cara.

Esta estatística, que podería ter remedio de faceren as cousas como Deus manda ao rematar a concesión de Aqualia no ano 2015 e poder optar a ofertas con mellores condicións para quen utilizamos os seus servizos e ben pagamos os seus recibos, trunouse porque o alcalde e o seu goberno en minoría saen beneficiados deste acordo en detrimento dos vigueses.

Explícome, a ampliación do contrato supuxo para o alcalde dispoñer de dezaseis millóns de investimento durante os catro anos de lexislatura aos que hai que sumar 720.000 euros que Aqualia pon a disposición do alcalde para conceder directamente ás entidades que el considere oportuno e baixo o seu único criterio, a modo de subvención directa. É dicir, o beneficioso desta ampliación de contrato cinco anos máis permitirá ao alcalde seguir cambiando beirarrúas e debaixo delas, para salvar o convenio con Aqualia, cambiar as tubaxes do subsolo. Todo un acerto en política de *marketing* pero un atraco aos vigueses e viguesas que viron truncadas as súas esperanzas de pagar o xusto polo recibo da auga.

En Vigo priváronnos de nos concienciar sobre o uso racional dun ben común coma é a auga e priváronnos tamén de subsanar e investir naquelas infraestruturas, saneamento e abastecemento que son necesarias e urxentes, non como di o Partido Popular, senón como din os enxeñeiros e técnicos municipais nos seus informes, advertindo das propostas de renovación de redes de abastecemento e saneamento. Para o Partido Popular e para a maioría dos vigueses as tarifas modernas teñen que aplicarse por bloques, premiando ás persoas que fan uso razoable da auga. O cobramento actual non é xusto para o consumidor porque nin penaliza ao que máis desbalde nin tampouco premia a quen opta por facer un consumo máis responsable.

A PRESIDENCIA: Antes de lle pasa a palabra ao Bloque Nacionalista Galego, como Presidenta do Pleno neste intre e como muller, quero amosar o meu total rexeitamento e reprobación á demostración de falla de respecto que amosou hoxe o Partido Popular ás mulleres: unha vez cuestionando a profesionalidade dunha muller e outra o nivel da persoa que preside o Pleno neste intre que tamén é unha muller. En todo caso non me estraña, na dereita xamais creron na igualdade. O nivel da Presidencia para esta moción ou para calquera outra é o mesmo se a ten o

alcalde ou a tenente de alcalde.

Para fixar a súa posición por parte do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o Sr. Domínguez Olveira.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos votar afirmativamente esta moción por coherencia política cos que sempre foron os postulados neste tema do Bloque Nacionalista Galego. Xa cando o debate das ordenanzas fiscais, o BNG propuxo unha alegación a esas ordenanzas na que solicitábamos do Goberno Local un estudo para a modificación da taxa sobre o abastecemento de auga en relación ao consumo doméstico.

Naquela alegación coído lembrar que o Partido Popular non votou a favor precisamente de que houbera un estudo para que os vigueses e viguesas pagaran efectivamente segundo o que consumiran e non votou tampouco a favor do que dicíamos naquela emenda: que había que favorecer precisamente aos consumos sostibles e que había que penalizar aos consumos economicamente abusivos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego temos claro que neste tema, como nos grandes temas de cidade, si que hai que promover o consenso entre todas as formacións políticas porque é un deber de todos os responsables políticos promover un consumo responsable dun ben tan prezado coma é a auga.

Temos que dicir ao Goberno Local que ao día de hoxe non sabemos absolutamente nada dese estudo e que queremos seguir demandándoo porque dende a aprobación das ordenanzas ata hoxe tempo tiveron de encargarse a alguén ou aos mesmos técnicos da casa ese estudo, igual que se apresuran a encargarse outros estudos coma hoxe mesmo puidemos observar no propio Pleno. Tempo tiveron e nós seguimos demandando ese estudo que nos faga ter unha visión clara do mapa das augas que hoxe temos na nosa cidade para establecer realmente ese consumo razoable e, sobre todo e o máis importante, que os vigueses e viguesas non paguen máis.

Por iso imos apoiar esta moción pero tamén agardamos e queremos que o Partido Popular teña a ben acoller a nosa emenda que o que di é que digamos o mesmo aquí que dicimos en Santiago ou en Madrid. É dicir, o que di a nosa emenda é que de acordo co punto número 1 do Partido Popular, pero queremos esixirlle á Xunta de Galicia que elimine o canon da auga, un canon que vai gravar economicamente

a todos vigueses e viguesas e a todos os galegos e galegas.

Sr. Bernárdez, hai unha gran contradición no que vostede lle pide ao Concello de Vigo, co que estamos de acordo, co que logo se vota no Parlamento Galego por parte da maioría do Partido Popular. Unha Lei de augas que naquel intre o BNG xa denunciou que ía gravar o consumo de milleiros de familias galegas e tamén viguesas, un canon que xustamente entrou en vigor o pasado 22 de xuño, publicado no propio DOG hai uns días, e saibamos todos e todas que este canon é un imposto directo que aplica o goberno do Partido Popular á auga. Auga da que Galicia, como todos sabemos, é excedente. Auga que logo, por mor das políticas dos partidos da dereita e do Partido Popular, se benefician as grandes empresas hidroeléctricas. Por iso queremos financiar ás grandes empresas hidroeléctricas para gravar o consumo dos vigueses e viguesas, dos galegos e galegas.

Un canon que vai facer que a Xunta dos 33 millóns de euros pase recadar 68 millóns de euros, pero eses 35 millóns de euros non van saír das grandes empresas que logo collen os beneficios, nin van saír de empresas ás que se lle conceden prórrogas mal concedidas coma Aqualia e aí si que coincidimos. Van saír dos cartos dos galegos e as galegas e dos vigueses e as viguesas.

De acordo coa súa moción pero demostren tamén, igual que o fai o BNG, a súa coherencia política e apoiem a emenda para que esta Corporación solicite da Xunta de Galicia a derogación ou a non posta en práctica do canon da auga que é un imposto máis do Sr. Feijóo, do Sr. Rajoy, eses que non ían subir os impostos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Grupo Socialista quere manifestar aquí que respectamos a todas as mulleres e todos os homes que compoñen este Pleno, dependendo do seu partido ou organización política.

Sr. Bernárdez, eu non lle vou dicir como o Sr. Alvarez que vostede non se decata ou que non se quere decatar e non vou *engolar* a voz para o dicir porque este grupo é moi respectuoso coa oposición que temos enfronte. Agora si, imos cambiar o talante e voulle agradecer aos señores do Partido Popular que traian esta moción ao Pleno.

Esta fin de semana a prensa de toda Galicia denunciaba a suba do prezo da auga pola Xunta de Galicia do Partido Popular e do Sr. Feijóo. Viamos coma un periódico da Coruña dicía que “O canon da auga encarecerá o 70% dos fogares de Galicia”. A

Xunta do Partido Popular vai encarecer a auga do 70% dos fogares e viamos na prensa de Vigo un periódico que dicía “O novo canon da Xunta do Partido Popular aumentará un 6% o recibo da auga dende o 1 de xullo”.

Isto é o que está a facer a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, do Partido Popular, que vai supoñer que os custes que ten o Concello de Vigo, que neste intre está a pagar polo canon da auga catro millóns de euros, pasará a ter que pagar sete millóns de euros.

Sres. do Partido Popular, sorpréndeme que vostedes non cambiaran este criterio porque este mesmo criterio lévase aplicando neste Concello dende antes do ano 1991. Vostedes gobernaron nesta cidade oito anos dende o ano 1991 e nunca cambiaron o recibo da auga. Vostedes cando están na oposición din unha cousa e cando están no goberno, como na Xunta, vanlle subir a auga ao 70% dos veciños e veciñas de Galicia.

Tamén dixeron que no caso de gobernar non ían cobrar o recibo do lixo, gobernaron catro anos e subiron ese recibo.

Vostede alegaba que o 17 de xuño Faro de Vigo sacaba unha comparativa entre todos os custes do prezo da auga en Galicia e Vigo era a que máis pagaba. Vostede non estaba lendo o periódico porque aquí pon que a que máis paga é Pontevedra e iso seguindo os mesmos criterios porque o resto, que ven publicado e que son as que menos pagan, son porque non teñen outros criterios. Por exemplo, a cidade da Coruña, como vostede sabe, non paga a depuración. Se incluimos o prezo da depuración paga máis que o Concello de Vigo. O que pasa é que vostedes os datos úsanos como queren e non como son en realidade e iso lévalles faltar á verdade ou non dicir toda a verdade.

Ao canon de saneamento da Xunta cámbianlle o nome e a partir do 1 de xullo vanlle chamar “canon da auga”, un canon que vai gravar ao 70% das familias de Galicia e que vai incrementar o 6% a auga na cidade de Vigo. Nese canon a Xunta de Galicia segue o criterio contrario do que está vostede a dicir: di que quen consuma 0 metros cúbicos ou consuma 12 metros cúbicos pagará o mesmo. Dese xeito priman vostedes que se aforre? Están cambiando o criterio dos 15 metros cúbicos en Vigo? Coido que non, coido que están a facer demagogia.

Estes días viamos que o Instituto Nacional de Estatística publicaba os datos do consumo da auga e dicía: “O consumo medio de auga en España é de 149 litros. O

consumo medio en Galicia é de 139 e o consumo medio de auga en Vigo é de 130 litros." Vigo é a cidade que menos auga consume porque o goberno, dirixido por Abel Caballero, non mira ao ceo para que se resolvan as cousas, como fixeron vostedes cando había escaseza de auga nos encoros. Nós actuamos e para que se reduzan catro millóns de metros cúbicos de auga dende que estamos a gobernar, que son os que se necesitan para abastecer a unha poboación de 50.000 habitantes, o que nós fixemos foi automatizar os controis, cambiar os contadores, sectorizar a rede, renovamos o parque de contadores, controlamos os consumos e alertamos á xente que ten altos consumos do que está a acontecer.

A auga é un tema moi serio porque dela depende o futuro de todos nos.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sra. Silva nós e eu particularmente, non cuestiono entre home ou muller; cuestionaba entre tenente de Alcalde e alcalde e era un tema a debater onde tiña que estar presente o alcalde.

*Durante a intervención do Sr. Regades Fernández, se incorpora á sesión o Alcalde-presidente Sr. Caballero Álvarez.*

A PRESIDENCIA: Sr. Bernárdez, onde está ou non está o alcalde decídeo o alcalde. Aínda non o decide vostede.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: O canon non é un capricho, é unha obriga que ven de Bruxelas en aplicación da directiva marco da auga aprobada pola Unión Europea e de forzosa transposición na lexislación estatal e autonómica. O canon da auga substitúe ao canon de saneamento.

Sr. Regades, hoxe non vimos falar do canon, cando queira presente vostede unha moción para falar do canon. Vimos falar desta factura de Aqualia onde un veciño que vive só nunha casa consume sete litros de auga e paga por trinta litros. Esta é a realidade do recibo da auga que pagamos a Aqualia todos os vigueses e é a que nos preocupa no día de hoxe e por iso o Partido Popular presenta esta moción, para que paguemos por consumo real.

O que saben os vigueses é que un consumo mínimo de quince metros cúbicos ao mes é inxusto e non incentiva de ningún xeito o consumo responsable da auga. Os

cidadáns non sacan ningún beneficio da súa boa conduta e incúlcannos a abrir a billa ata consumir todo o que pagamos. Quen ten potestade para fixar as tarifas da auga é o Concello de Vigo e non a empresa concesionaria, polo tanto quen nestes momentos debe marcar o rumbo das tarifas que gravan aos vigueses é o Goberno socialista en minoría que ao parecer non quere, nin lle apetece, nin se lle espera nunha votación afirmativa.

Cambiar a estrutura da tarifa non significa que se teña que desequilibrar o contrato coa concesionaria, trátase de repartir de xeito máis xusto os custos da auga de forma que os que consuman auga de modo máis responsable se vexan recompensados e quen consuma auga irresponsablemente paguen por iso.

Resulta moi estraño a recomendación, case obriga, que sinalaba o interventor municipal no expediente da prórroga da concesión de Aqualia, no sentido de que é necesaria unha auditoría seria e completa ao servizo que se presta xa que o Concello está ás cegas e parece que quere seguir a estalo con respecto á realidade económica da concesión, o que nos fai pensar moi mal ao Partido Popular e aos veciños de Vigo, de que isto do recibo da auga segue a ser moi turbio e nada claro. Non tomar aquí unha postura afirmativa á moción que presentamos no nome da maioría dos vigueses en canto á modificación da ordenanza, fainos seguir a sospeitar. Evidentemente esta factura a día de hoxe estamos a asumila todos os vigueses.

A PRESIDENCIA: En todo caso o recibo será turbio dende sempre porque xa ven da época na que vostedes gobernaban. Aceptan a emenda de engadido presentada polo Grupo municipal do BNG?

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Non se acepta.

*(Ao non seren aceptada a emenda formulada polo Sr. Domínguez Olveira polo relator da moción, Sr. Bernárdez de Dios, a Presidencia non a somete a votación).*

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Bernárdez de Dios, solicitando a modificación da ordenanza fiscal de augas, saneamento e rede de sumidoiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓN URXENTES**

Non se presentaron.

#### **5.-(123).- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

\* ROGO FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á FOLGA DOS SERVIZOS DE CORREOS.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No anterior Pleno, hai xustamente un mes, facíalle un rogo ao Sr. Alcalde para que se puxera en contacto co Ministerio e realizara as xestións oportunas pola grave situación que daquela atravesaba un servizo público tan importante como é o de Correos na nosa cidade.

Pasou un mes e sabemos que a situación agravouse con esta folga dos traballadores e traballadoras do Correos pola negativa da propia Dirección a dar marcha atrás con eses despedimentos na Unidade de Reparto do centro de Vigo que van afectar a trece traballadores e traballadoras.

Diante desta situación pensamos que dende a Corporación debemos volver rogarlle ao alcalde, que é quen a preside, faga todas as xestións oportunas de presión diante do Ministerio para que non se vexa reducido o cadro de persoal de Correos na nosa cidade.

A PRESIDENCIA: Efectivamente, cumprindo aquel mandato, puxémonos en contacto cos reitores de Correos do ámbito do Estado para os efectos de resolver este tema. Non houbo ningunha resposta e o certo é que, ademais das circunstancias laborais, hai unha circunstancia que afecta gravemente ao servizo, de tal xeito que nalgún caso de data límite aos efectos dalgunha solicitude, temos que estar prorrogando as datas límite porque a propia situación fai que non se podan cumprir cos prazos

establecidos.

Polo tanto ten tamén consecuencias laborais, económicas e administrativas e por iso cremos que é imprescindible que esta situación remate.

Daremos resposta ao seu rogo poñéndonos novamente en contacto co Ministerio para os efectos de resolver esta cuestión.

\* ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO A DANOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN ZAMÁNS.

SR. ALONSO PÉREZ: A Asociación veciñal de Zamáns ven demandando unha serie de melloras para a parroquia sen obter resposta por parte do goberno municipal, algunhas delas referidas ao deporte.

No ano 2001, sendo concelleiro de Deportes D. Santiago Domínguez, construíuse ao carón do local social da asociación veciñal, un campo de fútbol que serviu para que os rapaces e rapazas de Zamáns se iniciaran na práctica deportiva. No último mandato, sendo concelleiro eu mesmo, construíronse uns vestiarios para que se cumpriran as esixencias da Federación de Fútbol-Sala e poder entrar en competicións federadas.

Afortunadamente hoxe en Zamáns existen por primeira vez equipos de fútbol-sala masculinos e femininos.

Agora a Asociación veciñal demanda unha serie de melloras nas instalacións que teñen que ver coa seguridade dos rapaces e rapazas. O valado que cobre a instalación construída hai máis de dez anos precisa reparacións; hai unha arqueta levantada onde xa houbo un accidente; hai dúas fontes que non botan auga, etc.

Pregámoslle ao goberno municipal que atenda estes pedimentos de xustiza que a Directiva da Asociación veciñal ven demandando.

A PRESIDENCIA: Agradecemoslle o rogo, Sr. Alonso. Efectivamente chamarémolos, recibirémolos e daremos cumprida conta das súas demandas e dende logo das que vostede formula que son de moi razoable cumprimento.



- \* ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. RELOVA QUINTEIRO, RELATIVO Á SENTENZA XUDICIAL SOBRE A COLECCIÓN MASIDE.

SR. RELOVA QUINTEIRO: O Grupo municipal do Partido Popular roga que se recorra a sentenza xudicial da Colección Maside para gañar tempo e coñeceren o que se pode solucionar neste tema.

A PRESIDENCIA: Sr. Relova, nestas cuestións nós sempre seguimos os consellos da Asesoría Xurídica que neste caso coida perdido este caso e o seu recurso pode dar lugar ao pagamento de costas.

Seguiremos polo tanto o consello e a proposta da Asesoría Xurídica deste Concello.

- \* ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO AO COMENTARIO FEITO SOBRE FALTA DE RESPECTO ÁS MULLERES.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Este é un rogo por alusións xa que se abriu o debate sobre o respecto ás mulleres e díxose que o Partido Popular non as respecta.

Fago este rogo porque me vin ofendida directamente por unha concelleira desta Corporación nunha rolda de prensa, en concreto por D<sup>a</sup> Raquel Díaz quen aludiu a min como “esa chica á que non se lle coñece ningún mérito”.

Probablemente non se me coñeza ningún mérito, claro que non, pero lle prego que me trate como mínimo, como compañeira de Corporación e como concelleira, polo meu nome e apelido.

A PRESIDENCIA: Sra. Egerique, estou absolutamente convencido de que a Sra. Díaz a trata con o respecto que vostede se merece.

## **6.-(124).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

- \* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA.

CENDÓN ALONSO. RELATIVO AO CUMPRIMENTO DO SOLICITADO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO.

SRA. CENDÓN ALONSO: No mes de febreiro reuniuse a Comisión de seguimento de obras do hospital "Álvaro Cunqueiro" á que acudiu o Sr. López Font a quen se lle pediu resposta formal sobre o cumprimento por parte do Concello de Vigo das obrigas do convenio subscrito coa Xunta de Galicia. No mes de marzo vostede, Sr. Alcalde, recibiu unha carta pola que se lle reiteraba unha resposta formal. A pasada semana novamente reuniuse a Comisión e a Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, e segue sen ter resposta ao respecto.

A miña pregunta é: cando se vai dar resposta formal? Porque hai que iniciar as medidas que establece o artigo décimo segundo deste convenio.

A PRESIDENCIA: Xa se lle deu resposta á Comisión.

SRA. CENDÓN ALONSO: Entendemos que é formal a resposta na Comisión? Porque na Comisión a resposta que se deu foi que se trasladaría ao Concello.

A PRESIDENCIA: Cando queira presente unha moción, pero lle teño que dicir que xa se deu resposta na Comisión.

Debo dicirlle algo máis, Sra. Cendón, para que se vaia poñendo ao día: aínda non hai un pedimento formal a este Concello.

Sra. Cendón, presente urxentemente unha moción e xa verá que rápido arranxamos.

Precisamente ademais o día no que coñecemos que hai oito millóns de sobre custo na estrutura do hospital, é un momento magnífico para pedir que os pague o Concello de Vigo en troques da Consellería.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña

sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.